



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Número 606
11 de febreiro de 2020



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia

Emendas á totalidade de devolución:

- Do G. P. Mixto (doc. núm. 62807) [200718](#)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 62817) [200724](#)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 62854) [200728](#)
- Do G. P. Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 62893) [200739](#)

■ Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia

Emendas á totalidade de devolución:

- Do G. P. Mixto (doc. núm. 62808) [200745](#)
- Do G. P. Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 62832) [200749](#)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 62857) [200754](#)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 62881) [200764](#)

■ Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia (10/PL-000021)

Emendas ao articulado:

- Do G. P. Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 63316) [200767](#)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 63370) [200781](#)
- Do G. P. Mixto (doc. núm. 63371) [200816](#)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 63372) [200822](#)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 63373) [200845](#)



1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 62402 (10/PNC-004971)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das colaboracións económicas e convenios entre a Xunta de Galicia e a fundación privada Cipri Gomes

[200714](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 57781 (10/PNC-004607)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e tres deputados/as máis

Sobre o impulso polo Goberno galego das modificacións necesarias nas figuras impositivas nas que ten competencias normativas co fin de protexer a capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero que tributan en Galicia

[200714](#)

I 60228 (10/PNC-004822)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e Casal Vidal, Francisco

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan estratéxico para a converxencia de Galicia coa media española en investimento intanxible sobre o produto interior bruto nos próximos catro anos

[200715](#)

I 62199 (10/PNC-004957)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Torregrosa Sañudo, Julia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da ralentización que presenta o ritmo de crecemento da economía de Galicia, no terceiro trimestre de 2019, en relación co conxunto da economía española

[200715](#)

I 62246 (10/PNC-004960)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Torregrosa Sañudo, Julia e tres deputados/as máis

Sobre as modificacións que debe impulsar o Goberno galego na Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, para posibilitar a aplicación polos concellos da recarga do IBI sobre vivendas baleiras previsto na normativa reguladora das facendas locais co fin de estimular o mercado da vivenda en alugamento

[200715](#)



1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario**1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia**

Propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2018

93 propostas de resolución:

- 7 propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 63144) [200858](#)
- 25 propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 63140). [200861](#)
- 21 propostas de resolución do G. P. Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 63134) [200868](#)
- 15 propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 63150) [200875](#)
- 25 propostas de resolución do G. P. Mixto (doc. núm. 63101) [200883](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos**1.5.1. De ámbito autonómico galego****1.5.1.2. Consello de Contas****1.5.1.2.3. Memoria de actividades**

Recomendacións presentadas polos grupos parlamentarios á Memoria anual de actividades de 2018

81 recomendacións:

- 1 recomendación do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 63143). [200898](#)
- 19 recomendacións do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 63139). [200899](#)
- 27 recomendacións do G. P. Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 63133). [200904](#)
- 25 recomendacións do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 63148). [200913](#)
- 9 recomendacións do G. P. Mixto (doc. núm. 63152). [200922](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos****2.2.6. Composición da Mesa das comisións****Elección de vicepresidenta da Mesa da Comisión****COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**

Elección da vicepresidenta da Mesa da Comisión

■ (10/CEEM-000052)

Dona Marta Nóvoa Iglesias (G. P. Popular de Galicia)

[200717](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

A Mesa da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do día 10 de febreiro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade de devolución:

- Do G. P. Mixto (doc. núm. 62807)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 62817)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 62854)
- Do G. P. Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 62893)

Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade de devolución:

- Do G. P. Mixto (doc. núm. 62808)
- Do G. P. Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 62832)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 62857)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 62881)

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia (10/PL-000021)

Examinados os cinco escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa cualificación co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

- Do G. P. Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 63316)



- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 63370)
- Do G. P. Mixto (doc. núm. 63371)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 63372)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 63373).

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 7 de febreiro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 62402 (10/PNC-004971)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das colaboracións económicas e convenios entre a Xunta de Galicia e a fundación privada Cipri Gomes

BOPG nº 599, do 29.01.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento acorda instar a Xunta de Galicia a remitir ao Parlamento Galego no prazo máximo de 15 días toda a documentación referente a todas e cada una das axudas, subvencións ou convenios de colaboración entre as diversas consellarías e organismos desta administración e a Fundación Cipri Gomes desde o ano 2010.»

Rexeitamento da iniciativa

- 57781 (10/PNC-004607)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e tres deputados/as máis



Sobre o impulso polo Goberno galego das modificacións necesarias nas figuras impositivas nas que ten competencias normativas co fin de protexer a capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero que tributan en Galicia

BOPG nº 552, do 23.10.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 60228 (10/PNC-004822)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e Casal Vidal, Francisco

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan estratéxico para a converxencia de Galicia coa media española en investimento intanxible sobre o produto interior bruto nos próximos catro anos

BOPG nº 584, do 07.01.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 62199 (10/PNC-004957)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Torregrosa Sañudo, Julia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da ralentización que presenta o ritmo de crecemento da economía de Galicia, no terceiro trimestre de 2019, en relación co conxunto da economía española

BOPG nº 599, do 29.01.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 62246 (10/PNC-004960)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Torregrosa Sañudo, Julia e tres deputados/as máis

Sobre as modificacións que debe impulsar o Goberno galego na Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, para posibilitar a aplicación polos concellos da recarga do IBI sobre vivendas baleiras previsto na normativa reguladora das facendas locais co fin de estimular o mercado da vivenda en alugamento

BOPG nº 599, do 29.01.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2020

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia

Propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2018



De conformidade co disposto no artigo 65 do Regulamento do Parlamento de Galicia e no artigo 8 e concordantes das Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia (BOPG núm. 400, do 30 de abril de 1993), ordénase a publicación das propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2018.

- 7 propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 63144).
- 25 propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 63140).
- 21 propostas de resolución do G. P. Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 63134).
- 15 propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 63150).
- 25 propostas de resolución do G. P. Mixto (doc. núm. 63101).

Total: 93 propostas de resolución.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.2. Consello de Contas

1.5.1.2.3. Memoria de actividades

Recomendacións presentadas polos grupos parlamentarios á Memoria anual de actividades de 2018

De conformidade co disposto no artigo 65 do Regulamento do Parlamento de Galicia e no artigo 7 e concordantes das Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia (BOPG núm. 400, do 30 de abril de 1993), ordénase a publicación das recomendacións presentadas polos grupos parlamentarios á Memoria anual de actividades de 2018.

- 1 recomendación do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 63143).
- 19 recomendacións do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 63139).
- 27 recomendacións do G. P. Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 63133).
- 25 recomendacións do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 63148).
- 9 recomendacións do G. P. Mixto (doc. núm. 63152).

Total: 81 recomendacións.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2020.
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.6. Composición da Mesa das comisións

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Elección de vicepresidenta da Mesa da Comisión

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 7 de febreiro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

Elección da vicepresidenta da Mesa da Comisión
- (10/CEEM-000052)
Dona Marta Nóvoa Iglesias (G. P. Popular de Galicia)

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2020
Eva Solla Fernández
Vicepresidenta 2ª



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade con solicitude de devolución**, ao **Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia, doc. núm. 60275 (10/PL-000022)** en base ás seguintes consideracións:

Establecen as directivas europeas de reciclaxe de residuos os seguintes obxectivos para os residuos municipais, que é onde se recollen entre o 7% e o 10% dos residuos totais xerados na UE.

O Plan Estatal Marco de Residuos ou PEMAR, 2016-2022, aprobado o 16 de novembro de 2015, e con vixencia desde o 01-01-2016 ata o 31-12-2022, orienta a política de residuos e entre as medidas contempla a necesidade de reciclar a metade de todos os residuos urbanos así como reducir os vertidos municipais ao 35% para o ano 2016, obxectivo que no caso de Galicia non se cumpriu.

Os datos de Eurostat sinalaban que no ano 2017 o 54% de todo o lixo municipal inda se mandou aos vertedoiros.

Cada persoa en Europa, xera de media uns 500 quilos ao ano dos que só se reciclan un 40%.

En Galicia, só se recicla o 14,8% dos residuos que se xeran, segundo datos do INE. Dos residuos só se separan 168.301 toneladas do conxunto de 1.118.999 toneladas de residuos recollidas no ano 2017 que son os datos máis recentes.



Estando pois moi lonxe dos obxectivos marcados pola UE presentamos a seguinte proposta de devolución baseada nas seguintes apreciacións:

I.- As modificacións das Directivas marco de residuos, vehículos fora de uso, aparellos eléctricos e electrónicos, pilas e acumuladores e relativas ao vertido de residuos do ano 2018 poden implicar que toda esta lei quede desfasada, antes de entrar en vigor, debido á modificación operada en diversas directivas, entre elas as seguintes:

- Directiva UE 2018/849 que modifica a Directiva 200/53/CE sobre os vehículos ao final da súa vida útil,
- Directiva 2006/66/CE sobre pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores,
- Directiva 2012/19/UE sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos,
- Directiva 2018/851 que modifica a Directiva 2008/98 sobre residuos,
- Directiva 2018/850 que modifica a Directiva 1999/31/CE sobre vertido de residuos,
- Directiva 2018/852 que modifica a Directiva 1999/31/CE sobre envases e residuos de envases
- Directiva 2019/904 sobre a redución do impacto de determinados produtos de plástico no medio ambiente.

Estas, á súa vez, incidirán na normativa Marco, á que modifican, a Directiva 2008/98/CE Marco de Residuos.

II. Recolle o proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia unha referencia á Constitución que no seu artigo 45 detalla a competencia exclusiva na lexislación base sobre a protección do medio ambiente.



O noso Estatuto recolle as competencias en xeral das normas adicionais sobre protección do medio ambiente e paisaxe nos termos do artigo 149.1.23, no artigo 27.30 e por tanto esta normativa terá que ser respectuosa coa lexislación estatal que terá que respectar e traspoñer toda a normativa europea como máximo antes do 5 de xullo de 2020, entre elas, á lei 22/2011 de residuos e solos contaminados, de ámbito estatal que constitúe a lexislación básica neste eido.

Haberá que estar atentos e procurar o cumprimento dos obxectivos que marca a normativa europea para que non se sigan a impor as multas coercitivas polo incumprimento das mesmas, e que repercuten na débeda total que temos que pagar toda a cidadanía, algo que non se blinda nesta lei. España segue a encabezar os países da UE no que a contaminación medioambiental se refire. Dubidoso podio, no que o noso país non cumpre nin a media de reciclaxe de lixo que se precisaba para o ano 2019, en canto á reciclaxe de lixo municipal, nin reciclaxe por separado.

Entre outros destacan os incumprimentos reiterados que afectan a depuración das augas, por incumprimento da Directiva 91/271, e nos que o Estado foi condenado porque 17 aglomeracións incumprían a normativa, de tratamento da depuración das augas residuais a través de sistemas colectores ou estes eran insuficientes, entre elas nas cidades de Vigo e Santiago de Compostela, polos que se paga unha multa semestral coercitiva por prexudicar ao medio ambiente de 21.900.000 euros anuais e 12.000.000 de euros de tanto alzado. 18 anos tardou o noso Estado en cumprir os artigos 2 e 3 da Directiva 91/271.

Outras cidades nas que non se cumpría a normativa era Ribeira, Carreira, Aguiño, Pontevedra, Poio, Marín e Bueu, estas por afectación a augas en zonas sensibles, que saíron da lista de zonas urbanas incumpridoras, xa que contan con colectores de tratamento de augas residuais urbanas. Inda así, seguimos pagando a tardanza na transposición das Directivas ou a transposición incorrecta.



III.- Por outra banda, é necesario ter en conta os intereses dos axentes implicados aos que lles vai afectar esta normativa, dando lugar a unhas leis consensuadas e harmonizadas en consonancia cos prazos e obxectivos que marca a lexislación europea, que desenvolvan a economía circular. Así, con esa harmonización contribúese a que non existan diferencias entre os xestores de residuos que dean vantaxes a uns sobre outros ou que contribúan ao enriquecemento inxusto polo ámbito de actuación en diferentes comunidades, o que pode dar lugar a diferencias segundas os ámbitos de actuación, así como ao incumprimento nos obxectivos finalmente marcados.

Isto, por canto a xeración de determinados residuos como os plásticos contan con imbricacións máis amplas das que en principio podemos ver: así, a industria do plástico é vital no noso país debido ao seu uso nos barcos, na fabricación de vehículos, etc., á que lle vai afectar a Directiva 2019/904 sobre a redución do impacto de determinados produtos de plástico no medio ambiente e o Plan de acción para a economía circular. É vital actuar e potenciar o emprego de materiais que sexan respectuosos co medio ambiente así como a investigación doutros que suplan ou xurdan a partir destes e novas configuracións no campo do I+D+i.

Por tanto, débese ter en conta a opinión dos sectores aos que lles vai afectar a normativa que se trata de aplicar, e facer unha adecuación e progresividade real que permita a transformación destas materias máis contaminantes noutras que o sexan menos, e ademais, os que por necesidade se sigan a fabricar se integren na economía circular, algo que nesta lei non se fai, xa que só se contemplan algúns dos mandatos que recollen estas directivas.

Ademais, os operadores inda están adaptándose a diferentes aspectos das recen estreadas Lei 2/2016 do solo de Galicia, e a normativa inferior, co que esta lei de



residuos e chans contaminados chegará antes da transposicións da normativa europea, que quedará unha vez máis desfasada.

IV.- Esta lei de residuos e solos contaminados, que modifica tamén no que respecta á lei de solo, non se debateu debidamente, inda que si que cumpriu os requisitos marcados na lei de transparencia e bo goberno, non recolle, porque non pode facelo, as innovacións que xa marca o plan de acción da economía circular e do informe presentado pola Comisión Europea de dito plan. Por tanto, que se recollan os obxectivos que marca a UE non significa que se vaian cumprir por tanto, converterase en papel mollado.

V.- Ademais, esta lei volve a descargar nas entidades locais o traballo de reciclaxe pois son os encargados do tratamento dos biorresiduos que terán que recollese separadamente antes do 31/12/2023, ademais dos residuos téxtiles e perigosos de orixe doméstica que terán que establecerse antes do 1 de xaneiro de 2025 e sen prexuízo das alteracións que a normativa impoña en canto a prazos, o que semella aventurado xa que os prazos que se mencionan na propia lei para o ano 2020 xa non se cumprirán.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia e solicita a súa devolución.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.





Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 31/01/2020 10:27:36

Luis Villares Naveira na data 31/01/2020 10:27:49



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista** presenta, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, **emenda a totalidade** ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia e, polo tanto, solicita que sexa devolto ao Goberno e se proceda á súa reformulación, sobre a base das seguintes consideracións:

1. Vivimos nunha situación de emerxencia climática, o maior desafío da nosa época que precisa dun novo *modus vivendi*, un novo pacto social apoiado na loita contra a desigualdade, un novo modelo económico baseado na sustentabilidade e o establecemento dun marco normativo que inclúa a todos os sectores clave. A memoria xustificativa deste proxecto de lei (de data do 15 de febreiro de 2019) resulta pouco concreta, xa que logo non dá datos relativos á situación do problema dos residuos en Galicia, que bastante teñen a ver coa crise climática. Moita literatura xeral, pero ningunha concreción, ningún estudo sobre a situación real de Galicia.
2. Case dous anos para traer á Cámara este proxecto de lei (xa fora anunciado pola anterior conselleira de Medio Ambiente en sesión plenaria do 22 de maio de 2018) e con dous prazos de exposición pública: o primeiro en febreiro de 2019 e o segundo en marzo daquel mesmo ano, con alegacións das que non se ten constancia. Tan pouca importancia lle deu o Goberno galego ao problema dos residuos que, no programa electoral do Partido Popular, falábase de que se regularía nunha nova norma, con rango de lei ou sen dito rango.
3. Este proxecto de lei pretende derrogar, máis de 11 anos despois da súa entrada en vigor, a Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia, á que o Grupo Popular se opuxera mediante unha emenda á totalidade porque aquela lei era malísima, mais case durou 12 anos. Curiosamente, este afán reformista xorde agora, coa lexislatura a piques de rematar para xustificar in extremis o fracaso normativo do Goberno galego. E pode que moi cedo non vala para nada, posto que está pendente de se traspoñer ao dereito español as recentes modificacións nas distintas directivas de residuos. Polo tanto, deberíase evitar agora -case 11 anos despois do Goberno do PP- unha lei que, en pouco tempo, pode quedar desfasada, agardando mellor á transposición da normativa da UE. A futura lei de residuos e solos contaminantes de Galicia debe estar aliñada coas políticas



européas, cando menos facer referencia algunha. Todo por motivos de maior simplicidade e seguridade xurídica.

4. Nada novidoso se aporta ao conxunto lexislativo xa existente, limítase case exclusivamente a se remitir a leis estatais (que pronto van mudar). Non se aborda ningunha previsión concreta sobre como levar a cabo o necesario proceso para a reformulación da actual de planificación de residuos, con formulacións demasiado xenéricas e moito menos concretas que na actual normativa do ano 2008.

5. Ningún artigo regula os biorresiduos e nunca se cita a norma da obriga do cumprimento das normas de compostabilidade: UNE EN 13.432 e UNE EN 14.995.

6. Estamos diante dunha lei que, de seguro, provocará inseguridade xurídica, como cando fala de conceptos indeterminados que se deberían desbotar nunha lei, tales como “mellores técnicas dispoñibles” ou “tecnicamente inviables”.

7. E que regula de Sogama, S.A? Segundo os últimos datos do INE correspondentes ao ano 2017, en Galicia só se recolle de forma separada o 15 % dos residuos municipais, unha porcentaxe case 4 puntos por debaixo da media española (19 %) e, a maiores, as cifras galegas de recollida separada mantéñense practicamente estancadas dende hai anos, mesmo cunha tendencia a descender (de 15,79 % en 2010 a 15,04 % en 2017). E cunhas 186.000 toneladas vertidas en 2018 no vertedoiro da Areosa (un 22% do total). Cifras que están moi lonxe dos obxectivos da normativa da UE e que, non obstante, este proxecto de lei nada di.

8. Este proxecto de lei non establece ningún tipo de medidas fiscais nin económicas en materia de residuos para promover a diminución da xeración de residuos e fomentar a recollida separada.

9. Estamos diante dun proxecto de lei moi pouco ambicioso en relación á xestión dos plásticos: só un conciso artigo regula as bolsas de plástico e a comercialización de obxectos de plástico na restauración alimentaria, mais abre a porta ao seu uso no precepto seguinte, relativo ao desperdicio alimentario.



Nada se di de involucrar á industria e aos principais actores mediante foros e mecanismos de colaboración durante todo o proceso relativo á estratexia de plásticos.

Nin unha soa referencia á Directiva UE 2019/904, que afecta a produtos plásticos dun só uso e a artes de pesca. Na actualidade, a dita norma se atopa en proceso de transposición polos Estados membros e á espera da publicación de guías sobre definicións claves por parte da Comisión e que será publicada en xuño deste ano 2020. Tampouco unha soa referencia aos residuos mariños.

Nin unha soa referencia á obriga de recollida de residuos con bolsas compostables nin á posible complementariedade do sistema de depósito, devolución e retorno de envases coa fin de reducir tanto a entrada de materiais como a produción de refugallos virxes, potenciando así a reutilización de residuos.

10. Vulnera o Decreto legislativo de Igualdade 2/2015, de Galicia: o propio informe de impacto de xénero do proxecto de lei (bastante amplo) semella querer indicar a falla de perspectiva de xénero. A maiores, a “Comisión de coordinación de residuos” non recolle a composición equilibrada de mulleres e homes.

11. O desenvolvemento regulamentario da futura lei (varias veces se remite a el o texto) non ten prazo algún para a súa aprobación polo Goberno da Xunta de Galicia.

12. O ditame do Consello Económico e Social de Galicia, nas súas consideracións xerais, critica tamén este proxecto de lei: Falla de medidas reais para a educación e formación medioambiental, falla de coordinación con outras comunidades autónomas, financiamento insuficiente dos concellos ao respecto, pouca ambición nas obrigas da administración de garantir o acceso a información recollida e elaborada por parte do Goberno galego e de facilitar a participación na planificación en materia de residuos.

13. E que recolle para os concellos? Nada máis que a previsión dunha xestión dos residuos que pode resultar pouco acorde coas competencias municipais, sen prever a necesaria coordinación interadministrativa nin os mecanismos necesarios para acadar un financiamento suficiente. Ao tempo, non posibilita aos concellos para acometer e aprobar os seus propios plans municipais de residuos, só



establece a posibilidade de realizar “programas”, en contraste coa actual normativa que si os define (e con certa amplitude).

14. Respecto do procedemento sancionador, dúas cousas chaman poderosamente a atención: rebáixase o importe das sancións moi graves e non se ten incluído unha DA que autorice á Xunta de Galicia a modificar, anualmente, o importe das sancións con arranxo á variación anual do IPC ou índice que o substitúa.

15. Por último, o documento da Memoria Económica-Financeira di que a aplicación da futura lei non implica un incremento do gasto público. Resulta evidente que, se cos recursos dispoñibles non se acadan os obxectivos previstos pola anterior normativa, sen establecer partidas orzamentarias novas serán imposibles os establecidos neste proxecto de lei. Máis cando nestes últimos anos se evidencia a falla de xestión por parte do Goberno: entre os exercicios 2009 e 2018 (con 231 millóns de euros presupostados), deixáronse de executar 78 millóns, unha terceira parte do total. E non parece que en relación ao ano 2019 vaia mellorar substancialmente o grado de realización, pois no terceiro trimestre levábase executado a metade do orzamento.

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2020

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/01/2020 10:23:35





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia [10/PL-000022 (doc. núm. 60275)], en base ás seguintes consideracións:

Existen razóns de forma e de fondo para solicitar a devolución ao goberno do proxecto de lei, e a tramitación dun novo texto que teña en conta o marco normativo, as demandas da sociedade, as necesidades dun tempo de grandes esixencias ambientais, e que sexa resultado dun amplo proceso de información e participación social.

A seguir desenvólvense os criterios que xustifican a emenda de totalidade.

1. Oportunidade

Non ten sentido aprobar unha norma destas características cando está en pleno proceso de transposición a Directiva Europea de Residuos (Directiva 2018/851, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre os residuos), o que vai provocar importantes modificacións normativas en relación coa prevención e a xestión de todos os tipos de residuos. De feito, o propio Ministerio para a Transición Ecolóxica sinala a necesidade de transposición da antedita Directiva “ e formula a posibilidade da elaboración dunha nova norma estatal de carácter básico en materia de residuos, mediante a cal se aproveite tamén para aclarar ou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

modificar aqueles aspectos da actual lei básica na materia (Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados), que tras estes anos de experiencia evidénciase que precisa dunha revisión.

Porén, no caso de aprobarse agora esta lei, necesariamente vai ter que ser modificada nun prazo moi breve de tempo, polo que sería desexábel suspender a tramitación, abrir un amplo proceso de diálogo institucional e de participación social, e aprobar a nova lei galega acompañadamente coa citada transposición. Cómpre ter en conta que o proxecto toma como referencia a lei estatal de residuos de 2011, que en moitos aspectos copia literalmente, cando está en avanzado estado de tramitación unha nova norma estatal que vai modificar de maneira substancial moitas das súas determinacións.

Aínda que poida parecer que esta suspensión poida supoñer un retraso, hai que facer da necesidade virtude: por unha parte evitárase a mudanza inmediata dunha lei aprobada e a conseguinte perda de tempo, e, por outra, este período de tempo pode ser unha ocasión perfecta para abrir un proceso participativo e polo tanto informativo, formativo e de sensibilización social, sobre os obxectivos da norma e os desafíos que ten a sociedade galega en materia de residuos.

2. Cambio de modelo

Este proxecto que agora aquí presentan trata de agochar á desesperada a grande mentira propagandística que ten orquestrada a Xunta do PP dende fai uns anos, e que precisamente é a necesidade de adaptar a nova Directiva a que a destapa, e que non é outra que o seu insustentábel modelo SOGAMA, un modelo que fai imposíbel que se poida aplicar o que se transpón da Directiva.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante isto, o novo texto legal ten que ser a oportunidade para un verdadeiro cambio de modelo, que vaia máis alá da retórica e das boas intencións. De nada vale invocar a “economía circular” e a “loita contra o cambio climático” cando o modelo económico, de produción e de consumo avanza na dirección contraria, a do dispendio de materiais primas e de recursos. Non chega con invocar o verde, o sustentábel, o circular: hai que romper moitas inercias e poñer en cuestión solucións que naceron para outros tempos de menos esixencias sociais e ambientais.

O certo é que no proxecto fálase da coherencia da política de residuos coa estratexia do cambio climático e da economía circular, mais a realidade é que tanto o sistema actual como o que propón o texto en moitos aspectos vai en sentido contrario e para nada sustentábel. Cómpre pois cuestionar todo, procurar solucións “autóctonas”, propostas innovadoras, que teñan en conta a realidade do país, o marco competencial e as necesidades presentes e futuras da nosa sociedade.

3. Principios da política de residuos

O proxecto ignora, relativiza ou minimiza principios básicos da lexislación e das políticas máis avanzadas nesta materia: o principio de proximidade e de autosuficiencia, e o principio de precaución, e o dunha responsabilidade compartida.

-Proximidade e autosuficiencia: principios que establecen que os residuos deben ser tratados *in situ*, de xeito que se evite ou se minimize o seu traslado; a expresión ideal deste principio é a política do “km cero”. Supón que se debe





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

optar por sistemas descentralizados, que minimicen o transporte e os custos do tratamento, e que maximicen o aproveitamento nunha escala razoábel e a circularidade real.

-Principio de precaución, segundo o cal os sistemas de xestión e tratamento dos distintos tipos de residuos deben minimizar os riscos para a saúde e o ambiente.

- Principio de responsabilidade compartida, onde se faga participe e se impliquen mecanismos coordinados entre tódolos axentes implicados na cadea de xestión (dende a concepción do produto ao tratamento final do residuo).

4. Xerarquía de residuos

O proxecto de lei non respecta a xerarquía de residuos. En primeiro lugar porque non lle dá a importancia que require á prevención, entendida como o conxunto de medidas adoptadas nas fases de concepción, deseño, produción, distribución e consumo dos materiais co obxectivo de reducir a cantidade de residuo e os efectos adversos sobre a saúde e o ambiente. Ao mesmo tempo, a prevención ten importantes repercusións no uso dos materiais e da enerxía, polo que se deberían priorizar e concretar no proxecto as medidas económicas e fiscais de fomento da prevención da xeración de residuos.

En segundo termo porque prevé a posibilidade de alterar a xerarquía de residuos, que se ben supón a traslación do previsto na normativa estatal, establece excepcións que poden ser un auténtico coadeiro para mudar as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prioridades. Unha excepción que está detrás de garantir o “alimentar” os fornos da incineradora de SOGAMA.

5. Obxectivos e medidas para levalos a cabo

Este apartado debe ser obxecto dunha revisión completa. Por unha parte, o texto establece obxectivos para o ano 2020, moitos deles irrealizábeis tendo en conta que a lei vai entrar en vigor xa avanzado o ano. A este respecto cabe sinalar que o sistema establecido nos plans en vigor non vai permitir cumprir os obxectivos fixados para 2020 pola normativa estatal e europea. O cal leva ás seguintes conclusións:

- en Galiza optouse por un sistema fracasado e obsoleto, que ten uns resultados moi pobres en canto aos obxectivos de prevención e de preparación para a reutilización, que é moi custoso e que ten elevados impactos na saúde e no medio;
- o proxecto de lei é a oportunidade para mudar o rumbo e cambiar de raíz a política de residuos, apostando decididamente pola prevención, pola autosuficiencia, pola corresponsabilidade.

Por outra parte, o cumprimento dos obxectivos cuantitativos futuros debería ser máis ambicioso e estar vinculado a un novo sistema que aposte decididamente por:

- A implantación do sistema de depósito, devolución e retorno para os envases, na liña do establecido na Directiva Marco de Residuos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-O tratamento dos biorresiduos priorizando a compostaxe doméstica e comunitaria, así como plantas locais/comarcais, para tratar con criterios de autosuficiencia e proximidade unha fracción que actualmente constitúe máis do 50% dos residuos municipais (sen ter en conta os que se recollen separadamente). Este tratamento debe desenvolverse con criterios de máxima calidade técnica, especialización, formación e corresponsabilidade. O proxecto de lei debe introducir tamén a consideración da compostaxe doméstica e comunitaria como operacións de prevención e non só de reciclaxe.

Este novo sistema choca radicalmente co actual de SOGAMA, que optou por unha fuxida cara adiante mediante un macrocontrato para tratar de maneira centralizada todos os residuos sólidos urbanos producidos anualmente en Galiza, máis de 1 millóns de toneladas, que nunha lóxica de redución deberían ser menos no futuro. Por outra parte, SOGAMA ten unhas porcentaxes de reciclaxe moi baixas, que non chegan ao 5%, e unha previsión de multiplicala por tres coa ampliación das instalacións. E por se isto non fose abondo, responde a unha lóxica economicista (negocio da produción da enerxía) e non ambiental: xera inxentes cantidades de residuos sólidos con destino a vertedoiro, e produce toneladas de gases de efecto invernadoiro no proceso de transporte e de incineración. Unha lóxica aberrante e perversa, que contradí os criterios da economía circular e da loita contra o cambio climático.

7. Residuos industriais





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O proxecto non resolve axeitadamente os problemas de xestión e tratamento dos residuos industriais, especialmente no relativo a:

- erradicación das malas prácticas na xestión dos residuos inertes, en particular os de construción e demolición, especialmente no referido á proliferación de vertedoiros en ocos de canteiras, camuflados como plantas de tratamento ou como operacións de valorización sen as garantías ambientais, máis cando se lle dá o control absoluto das autorizacións ao departamento de minas da Xunta de Galiza;
- os problemas asociados á xestión dos rexeites de plantas de tratamento de lixo, e dos lodos e outros residuos de depuradoras, conserveiras e instalacións industriais, tanto no que ten que ver co uso como emendas orgánicas e fertilizantes como co depósito en vertedoiros sen ningún tipo de control;
- as excepcións establecidas para o tratamento de residuos agrícolas e o seu uso como fertilizantes e emendas orgánicas ;
- os problemas relacionados coa creación e aplicación de tecnosolos;
- os problemas relacionados co emprazamento das plantas de tratamento de residuos industriais, e a necesidade de establecer por lei criterios claros para a súa ubicación en espazos acondicionados e dotados urbanisticamente para iso, minimizando os riscos para a saúde e o ambiente e a seguridade ante accidentes.

8. Medidas de fomento e Fiscalidade ambiental





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O texto límitase a copiar a norma estatal. Carece pois de medidas valentes de incentivo ou penalización con criterios ambientais como:

- Medidas de estímulo da prevención e das accións de preparación para a reutilización e a reciclaxe.
- Medidas económicas e fiscais de desincentivación do sobreenvasado.
- Valoración do uso de materiais reciclados na contratación pública, tanto na obra pública como no subministro de bens e servizos.
- Fomento e fiscalidade favorábel para a reciclaxe e reintrodución no mercado de materiais de construción e demolición.
- Canon á incineración e ao vertido.

9. Formación, sensibilización, participación e corresponsabilidade

O proxecto de lei non resolve axeitadamente cuestións fundamentais para a boa xestión dos residuos como son:

- Programas de formación e sensibilización para todo o ciclo dos materiais, dos produtos e dos residuos, que vaian máis alá de simples campañas e que se insiran nunha auténtica Estratexia de educación ambiental.
- Propostas de novas titulacións e especializacións en materia de prevención e xestión de residuos, nomeadamente no ámbito da compostaxe.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Máis alá da consideración reducionista da participación como un procedemento regrado de consulta e presentación de suxestións, cómpre desenvolver e recoller na lexislación a idea da participación como un proceso relativo a todas as fases da vida dos materiais e da xestión dos residuos, que debe implicar de maneira horizontal e de abaixo arriba a amplos sectores da poboación, para potenciar o compromiso e a corresponsabilidade en todas as políticas ambientais e nomeadamente na xestión eficiente e sustentábel dos recursos naturais e dos residuos.

10. Información

Co obxectivo de conseguir os máximos niveis de transparencia á xestión dos residuos, a norma debería recoller un sistema público de indicadores para comprobar o cumprimento dos obxectivos nos diversos tipos de residuos e nos obxectivos relacionados coa prevención, recollida selectiva, reciclaxe, compostaxe, tratamento de residuos industriais.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG considera que estamos ante unha norma contraditoria e que nace xa obsoleta. Máis preocupada por tratar de desviar a atención do fracaso do modelo SOGAMA (valorizadora ou, máis ben, devoradora dos residuos que Europa manda reaproveitar) e das súas políticas do todo vale cos residuos industriais (lodos, balsas contaminantes, vertedoiros encubertos en canteiras) que dotarnos de solucións de presente e futuro. Por unha parte é incoherente coas esixencias ambientais e de loita contra o cambio climático xa que aposta por un sistema do pasado, centralizado, moi custoso en termos económicos e ambientais, e que falta a unha verdadeira





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aspiración de economía circular real. Por outra, o proxecto adoecer de obsolescencia programada, porque cando entre en vigor xa quedará superado pola realidade e por importantes mudanzas normativas que se van concretar nos vindeiros meses. En resumo, que aínda non naceu e xa ficou vella.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula esta emenda de totalidade ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia, solicitando a devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2020 13:44:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2020 13:44:42



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Totalidade coa expresa petición de devolución** ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia [(10/PL-000022), doc. núm. 60275.].

Exposición de Motivos:

O Proxecto de lei que se presenta nace co propósito obstinado de consolidar un modelo de xestión de residuos, o modelo SOGAMA, en auténtica situación de colapso. Un modelo altamente contaminante baseado na incineración e nunha xestión excesivamente centralizada, responsables duns inadmisibles niveis de emisión de gases contaminantes; un modelo incapaz de dar resposta eficaz ao tratamento dos residuos e cuxa nefasta consecuencia se traduce na proliferación de grandes vertedoiros polo territorio galego.

En definitiva este proxecto de lei consolida a catástrofe do modelo SOGAMA, o que a día de hoxe xa se converteu nunha das principais problemáticas medioambientais do noso país.

A continuación preséntanse os principais motivos que levan ao Grupo Común da Esquerda a rexeitar este proxecto de lei e pedir a súa devolución:



-Primeiro:

A necesidade de adaptar as directrices europeas á lexislación galega motivan a actividade lexislativa en materia de residuos, mais poñen en manifesta evidencia a necesidade de mudar o modelo SOGAMA.

Cumprir coas directrices europeas no marco da economía circular debe ser o obxectivo de todo proxecto de lei de residuos e solos contaminados. Ditos obxectivos marcan para o presente ano 2020 porcentaxes de reciclaxe do 50%, namentres que en SOGAMA estanse a dar ridículas cifras de reciclaxe que xiran entorno ao 3%. Isto supón unha auténtica burla á cidadanía e a rotunda constatación do incumprimento dos obxectivos fixados neste proxecto de lei.

Por todo isto, un proxecto de lei que incide no modelo SOGAMA é un marco inútil para a adaptación das directrices europeas en materia de xestión de residuos.

-Segundo:

Os principios da economía circular apuntan á descentralización e á proximidade como elementos fundamentais á hora de elaborar un marco normativo óptimo de xestión de residuos. Segundo as premisas da economía circular, os residuos deben ser tratados de xeito preferente nas proximidades de onde foi xerado, adaptando o tratamento á organización territorial dos núcleos produtores.

A incidencia deste proxecto de lei no fallido modelo SOGAMA, baseado na centralización das xestións de residuos, obriga ao transporte diario dos residuos xerados en máis do 90% dos concellos galegos, ata a planta de Cerceda. A consecuencia é un modelo absolutamente insostible que provoca un enorme gasto económico, niveis inadmisibles de emisión e que imposibilita a creación de oportunidades económicas derivadas do tratamento de proximidade, tal e como demostran as experiencias levadas a cabo noutros países e mesmo noutras



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

comunidades do Estado español.

Este proxecto de lei non é, por tanto, un marco sostible nin axeitado para implantar a xestión de residuos dentro dos principios da economía circular, pois esquece no seu texto incluír o Principio de Proximidade.

-Terceiro

Existe un consenso rotundo entorno a cales deben ser as claves para unha xestión de residuos respectuosa co medio ambiente. Estas claves están en establecer unha xerarquía de tratamento de residuos baseada no que comunmente é coñecido como a xerarquía dos tres R: redución, reutilización e reciclaxe.

Lamentablemente o presente Proxecto de lei abre a porta a que Naturgy, propietaria do 49% de SOGAMA, siga facendo negocio a costa de contaminar o aire de todas. O modelo SOGAMA, baseado na incineración, está perfectamente consolidado no articulado de dito proxecto de lei, introducindo excepcións para que SOGAMA poida optar pola queima de residuos (fronte á reutilización e a reciclaxe) de forma completamente arbitraria.

Baixo a escusa de acadar un “mellor resultado ambiental” este Proxecto de lei incide nun marco de xestión de residuos altamente contaminante, baseado na incineración e que actúa baixo unha única xerarquía: a que marca a conta de beneficios de Naturgy.

-Cuarto

A fracción orgánica supón o 40% do peso da bolsa de lixo domiciliaria. Tal e como xa se citou, os obxectivos de reciclaxe fixados nas directrices europeas marcan taxas do 50% para o ano 2020. Faise necesario para acadar ditos obxectivos apostar pola compostaxe e pola recollida separada da materia orgánica.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Para superar as ridículas cifras do 3% acadadas polo modelo SOGAMA é fundamental introducir no articulado do presente proxecto de lei elementos que garantan a compostaxe en pequenas plantas locais e comarcais, compostaxe comunitaria nas entidades locais e apostar pola compostaxe caseira. Da mesma maneira é fundamental que se introduzan elementos de recollida que superen o modelo de contedores baseados na achega voluntaria dos refugallos, como poden ser as recollidas porta a porta ou sistemas de pago por xeración.

Non é admisible o esquecemento da compostaxe dentro deste proxecto de lei de residuos, así como a tábula rasa que se establece entre a compostaxe e a biometización, demandante de procesos industriais complexos e caros.

-Quinto

A utilización de antigas canteiras como vertedoiros é unha das mostras máis palpables do colapso do modelo de xestión de residuos no que incide o presente Proxecto de lei.

Baixo a escusa da valorización e a restauración ábrese a porta a continuar utilizando antigas canteiras como vertedoiros. Unha problemática medioambiental de primeira orde que pon en risco a saúde das persoas, provoca a contaminación sistemática dos nosos acuíferos e cursos de auga e que ten grandes afeccións no desenvolvemento económico das zonas afectadas.

Cómpre introducir modificacións no articulado deste proxecto de lei para rematar de forma contundente coa posibilidade de que se sigan producindo este tipo de prácticas.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

-Sexto

Un dos vectores de acción á hora de establecer un marco legislativo para un modelo de xestión de residuos respectuoso co medio ambiente debe situarse na redución dos plásticos. A súa crecente produción ameaza con contaminar cada recuncho do noso país, especialmente os mares, afectando seriamente a saúde dos ecosistemas mariños e poñendo en risco a xa máis de 1300 especies mariñas. Sumado a isto, cabe sinalar que as emisións de gases de efecto invernadoiro producidas polo propio ciclo de vida do plástico sumaron xa varias centésimas ao aumento global de temperatura.

Neste senso é importante priorizar accións encamiñadas á redución de plásticos dun só uso como bolsas para a compra, envoltorios de comestibles ou botellas de auga, que son perfectamente substituíbles por materiais respectuoso co medio, mantendo as mesmas condicións de comodidade e funcionalidade no uso.

Razón pola cal esta lei debera incluír medidas para reducir o plástico en grandes áreas comerciais e distribuidores, reducindo plásticos dun só uso nos lineais, promovendo sistemas de compra que garantan a reutilización de envases, fomentando a venta a granel, prohibindo o embalaxe de plásticos en produtos de proximidade ou eliminando o uso de auga embotellada en plástico na administración.

-Sétimo

A cultura de usar e tirar instalada no actual sistema económico é responsable duns niveis de produción de residuos inadmisibles, e que dificultan que poidamos abordar a xestión de residuos dende perspectivas de sustentabilidade e respecto ao medio.

É fundamental facer fronte ao axioma da obsolescencia programada estendida de



forma sistemática na produción de bens de consumo.

O presente Proxecto de lei non inclúe no seu articulado elementos que garantan a reparabilidade e a reutilización de bens de consumo. Como tampouco inclúe a recuperación de refugallos antropoxénicos con gran potencial de valorización, e que evitarían de forma derivada proxectos devastadores para o medio e o territorio como a minaría a ceo aberto.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 31/01/2020 14:35:40

Antón Sánchez García na data 31/01/2020 14:35:55



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade con solicitude de devolución**, ao **Proxecto de lei de pesca continental de Galicia, doc. núm. 61148 (10/PL-000023)** en base ás seguintes consideracións:

Dende o Grupo Parlamentario Mixto mostramos a nosa preocupación con respecto de certos aspectos desta nova lei que poderían contravir determinadas disposicións normativas, articulando un réxime de intervención directa por parte da propia Xunta de Galicia sen desenvolver as tramitacións administrativas que corresponderían, minorando, en consecuencia, o réxime de garantías legalmente establecido a día de hoxe e incluso chocando de fronte coa nova Lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

Coa aprobación desta nova lei, a Xunta de Galicia fomentará exclusivamente a perspectiva deportiva ou turística, esquecendo a importancia de conservar os ecosistemas acuáticos continentais para garantir a sustentabilidade do recurso.

Esta nova lei amosa unha excesiva tendencia a considerar a pesca como unha actividade de lecer cun importante potencial de negocio, deixando nun segundo plano a conservación e a sustentabilidade do recurso.

Este anteproxecto é menos ambicioso que a norma de 1992 aínda vixente, por exemplo, ao non establecer a obriga de que as concesións hidráulicas permeabilicen os obstáculos dos ríos mediante dispositivos de franqueo ou escadas, para que as especies migradoras completen o seu ciclo biolóxico.



A norma esquece tamén a importancia de xestionar as marxes para garantir a conservación das comunidades vexetais de ribeira.

Diversos aspectos da Lei 7/1992 de pesca fluvial de Galiza están a ter unha aplicación deficiente, ao igual que a normativa de avaliación de impacto ambiental, sendo manifesta a necesidade de avaliar o impacto global de planos e programas mediante unha avaliación estratéxica dos mesmos, pero ollo, esta nova Lei de Pesca Continental de Galicia non vai a arranxar nada ao ser moito menos restritiva que a anterior.

Un dos aspectos máis controvertidos da norma é a introdución dun novo tipo de augas de pesca, denominadas “de aproveitamento privado”. Nestas concesións de pesca intensiva, a Xunta cederá na práctica aos titulares a xestión total destes treitos coa condición de que adopten medidas para “impedir a comunicación cos leitos naturais”, e eximindo aos usuarios da preceptiva licenza de pesca.

Por outra banda, supoñer que estas augas (sen especificar se de encoros, lagoas ou ríos) poden estar “incomunicadas” dos leitos naturais, é ecoloxicamente inviábel e unha aberración, así como eximir da preceptiva licenza de pesca esixíbel ao resto da cidadanía supón unha clara discriminación, perigosas excepcións na xestión do dominio público.

Reiteramos e recalcamos que esta lei retrocede con respecto á lei de 1992 intentando converter a pesca nas augas continentais galegas nun elemento máis de atracción turística e de negocio, descoidando as outras funcións ecolóxicas e de interese público que acubillan ríos, lagos e lagoas.

Sabedores de que son os poderes públicos os que teñen que promover o axeitado desenvolvemento de todos e todas, e de velar polo utilización racional de todos os recursos (hoxe máis ca nunca), somos conscientes das eivas de calado neste proxecto de lei, que é moito menos restritivas na protección destes hábitats que a propia lei de 1992 que está vixente.



As medidas propostas nesta lei deben de ir precedidas dunha profunda análise aos efectos de evitar accións que puideran afectar de modo irremediable aos nosos ríos cos seus respectivos ecosistemas, para o cal, resulta imprescindible que se sigan os procedementos legalmente establecidos coa intervención e o consenso de tódalas administracións implicadas, así como os suxeitos sociais e asociacións ecoloxistas.

Os ríos galegos caracterízanse por unha elevada biodiversidade dentro do seu contexto ibérico e europeo. A súa grande biodiversidade e porcentaxe de endemismos outórganlle un valor excepcional na actual situación mundial de crise ecolóxica. Nos ríos galegos viven preto de 400 especies endémicas de invertebrados, e neles descubríronse preto de 80 especies novas para a Ciencia.

Os ríos xogaron un papel transcendental na economía tradicional e na conformación das características socioculturais e psicolóxicas do pobo galego. Estas funcións seguen vixentes na actualidade, aínda que modificadas, xa que o alonxamento entre a sociedade e a natureza orixina novas necesidades.

Mais os ríos atópanse hoxe en perigo. A alteración física, debida sobre todo ás presas hidroeléctricas, a perda e degradación dos hábitats, a invasión das zonas de inundación por todo tipo de construcións, a sobreexplotación, a contaminación e a introdución de especies non nativas, son os factores que máis contribúen á diminución da súa biodiversidade. Os mencionados recursos socio-culturais corren a mesma sorte que os ríos. As presas hidroeléctricas fan que máis do 70% dos nosos leitos fluviais sexan inaccesíbeis ás especies migratorias.

No propio Artigo 1 desta lei podemos ver o descrito no párrafo anterior ao obviar referencias á conservación e mellora da biota ribeirá e ao seu interese público. Onde queda a defensa, a conservación e a mellora dos hábitats e as especies ribeiráns? Non está.



Por estas razóns, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia e solicita a súa devolución.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 31/01/2020 10:31:50

Luis Villares Naveira na data 31/01/2020 10:32:04



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **Emenda ao proxecto de Lei de Pesca Continental de Galicia** (PL-000023, doc. núm. 61148), **con expresa petición de devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

Primeira.-

A memoria do proxecto de lei expresa como obxectivo fundamental a regulación, protección e o fomento do dereito ao exercicio da pesca continental, así como a ordenación e aproveitamento dos recursos piscícolas en tódalas masas de auga continentais situadas nos límites territoriais de Galicia. A garantía fundamental para a protección do dereito á pesca continental, como é lóxico, é a protección dos propios recursos hídricos, e na práctica estes non están sendo ameazados pola sobrepesca ou polo incumprimento da normativa en canto á xestión das pesquerías, se non principalmente polo estado de conservación medioambiental dos nosos ríos e augas continentais, que hoxe presentan unha situación alarmante en canto a súa sostenibilidade ecolóxica.

De continuar sen actuar sobre o principal problema que afecta aos nosos ríos e masas de augas continentais, que é a contaminación e o deterioro medioambiental, vaise producir unha progresiva e inevitable desaparición da actividade pesqueira nestes espazos e, consecuentemente, a destrución dos seus



ecosistemas.

A Lei de Pesca Continental non ofrece ningunha garantía ou actuación seria para atacar a raíz do problema; a conservación medioambiental dos nosos ríos e polo tanto a depuración e a protección da calidade das súas augas. Para protexer as masas de auga continental é necesario frear as fontes de contaminación que contribúen ao deterioro destes ecosistemas. Augas de Galicia xa sinalou en 2019 que 1 de cada 4 masas de auga fluviais da demarcación hidrográfica galega presentan algún tipo de contaminación, que provén de diferentes orixes, coma os vertidos industriais ou a sobrefertilización dos terreos agrarios.

Ademais destes problemas, a conservación destes espazos acuáticos continentais pasa necesariamente por unha mellora integral dos nosos sistemas de saneamento, que actualmente combinan os residuos fluviais e os urbanos (sistemas unitarios), producíndose numerosas situacións de sobrecarga nas redes de transporte destes caudais, sobre todo en situacións de tormenta e choiva abundante, o cal provoca que se produzan vertidos de residuos e elementos contaminantes ao medio, que afectan directamente aos ecosistemas.

Como vemos, existen diversos problemas que ameazan a calidade das augas e a sostenibilidade dos ecosistemas. Sen embargo, o proxecto impulsado dende a Xunta non concibe este obxectivo como prioritario, pois parte dunha concepción instrumental dos nosos ecosistemas fluviais, que non ten en conta a súa riqueza en termos biolóxicos, resultando polo tanto inútil para acadar o obxectivo de garantir os dereitos recollidos na súa memoria e exposición de motivos.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Segunda.-

A revisión do modelo de xestión e ordenación da pesca continental, para ser exitosa, debe desenvolverse de maneira transversal, de tal forma que aborde o conxunto dos diferentes aspectos que afectan aos resultados desta xestión. Non se pode actuar unicamente sobre determinados aspectos do ámbito xurídico; compre deseñar unha proposta de alcance integral, que abarque tamén os ámbitos institucional, socioeconómico, tecnolóxico, medioambiental e cultural. Non obstante, Este proxecto de lei esquece a necesidade dunha concepción omnicompreensiva da organización da pesca continental, que garanta o futuro, tanto desta actividade, coma dos recursos hídricos que a fan posible; os ríos e masas de auga continental.

Terceira.-

Dende a base da sostenibilidade ecolóxica, a lei tampouco é capaz de atender ás necesidades legislativas que supón a proliferación de especies invasoras nos cauces, nos leitos e ribeiras das nosas masas de auga continentais. En definitiva, carece dunha visión legislativa necesaria para atallar un problema que ven incrementándose nos últimos anos.

Cuarta.-

Galicia conta aproximadamente cunhas 50.000 licencias de pesca continental, o cal supón unha considerable riqueza cultural relacionada con esta actividade, tanto no seu aspecto económico coma deportivo. Este feito acentúa a necesidade



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

de actuar sobre as verteduras e o deficiente funcionamento das estacións depuradoras do país (hoxe preto do 50% das mesmas funcionan de forma incorrecta), como se mencionou anteriormente. Pero ademais disto, resulta imprescindible intervir e regular a actividade das empresas que inciden directamente na calidade ambiental das nosas augas, xa sexa por verter substancias contaminantes aos nosos ríos, ou polo aproveitamento destas reservas de auga con outras finalidades, sobre todo a produción enerxética, que incide de forma moi importante sobre os caudais das mesmas. Esta lei non garante o cumprimento dunhas condicións ecolóxicas necesarias e desexables para estes caudais, antepoñendo o interese industrial e os beneficios das multinacionais do sector eléctrico sobre a salubridade dos nosos cauces.

Quinta.-

Unha norma que case unicamente actúa sobre os pescadores, sen actuar regular adecuadamente o resto de actividades que inciden na saúde dos ríos, é unha norma inútil. Ademais da regulación que establece en relación ao control e sanción das actitudes poucos respectuosas por parte do colectivo de pescadores, esta norma resulta insuficiente en termos de recursos de control e vixilancia, e inxusta no que respecta á aplicación de mecanismos sancionadores, que na práctica chegan a igualar a quen incumpe os horarios con quen xera verteduras contaminantes nos ríos.

Por último, en canto a xestión da actividade pesqueira, botamos en falta unha especial atención á formación, ao relevo xeracional ou a xestión de determinadas pesquerías profesionais que conviven nos nosos ríos, e cuxa articulación nesta lei



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2020 13:01:08
Nº Rexistro: 62832
Data envío: 31/01/2020 13:01:08.615

resulta insuficiente. Cremos necesario desenvolver novas propostas de autoxestión nos plans de explotación, de tal forma que se compartan os compromisos e obxectivos establecidos, e se melloren os mecanismos de avaliación dos resultados dos diversos plan de xestión .

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 31/01/2020 12:59:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia [10/PL-000023 (doc. núm. 61148)]**, en base ás seguintes consideracións:

Quen ten anos dabondo e coñeceu os nosos ríos e masas de auga continentais hai non máis de 20 anos, se fai unha mínima comparación cae na conta que é tanto o perdido que esta lei debería cando menos estar transversalmente informada por esta realidade.

Facer unha lei de pesca continental no País dos mil ríos, dos mil ríos apoucados, en franco e progresivo deterioro, (tanto na calidade das súas augas coma na abundancia e equilibrio da flora e fauna do cauce e das ribeiras), sen un ánimo conservacionista e recuperador é un absurdo; é inventar unha norma para unha realidade inexistente.

Con este Proxecto de lei de Pesca Continental de Galicia, o Partido Popular pretende unha vez máis adecuar a lexislación ás esixencias de comercio e explotación privadas obviando ou minimizando os acosos e deterioros ós que a sociedade de consumo está a someter as augas do noso País sen que a lexislación se aplique coa eficacia desexable.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esquece este proxecto de lei que a función e riqueza principal dos cursos fluviais é a de constituír ecosistemas biodiversos equilibrados en si mesmos capaces de irradiar vida e biodiversidade para a totalidade do territorio.

Pero faise necesario dicir que para esta función estes ecosistemas deben estaren nun estado de saúde como mínimo aceptable.

Mais as veas e masas de auga continentais, grandes ou cativas, non son unicamente esas augas franqueadas por ameneiros, vidueiras, salgueiros, espiños... Son moitísimo máis. E así a súa área de influencia debe ser preservada e mimada garantindo o máximo equilibrio de flora e fauna autóctonas e unha saúde medioambiental notable.

Nin que dicir ten que estes espazos deberan ser as barreiras naturais ós incendios, lugares de contención e de penetración para a súa extinción e tamén as zonas protexidas para a preservación da saúde ambiental en xeral.

Pero nada se menciona deste aspecto e nada se legisla que condicione , preserve e potencie esta función.

Apenas se menciona, soamente de pasada, a gravísima ameaza que pesa sobre os cursos fluviais, lagoas e humidais debido a vertidos, lixiviados e eutrofización das súas augas debido a vertedoiros, malas prácticas agrícolas e ás escorrentías de puríns, lodos e outros fertilizantes que aplicados en exceso disparan a presenza de nitratos feito que favorece a invasión e crecemento dos brizos, oucas e outras plantas acuáticas que ocupan e abafan o cauce e agudizan a escaseza de osíxeno cando as augas son poucas provocando mortandade nos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

individuos máis débiles das especies ictícolas autóctonas convertendo os seus leitos en verdadeiras pradeiras que confinan a fauna e desequilibran a flora natural propia.

Por máis que o intentemos apenas atopamos cóbregas, parrulos, garzas, londras ou merlos de río. Eran estes, e aínda o son alí onde queden, os auténticos e fiables medidores da saúde das augas e da abundancia piscícola.

Pois é, propoñen vostedes unha lei de pesca continental menosprezando como vimos de expoñer o elemento principal, os ríos e a súa conservación. E isto ponse xa de manifesto no preámbulo da propia lei. Como é posible obviar en todo o texto a mención á Lei 5/2006, de 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos e non poñer ambas normas en estreita relación?

Outro tanto acontece coa Lei 5/2019, do patrimonio natural de Galiza, esquecida tamén do preámbulo. Unha lei do verán do ano pasado que promulga, no seu artigo 87, que a Administración outorgará un papel prioritario ós cursos fluviais, en aras de mellorar a coherencia e conectividade ecolóxica do territorio. Esta idea non se traslada a este novo documento.

Presentan unha lei cun ostensible déficit conservacionista, deixa de lado a conservación e principios fundamentais de sustentabilidade. Só falan dun dereito de aproveitamento á marxe da realidade en que se atope o recurso e non de como se preserva.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pola contra, como xa vimos dicindo, nin unha palabra ós ríos de vida. A función principal destes no conxunto da natureza galega. Canles de irradiación de biodiversidade.

Prescindir da mención normativa da Lei 5/2006 é suficiente como para solicitar, de inmediato, a devolución do texto, pois deixa ás claras a intencionalidade e falta de vontade por someter a pesca continental á realidade dos nosos ríos.

Ó noso parecer a aspiración primeira tería que ser de garantir ríos de vida, para que estes fosen fornecedores, incluso, dese susceptible aproveitamento. Pero para iso os ríos deben ser mimados.

Dedícanlle máis esforzo legal a aspectos de privatización de pesca turística, que a velar porque eses ríos contén coas condicións indispensables para garantir uns parámetros de calidade biolóxica e de funcionalidade ecolóxica.

Nas condicións actuais nas que permiten que se atopen os nosos ríos, unha idea de aproveitamento sostible queda coma un obxectivo moi lonxano. Hoxe asistimos a ríos nunha situación de decadencia e de degradación ambiental moi grave e acelerada, e así é utópico propoñer cara ó futuro o mantemento dun aproveitamento sostible de pesca.

Podemos poñer coma exemplo os disparates recentes sobre o río Furelos ou o Mera, cronicamente arrasados por vertidos industriais. Todos/as sabemos de onde veñen e todos/as miran para outro lado, a Administración competente tamén.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa non se lembran cando no 2008 denunciaban a contaminación brutal, con piritas de sulfúrico, no Chamoselo, afluínte do Eume, e a día de hoxe resulta que a administración gasta miles de euros nun plan de recuperación oculto que pagamos os cidadáns e non os responsables desa contaminación.

A Lei 5/2006, reconece no seu preámbulo que ...diversos aspectos da Lei 7/1992, de pesca fluvial de Galiza, están tendo unha aplicación deficiente... A situación mudou para moito peor e resulta que a día de hoxe, e tendo en conta aquel diagnóstico, vostedes continúan obviando todo iso, e peor aínda, ignoran inadmisiblemente dita lei.

Van contra o que promulga a Lei 5/2006, que recolle no seu artigo 1 a prioridade de interese xeral a conservación do patrimonio natural fluvial, incluíndo a flora e fauna. E declara, así mesmo, a obriga das administracións públicas de garantir a súa protección, conservación e mellora.

A pregunta que facemos é como se reflicten e recollen esas obrigas neste texto? Como encaixan esta norma nas inexistentes medidas que deberían estar aplicándose en canto ós programas de restauración dos ecosistemas fluviaais, de mellora integral, de restauración dos humidais e zonas de restauración, de restauración hidrolóxico-forestal das bacías, ou do saneamento integral dos cursos fluviaais e depuración integral dos vertidos.

Soamente con manter conservadas e ben protexidas as franxas de policía das nosas correntes fluviaais xa permitirían recuperar unha boa parte da saúde dos ríos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Escasa mención e lexislación lles merece a situación destas franxas invadidas de aproveitamentos forestais exóticos, por veces case ata o mesmo cauce, e de especies de flora invasiva non autóctona resultado do descontrol na súa multiplicación e venda.

E que dicir dalgúns encoros onde as especies ictícolas autóctonas teñen desaparecido para dar paso a especies exóticas de gran tamaño para un aproveitamento “deportivo” que nos leva á posta en perigo de todo o ecosistema.

Todas estas cuestións deberían ser obxecto da súa vixilancia e control. Mais sen embargo, non è que fagan a vista gorda, peor, agochan informes e denuncias dos seus técnicos e axentes, toleran vertidos de polígonos, lixiviación de vertedoiros, difusión de lodos de depuración sen tratar, existencia de balsas de lamas de diferentes procedencias que en épocas de chuvia intensa sobardan e contaminan as augas de superficie e acuíferos.

Claro que logo veñen con que hai que protexer e fomentar o dereito ó exercicio da pesca no artigo 1. E o que resulta sangrante, no propio artigo 1 obvian que o DEREITO Ó EXERCIZO DA PESCA se faga conforme a unha práctica sostible e respectando a conservación do patrimonio fluvial e a súa biodiversidade.

Iso debería figurar no obxecto da lei, de entrada, no seu artigo primeiro, xa que se trata de cuestións que van mais alá do que son principios inspiradores da lei como manifestan no artigo terceiro. A conservación e sustentabilidade do recurso, da vida do río susceptible de aproveitarse, debe ser obxecto prioritario e non un fundamento co que argumentar e xustificar a realización da actividade.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pois claro que a pesca deportiva nas augas continentais resulta ser unha actividade de lecer san e valorada e que pode supoñer recursos complementarios para habitantes das ribeiras, pero esta debe estar supeditada ó estado de conservación do recurso e nunca poñer en perigo a saúde do mesmo.

Por iso consideramos indecente a incorporación da visión privatizadora de treitos do río para o seu aproveitamento pesqueiro, segundo consta nos artigos 11, 19.3, ou 40.2.d, augas de pesca de aproveitamento privado, e o 47, co que pretenden privatizar aproveitamentos ictícolas en encoros e lagoas.

A pesca nos ríos debe preservar o que sempre foi, unha pesca pública e socializada, ben coma tramos libres ou mediante coutos de pescadores sen ánimo de lucro, rexida por uns principios de servizo público que contemple os ecosistemas acuáticos coma un BEN COMÚN a preservar e cunhas bases lexislativas que permitan un aproveitamento sostible baseado en datos e principios científicos. Nunca enaxenar e sempre baixo a tutela da Administración.

O trato que lle confiren ás especies exóticas invasoras, disposto no artigo 33, deberían ser só exclusivamente as previstas nos artigos 108 e 109 da lei do Patrimonio natural, norma na que recae dita cuestión.

A inclusión do artigo 44, sobre coutos de pesca intensivo mantidos a base de repoboacións, é ademais incoherente cos principios inspiradores desta lei, segundo o recollido no artigo 3, e antiecolóxico para as poboacións autóctonas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non comprendemos a razón que os levou a suprimir enteiramente o capítulo IV do Anteproxecto referido ó fondo para a xestión da pesca continental que se nutría dos importes das sancións, taxas, prezos, canons e demais ingresos vencellados á xestión da pesca continental por parte da Administración. Por que renunciar a un importante instrumento financeiro directo que podería contribuír na mellora dos ecosistemas acuáticos?

A disposición transitoria sexta supón unha amnistía encuberta ós titulares de aproveitamentos hidráulicos que levan anos e anos causando danos irreparables ós nosos ríos ó faceren caso omiso á obrigatoriedade legal de estableceren dispositivos de remonte ou outras alternativas que permitan as migracións dos peixes. Que xeito tan sutil de favorecer a aqueles peixes gordos que incumpren a lei causando reiteradamente un grave prexuízo ás poboacións ictícolas.

Son estes que levamos debullado, uns poucos dos moitos defectos e ausencias que atopamos neste proxecto de lei que aquí analizamos. Mais son estes dabondo para cualificar este texto de inadecuado para o estado actual das nosas augas continentais.

Señora Conselleira rogámoslle logo que retire este proxecto de lei pola desconsideración que fai este texto ós nosos maltratados ríos, lagoas e humidais no que obvian elementos fundamentais e prioritarios para mellorar, protexer e conservar a súa calidade e natureza, e pretender crear un artificio de aproveitamento máis preocupado de privatizar un ben público, de facer repoboacións, e dunha ensoñación ó pensar que temos uns ríos en envexable





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estado de conservación que serían capaces de satisfacer a mentira que nos traen aquí. Tal e como están os nosos ríos hoxe, resulta imposible facer un aproveitamento de pesca sostible e viable, en tanto vostedes non teñan asumido que os nosos ríos, coma arterias que osixenan o territorio, precisan dunha verdadeira vontade de mirar por eles, amalosalos, mimalos, recuperalos e protexelos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula esta emenda de totalidade ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia, solicitando a devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2020 14:02:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2020 14:02:27



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade, con expresa petición de devolución, ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia (doc. núm. 61148), sobre a base das seguintes consideracións:

Estamos ante un texto que pretende legislar o mundo complexo da pesca continental de Galicia, que reproduce partes importantes doutra normativa vixente, pero obvia materias fundamentais e necesarias para preservar a nosa riqueza piscícola e o conxunto dos ecosistemas. Na súa elaboración non se percibe a implicación dos actores interesados, nin da comunidade científica, polo que non vén reflectida a diversa problemática existente, ao tempo que se achegaron moi poucas alegacións no período de audiencia aos interesados, o que debería facer reflexionar ao Goberno galego.

A súa presentación carece dunha xustificación sólida, dado que na exposición de motivos se utiliza como argumento principal a longa vixencia da Lei 7/1992, do 24 de xullo. Cando o problema non é a longa vixencia da norma legislativa de 1992, o problema é a nefasta xestión dos recursos realizada pola Xunta de Galicia.

Non establece medidas precisas para regular, protexer e fomentar o dereito á pesca continental, nin tampouco a potencia como posible motor económico do rural.

Só prevé esixencias para as novas concesións e autorizacións hidráulicas e non afronta o incumprimento das numerosas concesións e autorizacións anteriores, que eluden obrigas co fin de conservar de xeito sostible os ecosistemas, como as de instalar reixas e dispositivos de protección para impedir o acceso da poboación ictícola ás correntes de derivación ou achega, ou instalar dispositivos de remonte ou outras alternativas que permitan garantir as migracións periódicas dos peixes ao longo dos cursos fluviais. Cuestións que non se tratan no texto remitido o que indica que neste campo o Goberno galego intenta camiñar cara a unha normativa moito máis laxa, con todo o que iso pode chegar a provocar.

Non introduce ningunha novidade salientable para o control de vertidos e residuos perigosos que afectan á fauna acuícola e á auga, e ademais reduce considerablemente o réxime sancionador xa que baixa o importe das sancións



para os infractores, diminuíndo, polo tanto, o poder coercitivo da norma neste eido.

Tampouco se establecen de forma clara medidas para a conservación de leitos que garantan o mantemento das súas condicións naturais, dado que se obvia a eliminación gradual das especies invasoras e a retirada de vexetación que evite as inundacións naturais das zonas adxacentes.

Tamén resulta moi pouco comprensible a retirada do denominado Fondo para a xestión da pesca continental.

Outro aspecto fundamental que non prevé o proxecto de lei é a problemática que está a xerar o escaso número de efectivos para os labores de inspección e vixilancia, que son nulos na época estival, por estaren a maioría dos efectivos destinados a labores de prevención e extinción de incendios. Por conseguinte, non establece ningunha novidade que garde relación con esta importante circunstancia e incluso se certifica que non existirá ningún aumento dotacional para estas cuestións a partir do momento en que a lei poda entrar en vigor.

Tampouco podemos aceptar como xustificación válida a necesidade desta norma para impulsar a renovación xeracional do colectivo de pescadores fluviais, e a promoción da actividade da pesca continental como unha ferramenta para o desenvolvemento turístico no medio rural, xa que existiu a posibilidade de ter actuado a través doutras normas sen carácter de lei que non foron desenvolvidas para acadar estas metas e que agora tentan presentar como “novidades importantes da lei”. Hai anos que se puideron poñer en marcha actuacións como as autorizacións de novos aparellos de flotación, novas artes de pesca, escolas de río ou a non esixencia de licencia para os menores de catorce anos e a exención de taxa para os maiores de sesenta e cinco anos.

Por todas as consideracións anteriores solicítase a expresa petición de devolución ao Goberno da Xunta de Galicia do Proxecto de lei de pesca continental de Galicia, co obxecto de reformulalo e remitir unha nova proposta de texto normativo que teña en conta toda a realidade do sector.

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:





Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/01/2020 14:15:42



EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO GRUPO COMÚN DA ESQUERDA AO PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000021).

Emenda nº1, ao apartado a, de Modificación. Artigo 3

Débese eliminar no apartado a), segunda liña, o seguinte:
"...a súa conexión cos principais núcleos nacionais e
internacionais da actividade, así como a súa integración no
espazo nacional europeo".

Emenda nº2, ao apartado c, de Substitución. Artigo 3

Débese substituír o apartado c) polo seguinte:

"c) Promover unha xestión prudente e eficaz dos recursos
naturais, que compatibilice a vida das persoas coa
conservación do medio ambiente, do patrimonio cultural e
paisaxístico."

Emenda nº3, ao apartado e), de Modificación. Artigo 3

Débese modificar o apartado e) suprimindo, ao final da
primeira liña, despois de dotacións: "... recursos mineiros..."
e na antepenúltima liña, despois de elementos:
"...estruturantes..."

Emenda nº4, ao apartado f), de Modificación. Artigo 3

Débese substituír no punto f) "A compatibilización do sistema
produtivo, da urbanización e da ordenación turística..." por: "A
compatibilización da actividade económica..."



Emenda nº5, ao apartado f), de Adición. Artigo 3

Débese engadir ao final do apartado f) "... e a preservación da biodiversidade".

Emenda nº6, ao apartado g), de Adición. Artigo 3

Débese engadir no apartado g) liña 2, despois de ...
produtivas...: "...sostibles".

Emenda nº7, ao apartado l), de Adición. Artigo 3

Débese engadir ao final do apartado l) o seguinte: "..., a
redución do consumo de combustibles fósiles e adaptación de
Galicia ao escenario da súa redución".

Emenda nº8, ao apartado p) bis), de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo apartado p) bis) co seguinte texto:
p) bis) Potenciar a conservación de solos de aptitude
agronómica como elemento indispensable para o fomento da
agricultura local e da soberanía alimentaria.

Emenda nº9, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 4

Débese modificar o apartado 1 substituíndo ao final da liña
dúas: "... as necesidades de crecemento..." por: "... a actividade
económica.." e na liña cinco: "... Esas necesidades de
crecemento deberán responder..." por "... A planificación da
actividade económica deberá responder..."

Emenda nº10, de Adición. Artigo 5

Débese engadir ao final do punto 5 o seguinte:





Na ordenación de recursos enerxéticos prevalecerán as políticas de eficiencia enerxética e as necesidades locais de enerxía sobre a expansión da produción eléctrica en función de criterios de mercado.

Na ordenación para a explotación dos recursos mineiros priorizarase o principio de precaución en base ás necesidades humanas de minerais.

Emenda nº11, ao apartado 1, de Adición. Artigo 6

Débase engadir ao final do punto 1 o seguinte:

1.-"... A tramitación dos instrumentos de ordenación relativos aos recursos enerxéticos e mineiros faranse dende o principio de cautela e tendo en conta as necesidades humanas e non as de mercado".

Emenda nº12, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 6

Débase modificar o punto 2.- substituíndo, na liña 2, "...tendentes a facer..." por: "...que fagan...".

Emenda nº13, ao apartado c) bis), de Adición. Artigo 12

Débase crear un novo apartado c) bis) co seguinte texto:

c) bis) A que os recursos naturais se utilicen en función do interese xeral.

Emenda nº14, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 13

Débase modificar o punto 2, ao final da liña 2, substituíndo: "... nomeadamente mediante..." por: "... incluíndo..."

Emenda nº15, ao apartado 1, de Adición. Artigo 16

Débase engadir un novo apartado 1. d) bis) co seguinte texto:

d) bis) Programas coordinados de actuación.



Emenda nº16, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 17

Débese suprimir o apartado 4.

Emenda nº17, ao apartado 1.d, de Modificación. Artigo 19

Débese modificar o subapartado d) quedando redactado do seguinte xeito:

"d) Os proxectos de interese autonómico e os plans territoriais especiais."

Emenda nº18, ao apartado 2.b, de Supresión. Artigo 19

Débese suprimir o subapartado b do punto 2.

Emenda nº19, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 19

Débese suprimir o apartado 3.

Emenda nº20, ao apartado 3.a, de Modificación. Artigo 20

Débese modificar o subapartado a) do apartado 3 suprimindo na primeira liña "...e no marco do plan económico-social da Comunidade Autónoma...,"

Emenda nº21, ao apartado 3.c, de Adición. Artigo 20

Débese engadir no apartado 3, subapartado c), na liña 2, despois de: "... comunidades autónomas.." o seguinte: "..., concellos ..."



Emenda nº22, ao apartado 1.m, de Adición. Artigo 21

Débese engadir na segunda liña despois de localización: "...
vivenda pública ou sometida a algún réxime de protección..."

Emenda nº23, ao apartado 1.n), de Modificación. Artigo 21

Débese suprimir, despois de demográfico, o seguinte: "...por
situacións de incomunicación, por outras desvantaxes
obxectivas ou pola existencia de riscos naturais ou
tecnolóxicos."

Emenda nº24, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 25

Débese substituír no apartado 1: "Determinarase por decreto
do Consello da Xunta de Galicia..." por: "Aprobarase polo
Parlamento de Galicia..."

Emenda nº25, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 25

No apartado 2 débese substituír "...cada tres anos,..." por: "...
cada ano..."

Emenda nº26, ao apartado 1, de Adición. Artigo 26

Débese engadir no apartado 1, liña tres, despois de "...
relacións funcionais...", o seguinte: "..., polas especiais
necesidades de desenvolvemento socio-económico,..."

Emenda nº27, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 26

No apartado 4, ao final da liña 1 débese substituír: "... pola
iniciativa pública..." por: " pola iniciativa da Xunta de Galicia ou
de concellos".



Emenda nº28, ao apartado 2, de Adición. Artigo 29

Débese engadir no punto 2, ao final do primeiro parágrafo, despois de : ..." ordenación do territorio " o seguinte: "...e previo informe dos concellos afectados".

Emenda nº29, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 29

O apartado 3 quedará redactado do seguinte xeito:

"3.- Os plans territoriais especiais só poderán ser promovidos pola iniciativa pública da Xunta de Galicia e dos concellos."

Emenda nº30, ao apartado 1.k bis), de Adición. Artigo 32

Débese engadir un novo subapartado k) bis):

"k) bis) Agricultura, gandería e forestal."

Emenda nº31, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 32

Debese substituír o texto do punto 4 polo seguinte:

"4. Os plans sectoriais só poderán ser promovidos pola iniciativa pública da Xunta de Galicia e dos concellos".

Emenda nº32, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 37

Débese suprimir o apartado 3.

Emenda nº33, ao apartado 2.c, de Modificación. Artigo 38

Débese substituír o punto 2º do apartado 2 do subapartado c, que quedará redactado do seguinte xeito:

"2º.-Que as actuacións previstas posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio ou que serven para



desenvolver, implantar ou executar políticas sectoriais previstas na lexislación sectorial, a súa conexión coas redes e servizos correspondentes sen menoscabo da funcionalidade dos existentes ou a súa adaptación ao contorno no que se localicen".

Emenda nº34, ao apartado 3, de Adición. Artigo 39

Débese engadir no apartado 3, liña dúas, despois de: "... razón da materia..." o seguinte: "..., previo informe dos concellos afectados..."

Emenda nº35, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 40

Débese substituír no apartado 2. "Transcorridos tres anos..." por: "Transcorridos dous anos..."

Emenda nº36, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 40

Débese substituír no apartado 3 "De transcorreren tres anos..." por : "De transcorreren dous anos..."

Emenda nº37, ao apartado 1.b, de Modificación. Artigo 41

Débese substituír o apartado 1 b) polo seguinte:

"1 b) Identificación da localización das actuacións obxecto do proxecto, de acordo coa delimitación establecida no correspondente plan sectorial, de ser o caso, e descrición dos terreos nel comprendidos e das súas características, usos do solo e aproveitamentos existentes e previstos para o seu adecuado funcionamento."

Emenda nº38, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 43

Débese suprimir o apartado 4.



Emenda nº39, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 44

Débese suprimir "No caso de proxectos de interese autonómico previstos...".

Emenda nº40, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 44

Débese suprimir o apartado 2.

Emenda nº41, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 46

Débese suprimir o apartado 1.

Emenda nº42, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 46

Débese modificar o apartado 2 suprimindo: "Malia o disposto no número anterior...".

Emenda nº43, ao apartado 1, de Adición. Artigo 48

Débese engadir no punto 1, despois de "...interese autonómico..." o seguinte: "...de iniciativa pública..".

Emenda nº44, de Adición. Subsección 2ª bis

Débese engadir unha subsección 2ª bis co seguinte nome e os seguintes artigos:

DOS PROGRAMAS COORDINADOS DE ACTUACIÓN.

Artigo 50bis Funcións

Son funcións dos programas coordinados de actuación:

a) Formular un programa plurianual, referido á totalidade do ámbito comunitario ou a algunhas das áreas do mesmo, de carácter sectorial ou intersectorial, integrando as actuacións





propostas polas distintas administracións ou organismos públicos que operen no ámbito da Comunidade Autónoma.

b) Determinar, conxuntamente e de acordo co réxime de competencias establecido pola lexislación vixente, as administracións ou organismos responsables da súa execución e, de ser o caso, os criterios para establecer os necesarios acordos ou convenios entre as administracións públicas que deban proceder ao seu desenvolvemento conxunto.

Artigo 50 ter) Relación cos plans de desenvolvemento comarcal
Cando os programas coordinados de actuación teñan por obxecto un ámbito comarcal específico, a súa regulación e execución levarase a cabo a través de plans de desenvolvemento comarcal, que se rexeran pola súa lexislación específica.

Artigo 50 quater) Documentación e determinacións

1. Os programas coordinados de actuación constarán dos documentos escritos e gráficos necesarios para reflexar o seguinte contido:

- a) Obxectivos que se perseguen na formulación do programa.
- b) Análises dos aspectos sectoriais a que se refiran as súas propostas, formulando un diagnóstico sobre a súa eficacia en relación co sistema xeral de asentamentos residencias ou produtivos e co medio natural.
- c) Relación e localización das obras e actuacións integradas nos mesmos.
- d) Estimación ponderada dos custes de ditas obras e actuacións.
- e) Os recursos, directos ou indirectos, con que se proxecte financiar ditas obras e actuacións.
- f) Prioridades para a súa execución e, no seu caso programación temporal para a iniciación das obras e actuacións incluídas no programa
- g) Medidas de articulación, no seu caso, entre os programas coordinados de actuación, as directrices de ordenación do territorio e demais instrumentos de ordenación urbanística e do territorio vixentes.
- h) Relación cos plans ou programas de obras dos distintos organismos públicos que interveñen no territorio da Comunidade Autónoma.
- i) Causas e procedementos para a súa actualización continua.

2. O contido dos programas coordinados de actuación poderá, así mesmo, referirse á execución de infraestruturas básicas, instalacións produtivas industrias ou agrícolas, equipamentos e vivendas.

Artigo 50 quinquies) Carácter

1. Os programas coordinados de actuación polo seu carácter de instrumento de programación plurianual constituirán



referencia para a actuación das administracións e organismos públicos aos que corresponda a execución e xestión das obras e actuacións incluídas nos mesmos e, en consecuencia:

a) Servirán de marco de referencia para a elaboración, polo Consello da Xunta de Galicia, dos proxectos de presupostos da Comunidade Autónoma.

b) Constituirán a base para a celebración de convenios e acordos de cooperación coas entidades locais e urbanísticas especiais.

c) Constituirán, así mesmo, a base para a celebración de convenios coa Administración do Estado, en canto ás obras ou actuacións da súa competencia que teñan que realizarse no ámbito de Comunidade Autónoma, así como con outras Comunidades Autónomas.

2. A formulación destes contidos respectará o ámbito de competencias municipais, tendo en conta a autonomía municipal para la xestión dos seus intereses propios.

Artículo 50 sexies) Eficacia

1. Os programas coordinados de actuación non poderán modificar directamente a determinacións das figuras de planeamento xeral reguladas na lexislación urbanística nin dos plans de ordenación do medio físico regulados na presente Lei.

2. Cando as obras ou actuacións de interese estatal, ou que afecten ao conxunto da Comunidade ou a ámbitos supramunicipais da mesma previstas nun programa coordinado de actuación exixan unha modificación das determinacións dos plans xerais ou normas complementarias ou subsidiarias de planeamento e plans que os desenvolvan e dita modificación non fose incorporada como consecuencia da adecuación do planeamento ás directrices de ordenación territorial, procederase, con carácter excepcional e unha vez definida a obra ou actuación de que se trate, a adaptación de ditos plans ao programa coordinado de actuación, nos prazos que se sinalen no mesmo.

Artículo 50 septies) Procedemento

1. A formulación e aprobación dos programas coordinados de actuación axustaranse ao seguinte procedemento:

a) Corresponde ao Consello da Xunta de Galicia, a proposta dunha o varias Consellerías, que poderán actuar a instancia dunha entidade local ou urbanística especial ou por propia iniciativa, acordar a formulación dun programa coordinado de actuación.

O acordo que haberá de publicarse no «Diario Oficial de Galicia», será motivado, sinalara as causas que o xustifiquen e finalidades que se persigan, determinará a Consellería encargada da súa formulación e as Consellerías, entidades ou organismos que colaborarán na mesma, así como o prazo



dentro do cal deberá ser redactado o documento a que se refire o apartado seguinte.

b) Adoptado dito acordo, e dentro do prazo que no mesmo se sinala, procederase á redacción dun documento previo, no que se expoñan os obxectivos e propostas básicas que teña que desenvolver o programa coordinado de actuación.

c) O documento previo será remitido pola Consellería encargada da súa elaboración ás corporacións locais afectadas que, dentro dos dous meses seguintes á súa recepción, terán que remitir os programas de actuación ou actividades que desenvolvan os instrumentos de ordenación xeral, ao tempo que poderán efectuar as propostas de programación ou observacións e, no seu caso, alternativas que estimen convenientes.

Igualmente, remitirase ás corporacións e organismos públicos así como ás empresas prestadoras de servizos públicos que se estime necesario para que, dentro dos dous meses seguintes á súa recepción, aporten os proxectos ou programas cuxa execución teñan prevista.

d) A Consellería que o elaborase acordará, despois dilo, a aprobación inicial do programa coordinado de actuación, que será publicado no Boletín Oficial do Estado, no Diario Oficial de Galicia e nun periódico dos de maior difusión na Comunidade Autónoma, e someterase aos trámites de información pública e audiencia dos concellos, entidades, corporacións e organismos públicos afectados, polo prazo de dous meses.

e) Á vista do resultado do trámite de información pública e audiencia, procederá á súa aprobación provisional incorporando as modificacións que, de ser o caso, procedesen.

f) Despois da aprobación provisional, o programa coordinado de actuación será elevado polo departamento ao que foi outorgado ao Consello da Xunta de Galicia, para a súa aprobación definitiva.

A aprobación definitiva revestirá a forma de Decreto e será obxecto de publicación no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia.

2. Cando circunstancias non previsibles no momento da aprobación dun programa coordinado de actuación requiran inclusión no mesmo de obras ou actuacións non previstas inicialmente, o Consello da Xunta de Galicia, mediante Decreto, disporá a inclusión destas no programa.

Emenda nº45, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 51





Débase substituír no segundo parágrafo do apartado 1, na liña primeira: "...no prazo máximo de dez días hábiles..." por: "...no prazo máximo de trinta días hábiles..."

Emenda nº46, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 51

Débase substituír no punto 2, liña primeira: "..., no prazo de tres meses,...", por: "..., no prazo de catro meses,..."

Emenda nº47, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 51

Débase substituír no apartado 4, liña catro: "... o prazo de dous meses,..." por: "... o prazo de tres meses..."

Emenda nº48, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 51

Débase modificar o último parágrafo do apartado 4 substituíndo: "Transcorrido o prazo de tres meses..." por: "Transcorrido o prazo de cinco meses..."

Emenda nº49, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 51

Débase modificar o apartado 6 substituíndo:
-No primeiro parágrafo, liña 10, "...máximo de tres meses..."
por: "...máximo de dous meses..."
-No segundo parágrafo, liña 1: "Se, transcorridos tres meses..."
por: "Se, transcorridos dous meses..."

Emenda nº50, ao apartado 10, de Adición. Artigo 51

Débase engadir no segundo parágrafo, liña primeira, despois de "... ordenación do territorio..." "... e dos Plans sectoriais..."

Emenda nº51, ao apartado 10, de Adición. Artigo 51



Débese engadir, no segundo parágrafo, despois de "... Directrices de ordenación do territorio..." o seguinte: "... e dos plans sectoriais..."

Emenda nº52, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 52

Débese substituír, no apartado 1, parágrafo segundo, liña primeira: "...no prazo máximo de dez días hábiles..." por: "... no prazo de trinta días hábiles..."

Emenda nº53, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 52

Débese substituír no apartado 2, primeira liña: "... no prazo de tres meses..." por: "... no prazo de catro meses..."

Emenda nº54, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 52

Débese substituír no apartado 4, liña primeira: "... no prazo de quince días hábiles..." Por: "... no prazo de trinta días hábiles..."

Emenda nº55, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 54

Débese modificar no punto 1, parágrafo segundo, liña primeira: "... no prazo máximo de dez días hábiles..." por: "... no prazo máximo de trinta días hábiles..."

Emenda nº56, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 54

Débese substituír no apartado 2, liña primeira: "...no prazo de dous meses..." por: "... no prazo de tres meses..."

Emenda nº57, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 54

Débese substituír no apartado 4, liña primeira: "... no prazo de quince días hábiles..." por: "... no prazo de trinta días hábiles..."



Emenda nº58, ao apartado 1, de Adición. Artigo 56

Débese engadir no apartado 1, liña primeira, despois de "...ordenación do territorio...". "... de iniciativa pública..."

Emenda nº59, de Supresión. Disposición adicional quinta

Débese suprimir a Disposición adicional quinta.

Emenda nº60, ao apartado sexta bis), de Adición. Disposición adicional sexta

Débese engadir unha nova disposición adicional sexta bis:

"Disposición adicional sexta bis)

A Xunta de Galicia presentará ante o Parlamento galego, cunha periodicidade bianual, unha memoria coa previsión, planificación e xestión dos instrumentos de ordenación do territorio."

Emenda nº61, de Adición. Disposición derogatoria única

Débese engadir ao final da disposición o seguinte: "... Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento de iniciativas empresariais de Galicia."

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 06/02/2020 16:22:08



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DO
TERRITORIO DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000021).**

Emenda nº1, de Modificación. Artigo 1

Débese modificar no artigo 1 o seguinte contido.
Onde di: "...e dentro do necesario respecto ás competencias...",
debe dicir: "...e dentro do obrigado respecto ás
competencias...".

Emenda nº2, de Adición. Artigo 1

Débese engadir no artigo 1 o seguinte contido.
Despois de: "...os principios...", engadir: "...obxectivos...".

Emenda nº3, de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo parágrafo no artigo 1, que quedará
redactado co seguinte contido.
"Neste sentido, tamén é obxecto desta lei establecer as
determinacións básicas para o funcionamento do Instituto do
Estudo do Territorio, en consonancia co que xa fora establecido
na lexislación autonómica pertinente e que agora derogase."

Emenda nº4, ao apartado 2.b, de Modificación. Artigo 2

Débese modificar na alínea b) do punto 2 do artigo 2 o seguinte
contido.
Onde di: "...a Estratexia galega de infraestrutura verde e da
conectividade...", debe dicir: "...a Estratexia galega de
infraestrutura verde, de ser o caso, e da conectividade...".



Emenda nº5, ao apartado 2.g, de Adición. Artigo 2

Débase engadir ao final da alínea g) do punto 2 do artigo 2 o seguinte contido.

Engadir *in fine*: "...garantindo o dereito á igualdade por parte das persoas con discapacidade a través da promoción da autonomía persoal e da accesibilidade universal, erradicando calquera forma de discriminación ao respecto."

Emenda nº6, ao apartado 2.h, de Modificación. Artigo 2

Débase modificar a alínea h) do punto 2 do artigo 2, que quedará redactada co seguinte contido.

"h) A publicidade e a garantía de participación da cidadanía nos procedementos de ordenación territorial."

Emenda nº7, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 2

Débase engadir un novo punto no artigo 2 que quedará redactado co seguinte contido.

"2 *bis*. Os instrumentos previstos na presente lei son complementarios e non excluíntes dos que respecto da ordenación urbanística do solo se regulan na súa lexislación específica."

Emenda nº8, ao apartado b, de Adición. Artigo 3

Débase engadir na alínea b) do artigo 3 a seguinte expresión.

Despois de: "...os seus efectos...", engadir: "...sobre a cidadanía e especialmente...".

Emenda nº9, ao apartado i, de Modificación. Artigo 3

Débase modificar na alínea i) do artigo 3 a seguinte expresión.

Onde di: "A conservación e a posta en valor...", debe dicir: "A recuperación e conservación e a posta en valor..."



Emenda nº10, ao apartado o, de Adición. Artigo 3

Débase engadir na alínea o) do artigo 3 a seguinte expresión.
Despois de: "...de xénero...", engadir: "...autonomía persoal e...".

Emenda nº11, de Adición. Artigo 5

Débase engadir no artigo 5 o seguinte contido.
Despois de: "...desenvolvementos existentes...", engadir:
"...compatibles cos obxectivos desta lei...".

Emenda nº12, de Adición. Artigo 5

Débase engadir ao final do artigo 5 o seguinte contido.
Engadir *in fine*: "...e tendo en consideración os acordos e as determinacións formuladas polo resto de administracións con competencia nestas materias, de acordo ao artigo 11 desta lei."

Emenda nº13, ao apartado 2, de Adición. Artigo 6

Débase engadir ao final do punto 2 do artigo 6 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...e incluírase no deseño, a definición e a execución do planeamento urbanístico, cumprindo cando menos cos seguintes elementos clave:

- a) A interrelación, proximidade e combinación dos usos para facer confluír as catro esferas da vida cotiá –produtiva, reprodutiva, política e persoal– e outorgarlles o mesmo valor.
- b) A sostibilidade como eixo que, de forma transversal, impregne todo o urbanismo que debe ter coidado do medio: auga, enerxía, contaminación, solo, residuos, medio natural, zonas verdes ou espazos naturais.
- c) Empregar o concepto de cidade coidadora como modelo urbano, isto é, que o espazo urbano, mobilidade, transporte público, accesibilidade, seguridade, equipamento e deseño das vivendas estean en función das persoas e a vida cotiá.
- d) Garantir o dereito de información da cidadanía e dos colectivos afectados, así como fomentar a participación cidadá en todas as fases, tendo especial coidado de incluír tanto a





paridade como a diversidade en todas as vertentes, incluída a participación da infancia. Hai que priorizar criterios inclusivos e favorecer a equidade no acceso ós servizos e infraestruturas urbanas.

e) O uso da linguaxe inclusiva na redacción dos documentos e a adaptación da linguaxe nos procesos participativos para fomentar a inclusión."

Emenda nº14, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 6

Débese modificar no punto 3 do artigo 6 o seguinte contido. Onde di: "...procurar o mesmo grado de cohesión social...", debe dicir: "...procurar o máximo grado de cohesión social..."

Emenda nº15, ao apartado 3, de Adición. Artigo 6

Débese engadir ao final do punto 3 do artigo 6 o seguinte contido. Engadir *in fine*: "...de acordo co resto de administracións de acordo ao artigo 11 desta lei."

Emenda nº16, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 7

Débese modificar no punto 2 do artigo 7 o seguinte contido. Onde di: "...contribuirá á protección da paisaxe e propoñerá...", debe dicir: "...contribuirá a recuperación, mellora, valorización e protección da paisaxe e propoñerá..."

Emenda nº17, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 9

Débese modificar no segundo parágrafo do punto 1 do artigo 9 o seguinte contido. Onde di: "...verdes públicas de maior entidade, así como...", debe dicir: "...verdes públicas con suficiente entidade, así como..."



Emenda nº18, de Modificación. Artigo 10

Débese modificar no artigo 10 o seguinte contido.
Onde di: "...participación da iniciativa privada,...", debe dicir:
"...participación das iniciativas públicas ou privadas,...".

Emenda nº19, de Modificación. Artigo 10

Débese modificar no artigo 10 o seguinte contido.
Onde di: "...nos termos previstos nesta lei.", debe dicir:
"...termos previstos na lexislación vixente."

Emenda nº20, de Adición. Artigo 10

Débese engadir un novo parágrafo no artigo 10 que quedará redactado co seguinte contido:
"En calquera caso en relación á ordenación territorial, a actividade urbanística pública corresponde co carácter xeral aos municipios, que exercerán cantas competencias en materia urbanística lle estean expresamente atribuídas ou aquelas que non foran atribuídas a outras administracións."

Emenda nº21, ao apartado 1.d, de Adición. Artigo 12

Débese engadir ao final da alínea d) do punto 1 do artigo 12 o seguinte contido.
Engadir *in fine*: "...e a ser informados sobre as suxestións ou alegacións realizadas."

Emenda nº22, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 13

Débese modificar no punto 1 do artigo 13 o seguinte contido.
Onde di: "...empregando mecanismos que fomenten...", debe dicir: "...empregando mecanismos que fomenten e garantan e favorezan...".

Emenda nº23, ao apartado 2, de Adición. Artigo 13





Débese engadir ao final do punto 2 do artigo 13 o seguinte contido.

Engadir *in fine*: "...e a ser informados sobre as suxestións ou alegacións realizadas."

Emenda nº24, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 13

Débese engadir un novo punto no artigo 13 que quedará redactado co seguinte contido.

"2 *bis*. En todo caso, calquera dos instrumentos de ordenación territorial contemplados nesta lei será sometido a un período non menor de vinte días de participación cidadá, mediante a exposición pública e audiencia ás entidades locais, previamente a súa aprobación."

Emenda nº25, ao apartado 2 ter), de Adición. Artigo 13

Débese engadir un novo punto no artigo 13 que quedará redactado co seguinte contido.

"2 *ter*. O proceso de participación instrumentarase mediante un plan de participación que farase público e que deberá conter ao menos: a identificación dos axentes sociais e cidadanía interesada; resúmenes das propostas de ordenación máis importantes para facilitar a difusión e comprensión cidadá; a Memoria de viabilidade e sostibilidade económica; a metodoloxía e ferramentas de difusión e participación, que incluírán tanto sistemas de participación on-line como sesións explicativas sobre o contido da ordenación futura e das alternativas valoradas; e finalmente, as conclusións valoradas do proceso de participación levado a cabo."

Emenda nº26, ao apartado 1.d, de Supresión. Artigo 16

Débese suprimir a alínea d) do punto 1 do artigo 16.

Emenda nº27, ao apartado 1.d bis), de Supresión. Artigo 16



Débese engadir unha nova alínea no punto 1 do artigo 16 que quedará redactado co seguinte contido.
"d *bis*) Programas coordinados de actuación."

Emenda nº28, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 16

Débese modificar no punto 2 do artigo 16 o seguinte contido.
Onde di: "...facilitarán aos encargados da súa redacción...",
debe dicir: "...facilitarán ás persoas encargadas da súa redacción...".

Emenda nº29, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 16

Débese suprimir no segundo parágrafo do punto 3 a seguinte expresión.
Suprimir: "...por persoas...".

Emenda nº30, ao apartado 3, de Adición. Artigo 16

Débese engadir no punto 3 do artigo 16 o seguinte contido.
Despois de: "...territorio efectuarana...", engadir: "...equipos interdisciplinarios integrados polos...".

Emenda nº31, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 16

Débese suprimir no punto 3 do artigo 16 o seguinte contido.
Suprimir: "...ou, se é o caso, dispoñer de titulación equivalente que habilite para o exercicio das ditas profesións."

Emenda nº32, ao apartado 3, de Adición. Artigo 16

Débese engadir no segundo parágrafo do punto 3 do artigo 16 o seguinte contido.
Despois de: "...arquitecto ou arquitecta...", engadir: "...outro...".



Emenda nº33, ao apartado 3, de Adición. Artigo 17

Débese engadir no punto 3 do artigo 17 o seguinte contido.
Despois de: "...xustificadamente...", engadir: "...e en consonancia coas determinacións aprobadas ao respecto polas administracións locais afectadas..."

Emenda nº34, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 18

Débese modificar no punto 1 do artigo 18 o seguinte contido.
Onde di: "...de calquera instrumento de ordenación do territorio, a ...", debe dicir: "...calquera dos instrumentos de ordenación do territorio recollidos no artigo 16.1 desta lei, a..."

Emenda nº35, ao apartado 1.a, de Adición. Artigo 18

Débese engadir ao final da alínea a) do punto 1 do artigo 18 o seguinte contido.
Engadir *in fine*: "...ou do número de vivendas orixinais."

Emenda nº36, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 18

Débese modificar o punto 2 do artigo 18 que quedará redactado co seguinte contido.
"2. Con carácter previo á adopción do acordo de suspensión, darase audiencia ao órgano da Administración pública responsable do inicio do procedemento de elaboración correspondente polo trazo dun mes. No seu caso, os concellos deberán informar das licenzas solicitadas que nas áreas afectadas se verían ou non condicionadas pola suspensión."

Emenda nº37, ao apartado 3, de Adición. Artigo 18

Débese engadir no punto 3 do artigo 18 o seguinte contido.
Despois de: "...Iguualmente,...", engadir: "...de ser o caso..."

Emenda nº38, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 18



Débese suprimir o punto 4 do artigo 18.

Emenda nº39, ao apartado 6, de Adición. Artigo 18

Débese engadir ao final do punto 6 do artigo 18 o seguinte contido.

Engadir *in fine*: "...ou no prazo recollido no correspondente instrumento de ordenación."

Emenda nº40, ao apartado 1.d, de Supresión. Artigo 19

Débese suprimir na alínea d) do punto 1 do artigo 19 o seguinte contido.

Suprimir: "...Os proxectos de interese autonómico e...".

Emenda nº41, ao apartado 1.e, de Supresión. Artigo 19

Débese suprimir na alínea e) do punto 1 do artigo 19 o seguinte contido.

Suprimir: "...a solicitude da persoa promotora...".

Emenda nº42, ao apartado 2.b, de Supresión. Artigo 19

Débese suprimir na alínea b) do punto 2 do artigo 19 o seguinte contido.

Suprimir: "...e os proxectos de interese autonómico e...".

Emenda nº43, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 19

Débese suprimir o punto 3 do artigo 19.

Emenda nº44, ao apartado 1.g bis), de Adición. Artigo 21



Débese engadir unha nova alínea no punto 1 do artigo 21 que quedará redactado co seguinte contido.

"g bis) Valoracións dos déficits de equipamentos nos diferentes ámbitos do territorio."

Emenda nº45, ao apartado 1.m, de Adición. Artigo 21

Débese engadir ao final da alínea m) do punto 1 do artigo 21 o seguinte contido.

Engadir *in fine*: "...cunha cuantificación das súas necesidades nas diferentes áreas ou zonas do territorio e establecemento dos parámetros a ter en conta polos instrumentos de ordenación urbanística a efectos de asegurar a dispoñibilidade do solo necesario para acadar dito fin."

Emenda nº46, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 23

Débese engadir un novo punto no artigo 23 que quedará redactado co seguinte contido.

"4 *bis*. O borrador das directrices, conxuntamente cos informes e documentos previos que serviron para a súa elaboración, serán remitidas ao Parlamento de Galicia para o seu coñecemento e poda servir de elemento de referencia con respecto a valoración que realice de acordo ao recollido no artigo 51.10 desta lei."

Emenda nº47, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 25

Débese suprimir o punto 1 do artigo 25.

Emenda nº48, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 25

Débese modificar no punto 2 do artigo 25 o seguinte contido.

Onde di: "...Parlamento de Galicia, cada tres anos, unha memoria...", debe dicir: "...Parlamento de Galicia, anualmente, unha memoria...".



Emenda nº49, ao apartado 2, de Adición. Artigo 25

Débese engadir ao final do punto 2 do artigo 25 o seguinte contido.

Engadir *in fine*: "...realizada en base aos criterios ou directrices que a Cámara galega previamente aprobe."

Emenda nº50, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 25

Débese engadir un novo punto no artigo 25 que quedará redactado co seguinte contido.

"2 bis. Dita memoria será pública na páxina de transparencia do Parlamento de Galicia, abrindo un prazo de tempo non inferior a 20 días para que a cidadanía poda presentar as valoracións ou alegacións que considere oportunas."

Emenda nº51, de Adición. Artigo 25 bis

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 25 bis. Consello de Ordenación do Territorio de Galicia.

1. O Consello de Ordenación do Territorio de Galicia é o órgano colexiado de tipo representativo e consultivo disposto para a coordinación dos intereses territoriais, públicos e privados, que conflúen no territorio da Comunidade Autónoma, o cal queda adscrito sen dependencia xerárquica á consellería competente en materia de ordenación do territorio.

2. A súa composición asegurará unha presenza institucional que permita a coordinación dos distintos departamentos da Administración da Comunidade Autónoma co resto de administracións públicas con competencias sobre o territorio, e contará con representacións das organizacións máis representativas das entidades locais, empresariais e sindicais, así como con ca participación de asociación e outras entidades vinculadas á ordenación do territorio e a inclusión de expertos e especialistas nesta materia.

3. A determinación da súa composición, organización e réxime de funcionamento corresponde á Xunta de Galicia, a cal aprobará mediante Decreto.

4. Corresponden ao Consello de Ordenación do Territorio de Galicia, as seguintes competencias:

a) Emitir informe sobre os instrumentos de ordenación territorial elaborados pola Comunidade Autónoma, así como sobre todos



os anteproxectos da Administración autonómica que incidan na ordenación do territorio en calquera dos seus aspectos.

b) Emitir informe territorial sobre os plans, programas e proxectos con incidencia territorial.

c) Evacuar as consultas que lle sexan requiridas polo Parlamento de Galicia ou a persoa responsable da consellería en materia de ordenación do territorio.

d) Promover a realización de investigación e reunións científicas, estudos e actuacións de divulgación en materia de ordenación do territorio e, en especial, a formación sobre conceptos e aplicación de impacto territorial.

e) Informar á Comisión Superior de Urbanismo naquelas cuestión que pola súa dimensión ou importancia así o requiran, a solicitude do seu presidente .

5. Na súa composición respectarase o necesario equilibrio de xénero."

Emenda nº52, ao apartado 5 bis), de Adición. Artigo 26

Débese engadir un novo punto no artigo 26 que quedará redactado co seguinte contido.

"5 *bis*. Respectarase en calquera caso as competencias propias que ao respecto están recollidas para a Área Metropolitana de Vigo, de acordo a súa lei vixente, así como para aquelas que no seu caso puideran constituírse."

Emenda nº53, ao apartado j bis), de Adición. Artigo 27

Débese engadir unha nova alínea no artigo 27 que quedará redactada co seguinte contido.

"j *bis*) Estimación ponderada das superficies de solo que deban reservarse con destino a algunha das seguintes finalidades:

- Construción de vivendas de protección oficial, tanto de promoción pública coma privada, ou de calquera outra que no futuro puidese ser limitada no seu prezo final mediante regulación específica.

- Promoción pública de solo industrial co obxecto de posibilita-la formación de polígonos urbanizados."



Emenda nº54, ao apartado q bis), de Adición. Artigo 27

Débese engadir unha nova alínea no artigo 27 que quedará redactada co seguinte contido.

"q *bis*) Estudio económico, no que se analice a coherencia entre as normas e actuacións propostas e as dispoñibilidade de recursos."

Emenda nº55, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 31

Débese modificar o punto 2 do artigo 31 que quedará redactado co seguinte contido.

"2. Cando os plans territoriais integrados incidan sobre plans urbanísticos xa existentes, o acordo de aprobación definitiva daqueles precisará, necesariamente, os puntos concretos nos que estes podan quedar modificados, sen prexuízo de que cos concellos afectados se acorden os procedementos precisos para adaptalos ás determinacións daqueles."

Emenda nº56, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 32

Débese modificar no punto 2 do artigo 32 o seguinte contido.

Onde di: "...plans sectoriais referidos aos seguintes ámbitos ou sectores:...", debe dicir: "...plans sectoriais referidos aos ámbitos competenciais da Comunidade Autónoma de Galicia ao menos aos seguintes ámbitos ou sectores:..."

Emenda nº57, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 32

Débese engadir un novo punto no artigo 32 que quedará redactado co seguinte contido.

"2 *bis*. Conxugaranse as formulacións que para a elaboración destes plans poda contar a súa normativa sectorial específica cas establecidas na presente lei."

Emenda nº58, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 32

Débese suprimir o punto 5 do artigo 32.



Emenda nº59, ao apartado 6.a, de Adición. Artigo 32

Débase engadir na alínea a) do punto 6 do artigo 32 o seguinte contido.

Despois de: "...no número 2...", engadir: "...ou aqueles outros que podan establecerse...".

Emenda nº60, ao apartado 6 bis), de Adición. Artigo 32

Débase engadir un novo punto no artigo 32 que quedará redactado co seguinte contido.

"6 *bis*. Respectaranse en calquera caso as competencias propias que ao respecto están recollidas para a Área Metropolitana de Vigo, de acordo a súa lei vixente, así como para aquelas que no seu caso puideran constituírse."

Emenda nº61, ao apartado f, de Supresión. Artigo 34

Débase suprimir na alínea f) do artigo 34 o seguinte contido.
Suprimir: "...de ser o caso...".

Emenda nº62, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 35

Débase modificar no punto 2 do artigo 35 o seguinte contido.

Onde di: "...urbanístico ou o momento ou os prazos nos que os concellos deberán adaptarse ás ditas determinacións.", debe dicir: "...urbanístico concretándose con concellos afectados o momento ou prazos nos que estes deberán adaptarse ás ditas determinacións."

Emenda nº63, de Supresión. Artigo 36

Débase suprimir o artigo 36.

Emenda nº64, de Supresión. Sección 4ª



Débese suprimir a Sección 4ª.

Emenda nº65, de Supresión. Artigo 37

Débese suprimir o artigo 37.

Emenda nº66, ao apartado 1, de Adición. Artigo 37

No caso de non aceptar a emenda de supresión do artigo 37, débese engadir no punto 1 do artigo 37 o seguinte contido.
Despois de: "...dun interese supramunicipal cualificado:...", engadir: "...coa correspondente declaración de interese económico:...".

Emenda nº67, ao apartado 1.c, de Supresión. Artigo 37

No caso de non aceptar a emenda de supresión do artigo 37, débese suprimir a alínea c) do punto 1 do artigo 37.

Emenda nº68, ao apartado 2.c, de Supresión. Artigo 37

No caso de non aceptar a emenda de supresión do artigo 37, débese suprimir a alínea c) do punto 2 do artigo 37.

Emenda nº69, ao apartado 3.b, de Adición. Artigo 37

No caso de non aceptar a emenda de supresión do artigo 37, débese engadir ao final da alínea b) do punto 3 do artigo 37 o seguinte contido.
Engadir in fine: "...así como cos criterios e obxectivos xerais definidos polos instrumentos urbanísticos municipais que correspondan."

Emenda nº70, ao apartado 5, de Adición. Artigo 37



No caso de non aceptar a emenda de supresión do artigo 37, débese engadir ao final do punto 5 do artigo 37 o seguinte contido.

Engadir *in fine*: "...requirindo ser de interese público ou social e para a satisfacción de intereses xerais e non particulares."

Emenda nº71, ao apartado 6, de Adición. Artigo 37

No caso de non aceptar a emenda de supresión do artigo 37, débese engadir ao final do punto 6 do artigo 37 o seguinte contido.

Engadir *in fine*: "...así como, no seu caso, a que puidera pertencer a patrimonio público."

Emenda nº72, ao apartado 8, de Adición. Artigo 37

No caso de non aceptar a emenda de supresión do artigo 37, débese engadir no punto 8 do artigo 37 o seguinte contido.

Despois de: "...pola lexislación sectorial...", engadir: "...e no seu caso da normativa municipal correspondente...".

Emenda nº73, de Supresión. Artigo 38

Débese suprimir o artigo 38.

Emenda nº74, de Supresión. Artigo 39

Débese suprimir o artigo 39.

Emenda nº75, ao apartado 2, de Adición. Artigo 39

No caso de non aceptar a emenda de supresión do artigo 39, débese engadir ao final do punto 2 do artigo 39 o seguinte contido.





Engadir *in fine*: "...Os informes dos concellos respecto daquelas competencias urbanísticas municipais, serán preceptivos e determinantes."

Emenda nº76, de Supresión. Artigo 40

Débese suprimir o artigo 40.

Emenda nº77, de Supresión. Artigo 41

Débese suprimir o artigo 41.

Emenda nº78, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 41

No caso de non aceptar a emenda de supresión do artigo 41, débese modificar no punto 1 do artigo 41 o seguinte contido. Onde di: "...autonómico detallarán as determinacións do plan sectorial que desenvolvan, de ser...", debe dicir: "...autonómico determinarán a adecuación aos plans sectorial onde se inclúan, de ser..."

Emenda nº79, de Supresión. Artigo 42

Débese suprimir o artigo 42.

Emenda nº80, de Supresión. Artigo 43

Débese suprimir o artigo 43.

Emenda nº81, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 43

No caso de non aceptar a emenda de supresión do artigo 43, débese modificar no punto 2 do artigo 43 o seguinte contido.





Onde di: "...autonómico poderán desenvolverse en calquera clase de solo.", debe dicir: "...autonómico desenvolveranse unha vez realizada no seu caso a modificación da clasificación do solo que sexa congruente para a súa execución."

Emenda nº82, ao apartado 3, de Adición. Artigo 43

No caso de non aceptar a emenda de supresión do artigo 43, débese engadir ao final do punto 3 do artigo 43 o seguinte contido.

Engadir *in fine*: "...e lodo do informe preceptivo e determinante do concello afectado."

Emenda nº83, de Supresión. Artigo 44

Débese suprimir o artigo 44.

Emenda nº84, ao apartado 2, de Adición. Artigo 44

No caso de non aceptar a emenda de supresión do artigo 44, débese engadir no punto 2 do artigo 44 o seguinte contido.

Despois de: "...previa declaración de interese autonómico...", engadir: "...previa declaración de interese autonómico polo Consello da Xunta de Galicia, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*."

Emenda nº85, de Supresión. Artigo 45

Débese suprimir o artigo 45.

Emenda nº86, ao apartado 7, de Supresión. Artigo 45

No caso de non aceptar a emenda de supresión do artigo 45, débese suprimir o punto 7 do artigo 45.



Emenda nº87, de Supresión. Artigo 46

Débese suprimir o artigo 46.

Emenda nº88, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 46

No caso de non aceptar a emenda de supresión do artigo 46, débese modificar o punto 1 do artigo 46 que quedará redactado co seguinte contido.

"1. Os proxectos públicos de interese autonómico terán vixencia indefinida e para os proxectos privados de interese autonómico a súa vixencia será fixada polo Consello da Xunta de Galicia a proposta da consellería competente na materia de que se trate."

Emenda nº89, de Supresión. Artigo 47

Débese suprimir o artigo 47.

Emenda nº90, de Supresión. Artigo 48

Débese suprimir o artigo 48.

Emenda nº91, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 48

No caso de non aceptar a emenda de supresión do artigo 48, débese engadir un novo punto no artigo 48 que quedará redactado co seguinte contido.

"4 bis. No caso exercer a potestade expropiatoria en favor dunha persoa privada, a persoa beneficiaria deberá xustificar a necesidade de articular tal proceso de expropiación forzosa en pos dun interese público manifesto, así como a imposibilidade de poder acudir a outros sistemas previstos para o seu desfrute ou adquisición."

Emenda nº92, de Supresión. Artigo 49



Débese suprimir o artigo 49.

Emenda nº93, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 49

No caso de non aceptar a emenda de supresión do artigo 49, débese modificar no punto 6 do artigo 49 o seguinte contido.

Onde di: "...poderá declarar a caducidade...", debe dicir: "...declarará a caducidade...".

Emenda nº94, de Supresión. Artigo 50

Débese suprimir o artigo 50.

Emenda nº95, de Adición. Sección 4ª bis

Débese engadir unha nova sección que quedará redactada co seguinte contido.

"Sección 4ª bis. Programas coordinados de actuación."

Emenda nº96, de Adición. Artigo 50 bis

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 50 *bis*. Funcións dos programas coordinados de actuación.

Son funcións dos programas coordinados de actuación:

a) Formular un programa plurianual, referido á totalidade do ámbito comunitario ou a algunhas das áreas deste, de carácter sectorial ou intersectorial, integrando as actuacións propostas polas distintas administracións ou organismos públicos que operen no ámbito da Comunidade Autónoma.

b) Determinar, conxuntamente e de acordo co réxime de competencias establecido pola lexislación vixente, as administracións ou os organismos responsables da súa execución e, se é o caso, os criterios para establece-los necesarios acordos ou convenios entre as administracións públicas que deban proceder ó seu desenvolvemento conxunto."



Emenda nº97, de Adición. Artigo 50 ter

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 50 *ter*. Documentación e determinacións.

1. Os programas coordinados de actuación constarán dos documentos escritos e gráficos necesarios para reflectir o seguinte contido:

- a) Obxectivos que se perseguen na formulación do programa.
- b) Análise dos aspectos sectoriais a que se refiran as súas propostas, formulando un diagnóstico sobre a súa eficacia en relación co sistema xeral de asentamentos residenciais ou produtivos e co medio natural.
- c) Relación e localización das obras e actuacións integradas neles.
- d) Estimación ponderada dos custos das ditas obras e actuacións.
- e) Os recursos, directos ou indirectos, cos que se proxecte financia-las ditas obras e actuacións.
- f) Prioridades para a súa execución e, se é o caso, programación temporal para a iniciación das obras e actuacións incluídas no programa.
- g) Medidas de articulación, se é o caso, entre os programas coordinados de actuación, as directrices de ordenación do territorio e demais instrumentos de ordenación urbanística e do territorio vixentes.
- h) Relación cos plans ou programas de obras dos distintos organismos públicos que interveñen no territorio da Comunidade Autónoma.
- i) Causas e procedementos para a súa actualización continua.

2. O contido dos programas coordinados de actuación poderá, así mesmo, referirse á execución de infraestruturas básicas, instalacións produtivas, industriais ou agrícolas, equipamentos e vivendas."

Emenda nº98, de Adición. Artigo 50 quater

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 50 *quater*. Carácter



1. Os programas coordinados de actuación, polo seu carácter de instrumento de programación plurianual, constituirán referencia para a actuación das administracións e dos organismos públicos ós que lles corresponda a execución e xestión das obras e actuacións incluídas neles e, en consecuencia:

a) Servirán de marco de referencia para a elaboración, polo Consello da Xunta de Galicia, dos proxectos de presupostos da Comunidade Autónoma.

b) Constituirán a base para o establecemento de convenios e acordos de cooperación coas entidades locais e urbanísticas especiais.

c) Constituirán, así mesmo, a base para o establecemento de convenios e acordos coa Administración do Estado, en canto ás obras ou actuacións da súa competencia que teñan que realizarse no ámbito da Comunidade Autónoma, así como con outras comunidades autónomas.

2. A formulación destes contidos respectará o ámbito de competencias municipais, tendo en conta a autonomía dos concellos para a xestión dos seus intereses propios."

Emenda nº99, de Adición. Artigo 50 quintus

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 50 quintus. Eficacia.

1. Os programas coordinados de actuación non poderán modificar directamente as determinacións das figuras de planeamento xeral reguladas na lexislación urbanística nin das directrices de ordenación do territorio.

2. Cando as obras ou actuacións de interese estatal ou que afecten ó conxunto da Comunidade ou ámbitos supramunicipais dela previstas nun programa coordinado de actuación esixan unha modificación das determinacións dos plans xerais ou normas complementarias ou subsidiarias de planeamento e plans que os desenvolvan e a dita modificación non fose incorporada como consecuencia da adecuación do planeamento ás directrices de ordenación territorial, procederase, con carácter excepcional e logo de definida a obra ou actuación de que se trate, á adaptación dos ditos plans ó programa coordinado de actuación, nos prazos que nel se sinalen."



Emenda nº100, de Supresión. Artigo 50 sextus

Débase engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 50 *sextus*. Procedemento.

1. A formulación e aprobación dos programas coordinados de actuación axustarase ó seguinte procedemento:

a) Correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia, por proposta dunha ou varias consellerías, que poderán actuar a instancia dunha entidade local ou urbanística especial ou por propia iniciativa, acorda-la formulación dun programa coordinado de actuación.

O acordo, que deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia, será motivado, sinalará as causas que o xustifiquen e finalidades que se persigan, determinará a consellería encargada da súa formulación e as consellerías, entidades ou organismos que deben colaborar nela, así como o prazo dentro do cal deberá ser redactado o documento ó que se refire o apartado seguinte.

b) Adoptado o dito acordo e dentro do prazo que nel se sinale, procederase á redacción dun documento previo, no que se expoñan os obxectivos e as propostas básicas que deba desenvolver-lo programa coordinado de actuación.

c) O documento previo seralles remitido pola consellería encargada da súa elaboración ás corporacións locais afectadas, que, dentro dos dous meses seguintes á súa recepción, deberán remitir os programas de actuación ou actividades que desenvolvan os instrumentos de ordenación xeral, ó tempo que poderán efectuar as propostas de programación ou observacións e, se é o caso, alternativas que estimen convenientes.

Igualmente, remitiráselles ás corporacións e ós organismos públicos así como ás empresas prestadoras de servicios públicos que se estime necesario para que, dentro dos dous meses seguintes á súa recepción, acheguen os proxectos ou programas que teñan previsto executar.

d) A consellería que o elaborase acordará, logo diso, a aprobación inicial do programa coordinado de actuación, que será publicado no Boletín Oficial del Estado, no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na Comunidade Autónoma, e someterase ós trámites de información pública e audiencia dos concellos, entidades, corporacións e organismos públicos afectados, polo prazo de dous meses.





e) Á vista do resultado do trámite de información pública e audiencia, procederá á súa aprobación provisional incorporando as modificacións que, se é o caso, procedesen.

f) Logo da aprobación provisional, o programa coordinado de actuación será elevado polo departamento que a outorgase ó Consello da Xunta de Galicia, para a súa aprobación definitiva. A aprobación definitiva revestirá a forma de decreto e será obxecto de publicación no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia.

2. Cando circunstancias non previsibles no momento da aprobación dun programa coordinado de actuación requiran a inclusión nel de obras ou actuacións non previstas inicialmente, o Consello da Xunta de Galicia, mediante decreto, dispoñerá a inclusión destas no programa."

Emenda nº101, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 51

Débese suprimir no punto 4 do artigo 51 o seguinte contido.
Suprimir: "No caso dos proxectos de interese autonómico notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados."

Emenda nº102, ao apartado 10, de Adición. Artigo 51

Débese engadir no punto 10 do artigo 51 o seguinte contido.
Despois de: "...dará traslado destas...", engadir: "...así como da documentación completa que serviron para a súa elaboración, incluídas as alegacións presentadas e a valoración realizadas das mesmas,...".

Emenda nº103, ao apartado 10, de Adición. Artigo 51

Débese engadir ao final do punto 10 do artigo 51 o seguinte contido.
Engadir *in fine*: "...Iguale procedemento levarase a cabo no caso de promover modificacións substanciais das Directrices de Ordenación do Territorio."



Emenda nº104, ao apartado 10 bis), de Adición. Artigo 51

Débase engadir un novo punto no artigo 51 que quedará redactado co seguinte contido.

"10 bis. Ademais do recollido no punto anterior, a Xunta de Galicia comunicará trimestralmente ao Parlamento de Galicia comunicación sobre a aprobación do resto de instrumentos de ordenación do territorio que este lei recolle, con indicación das súas principais característica."

Emenda nº105, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 53

Débase modificar no punto 2 do artigo 53 o seguinte contido.

Onde di: "...modificacións terán o carácter de non substanciais. En todo caso, terán este carácter, sempre...", debe dicir: "...modificacións terán o carácter de substanciais ou non substanciais. En todo caso terán o carácter de non substanciais, sempre..."

Emenda nº106, de Modificación. Artigo 54

Débase modificar o título do artigo 54 que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 54. Procedemento de modificacións dos instrumentos de ordenación do territorio."

Emenda nº107, ao apartado 1, de Adición. Artigo 54

Débase engadir ao principio do punto 1 do artigo 54 o seguinte contido.

Engadir: "1. Para as modificacións substanciais dos instrumentos de ordenación do territorio, seguirase o mesmo procedemento que para a súa aprobación..."

Emenda nº108, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 57

Débase modificar no punto 1 do artigo 57 o seguinte contido.



Onde di: "...ordenación do territorio terán vixencia indefinida, sen...", debe dicir: "...ordenación do territorio terán a vixencia que se aprobe para cada un deles, sen...".

Emenda nº109, de Adición. TÍTULO I bis

Débese engadir un novo Título que quedará redactado co seguinte contido.
"TÍTULO I *bis*. O Instituto de Estudos do Territorio."

Emenda nº110, de Adición. CAPÍTULO I bis

Débese engadir un novo Capítulo que quedará redactado co seguinte contido.
"CAPÍTULO I *bis*. Disposicións xerais."

Emenda nº111, de Adición. Artigo 58 bis

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.
"Artigo 58 *bis*. Natureza e obxecto
1. De conformidade co disposto na lexislación autonómica en materia de ordenación do territorio ata gora existente, o Instituto de Estudos do Territorio é o organismo autónomo de carácter administrativo que ten por obxecto a análise, o estudo e o asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio.
2. Para o cumprimento dos seus fins o Instituto de Estudos do Territorio dispón de patrimonio propio e goza de personalidade xurídica propia, autonomía funcional e plena capacidade de obrar."

Emenda nº112, de Adición. Artigo 58 ter

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.
"Artigo 58 *ter*. Funcións





1. As funcións do Instituto de Estudos do Territorio serán as seguintes:

a) Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio.

b) Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, a fin de implementar as políticas da paisaxe na planificación urbanística e territorial.

c) Prestar apoio á consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

d) A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellarías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural.

e) O apoio e o asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe, e de colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade.

f) Delimitar as grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os catálogos da paisaxe e elaborar os catálogos da paisaxe de Galicia.

g) Formar, sensibilizar e concienciar a sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes.

h) Avaliar o estado de conservación das paisaxes de Galicia, analizar as súas transformacións e previsible evolución e realizar estudos e propostas en materia de paisaxe.

i) Promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, sobre todo mediante asistencia científica e técnica mutua, e intercambios de experiencias con fins de formación e información.

j) O seguimento de iniciativas de investigación e difusión de coñecementos de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe.

k) Fomentar o intercambio de información e experiencias, así como a asistencia científica e técnica mutua en materia de paisaxes transfronteirizas.

l) Elaborar cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, que a Xunta de Galicia presentará ao Parlamento de Galicia.

2. As funcións atribuídas ao Instituto de Estudos do Territorio entenderanse sen prexuízo das que lles correspondan aos órganos urbanísticos da Comunidade Autónoma."



Emenda nº113, de Adición. Artigo 58 quater

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 58 *quater*. Réxime xurídico

1. O Instituto de Estudos do Territorio réxese polo disposto nesta lei e polas normas aplicables aos organismos autónomos dependentes da Administración autonómica.

2. Os actos do Consello Reitor do Instituto de Estudos do Territorio, ditados en exercicio das súas competencias, poñen fin á vía administrativa.

3. O Instituto de Estudos do Territorio estará adscrito organicamente á consellaría competente en materia de ordenación do territorio."

Emenda nº114, de Adición. CAPÍTULO I ter

Débese engadir un novo Capítulo que quedará redactado co seguinte contido.

"CAPÍTULO I *bis*. Órganos de Goberno."

Emenda nº115, de Adición. Artigo 58 quintus

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 58 *quintus*. Órganos

Os órganos de Goberno e Administración do Instituto de Estudos do Territorio son o Consello Reitor e a Dirección."

Emenda nº116, de Adición. Artigo 58 sextus

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 58 *sextus*. O Consello Reitor.

1. O Consello Reitor está formado por:

a) A Presidencia, que será exercida pola persoa titular da consellaría competente en materia de ordenación do territorio.

b) A Vicepresidencia, que lle corresponde á persoa titular do centro directivo competente en materia de sustentabilidade e paisaxe.



- c) Un mínimo de catro e un máximo de oito vogais, nos que terán representación os concellos, designados na forma que se determine regulamentariamente.
- d) O director ou a directora do instituto.
- e) A Secretaría, que será exercida por quen designe o Consello Reitor entre o persoal adscrito ao Instituto de Estudos do Territorio, que poderá intervir nas deliberacións con voz pero sen voto.
2. O Consello Reitor é o órgano superior de dirección do Instituto de Estudos do Territorio, ao que lle corresponden as seguintes funcións:
- a) Aprobar as directrices de actuación do instituto.
- b) Aprobar o anteproxecto de orzamento anual de ingresos e gastos.
- c) Propoñer a estrutura orgánica e o cadro de persoal do instituto.
- d) Supervisar a actividade do instituto e a xestión do seu director ou directora.
- e) Aprobar o regulamento de réxime interior do instituto.
- f) Aqueloutras que regulamentariamente se determinen.
3. O funcionamento do consello rexerá polo disposto no regulamento de réxime interior e, no non previsto, polo disposto na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común."

Emenda nº117, de Adición. Artigo 58 séptimus

Débase engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 58 *séptimus*. A Dirección.

1. A directora ou o director do Instituto de Estudos do Territorio será nomeado por Decreto da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro ou conselleira competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.
2. Correspóndelle á directora ou ao director do Instituto de Estudos do Territorio:
 - a) A representación ordinaria do instituto.
 - b) A dirección e o impulso da actividade do instituto.
 - c) A execución dos acordos do consello reitor.
 - d) A xestión económica do instituto.
 - e) A Dirección dos servizos administrativos e a xefatura do persoal do instituto.



f) O exercicio das competencias que, correspondéndolle ao Instituto de Estudos do Territorio, non se atopen atribuídas legal ou regulamentariamente a outro órgano deste."

Emenda nº118, de Adición. CAPÍTULO I quater

Débase engadir un novo Capítulo que quedará redactado co seguinte contido.

"CAPÍTULO I *quater*. Do réxime financeiro e do persoal."

Emenda nº119, de Adición. Artigo 58 octavus

Débase engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 58 *octavus*. Réxime financeiro

1. O Instituto de Estudos do Territorio dispón, para o cumprimento dos seus fins, dos seguintes recursos:

- a) As cantidades que se lle asignen nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para garantir o funcionamento do instituto.
- b) As subvencións e outras achegas públicas ou privadas.
- c) As contraprestacións derivadas dos convenios nos que sexa parte.
- d) Os rendementos do seu patrimonio.
- e) Os rendementos percibidos como contraprestación pola prestación de servizos de publicacións e de calquera outro servizo retributivo do instituto.
- f) Os demais ingresos que poida percibir de acordo coa lexislación vixente.

2. Terán o carácter de patrimonio adscrito os bens que lle adscriba a Comunidade Autónoma.

Emenda nº120, de Adición. Artigo 58 nonus

Débase engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 58 *nonus*. Réxime do persoal

1. Os postos de traballo do Instituto de Estudos do Territorio serán cubertos por persoal en réxime de dereito laboral ou por



funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia ou doutras administracións públicas de acordo co disposto na Lei da función pública de Galicia.

2. O Instituto de Estudos do Territorio poderá encargar traballos de investigación, estudo e documentación para o mellor cumprimento dos seus fins, con suxeición á Lei de contratos das administracións públicas."

Emenda nº121, de Supresión. Disposición adicional terceira

Débese suprimir a Disposición adicional terceira.

Emenda nº122, de Modificación. Disposición adicional cuarta

Débese modificar na Disposición adicional cuarta o seguinte contido.

Onde di: "...se localice a maior parte da superficie construída da edificación obxecto do proxecto.", debe dicir: "...se localice a maior parte do investimento previsto realizar obxecto do proxecto."

Emenda nº123, de Supresión. Disposición adicional sexta

Débese suprimir a Disposición adicional sexta.

Emenda nº124, de Modificación. Disposición transitoria segunda

Débese modificar a Disposición transitoria segunda que quedará redactada co seguinte contido.

"A Xunta de Galicia no prazo máximo de tres meses dende a entrada en vigor desta lei, aprobará o documento que conteña a nova clasificación das determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia en vigor á clasificación recollida no artigo 17 desta lei, ao tempo que valorará a incidencia que esta lei ten sobre as mesmas co obxecto de proceder, no seu caso, a propoñer as modificacións ou



conclusións oportunas. Dito informe será trasladado ao Parlamento de Galicia para o seu coñecemento e valoración."

Emenda nº125, de Adición. Disposición transitoria segunda bis

Débase engadir unha nova disposición transitoria que quedará redactada co seguinte contido.

"Disposición transitoria segunda *bis*. Dotacións económicas do programa 521A

En aras a poder dar un mellor cumprimento aos obxectivos que nesta lei se recollen, a Xunta de Galicia promoverá un aumento das dotacións económicas incluídas no programa 521A dedicado á ordenación do territorio, que deberán ser incrementadas anualmente, ao menos, nos próximos cinco anos, nunha porcentaxe como mínimo do dobre que se produza no gasto non financeiro xeral para a Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº126, ao apartado 1, de Supresión. Disposición transitoria terceira

Débase suprimir o punto 1 da Disposición transitoria terceira.

Emenda nº127, ao apartado 2, de Modificación. Disposición transitoria terceira

Débase modificar no punto 2 da Disposición transitoria terceira o seguinte contido.

Onde di: "...Sen prexuízo do sinalado no número anterior, os ámbitos para os que as Directrices...", debe dicir: "...Nos ámbitos para os que as Directrices...".

Emenda nº128, de Adición. Disposición derradeira terceira

Débase engadir na Disposición derradeira terceira un novo parágrafo que quedará redactado co seguinte contido.

"No prazo máximo de catro meses a partir da entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galicia, a proposta da persoa titular da consellería competente en materia de ordenación do territorio,



aprobará o Regulamento de funcións, composición e réxime de funcionamento do Consello de Ordenación do Territorio de Galicia recollido no artigo 25-bis desta lei."

Emenda nº129, de Supresión. Exposición de motivos

Débese engadir ao final do quinto parágrafo do terceiro epígrafe da exposición de motivos o seguinte contido.
Engadir *in fine*: "..., presente lei, respectando especialmente a autonomía e competencias das corporacións locais."

Emenda nº130, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no primeiro parágrafo do cuarto epígrafe da exposición de motivos o seguinte contido.
Suprimir: "...e os proxectos de interese autonómico...".

Emenda nº131, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir o doceavo parágrafo do cuarto epígrafe da exposición de motivos.
Suprimir: "Finalmente, os proxectos de interese autonómico configúranse como instrumentos de intervención directa na ordenación do territorio da Comunidade Autónoma, que teñen por obxecto planificar e proxectar a execución inmediata de actuacións que transcenden o ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural, a súa magnitude ou as súas singulares características que as fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado, que non teñan previsión nin acomodo no planeamento urbanístico."

Emenda nº132, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir o treceavo parágrafo do cuarto epígrafe da exposición de motivos.
Suprimir: "Dado o seu carácter de instrumento directamente executivo, a lei regula a execución dos proxectos de interese autonómico e a posible subrogación na posición xurídica da



persoa ou da entidade promotora privada do dito proxecto que teña atribuída a súa execución."

Emenda nº133, de Adición. Exposición de motivos

Débase engadir no cuarto epígrafe da exposición de motivos o seguinte contido:

"Finalmente a lei inclúe entre os seus instrumentos de ordenación territorial os programas coordinados de actuación, co obxecto de posibilitar a formulación dun programa plurianual, referido á totalidade do ámbito comunitario ou a algunhas das áreas deste, de carácter sectorial ou intersectorial, integrando as actuacións propostas polas distintas administracións ou organismos públicos que operen no ámbito da Comunidade Autónoma. Igualmente estes instrumentos posibilitarán o poder determinar, conxuntamente e de acordo co réxime de competencias establecido pola lexislación vixente, as administracións ou os organismos responsables da súa execución e, se é o caso, os criterios para establece-los necesarios acordos ou convenios entre as administracións públicas que deban proceder ó seu desenvolvemento conxunto. Tal modalidade xa estaba presenta na lei aprobada no ano 1995, pero a diferenza do acontecido nestes últimos anos deberá, para ser efectiva, ser impulsada dun xeito decisivo singularmente dende a Administración autonómica."

Emenda nº134, de Adición. Exposición de motivos

Débase engadir un último parágrafo no cuarto epígrafe da exposición de motivos o seguinte contido.

"De acordo ao que xa incluían ás dúas anteriores leis sobre ordenación territorial que esta lei ven a derogar, recollese a regulación básica do existente Instituto de Estudos do Territorio, como organismo autónomo de carácter administrativo que ten por obxecto a análise, o estudo e o asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio, co obxecto de que este ente manteña o mesmo soporte legal do que está establecido na actualidade."





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2020 18:03:50
Nº Rexistro: 63370
Data envío: 06/02/2020 18:03:50.062

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/02/2020 18:03:36

CSV: BOPGDSPGO0oXKlaIS3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO GRUPO MIXTO AO PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000021).

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 16

Débase substituír o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 16. Instrumentos de ordenación do territorio

1. A ordenación do territorio de Galicia realizarase xerarquicamente a través dos seguintes instrumentos:

1º Directrices de ordenación do territorio.

2º Plans territoriais, que á súa vez clasifícanse en:

a. Plans territoriais integrados

b. Plans territoriais especiais.

3º Plans sectoriais.

4º Proxectos de interese autonómico.

2. A relación entre tipos de plans territoriais é de competencia, non de xerarquía.

3. A utilización dos instrumentos de ordenación urbanística e dos establecidos na lexislación sectorial que rexe as diversas actividades con impacto territorial subordínanse xerarquicamente aos instrumentos de ordenación do territorio relacionados no apartado 1 deste artigo.

4. En aplicación dos principios de cooperación e colaboración, os organismos públicos prestarán o seu apoio á redacción dos instrumentos de ordenación do territorio e, ao efecto, facilitarán aos encargados da súa redacción os documentos e a información necesarios.

5. A redacción dos instrumentos de ordenación do territorio efectuarana facultativos ou facultativas coa correspondente titulación universitaria, en función da materia obxecto de regulación.

Os instrumentos de ordenación do territorio que impliquen a transformación urbanística do solo deberán ser redactados por persoas ou equipos multidisciplinares, nos que polo menos un dos seus membros deberá ser arquitecto ou arquitecta, enxeñeiro ou enxeñeira de camiños, canais e portas, ou, no seu caso, dispoñer de titulación equivalente que habilite para o exercicio das ditas profesións."



Emenda nº2, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 17

Débase substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:

"1. Os instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos conforman un sistema integrado que se articula segundo os principios de xerarquía, competencia, especialidade e coordinación.

En todo caso, as competencias que deriven das diferentes normativas sectoriais con impacto territorial respectarán as determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio relacionados no art. 16.1. desta Lei."

Emenda nº3, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 17

Débase substituír o texto do parágrafo inicial do apartado 2 polo seguinte:

"2. Os instrumentos de ordenación do territorio deberán redactarse de xeito que queden garantidas a xerarquía e a coherencia entre todos eles, tendo en conta o alcance e o grao de vinculación das súas determinacións, que poden ser as seguintes:"

Emenda nº4, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 19

Débase substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:

"1. Serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica ordinaria os seguintes instrumentos de ordenación do territorio, así como as súas modificacións:

- a) As directrices de ordenación do territorio.
- b) Os plans territoriais integrados e os plans territoriais especiais
- c) Os plans sectoriais.
- d) Os proxectos de interese autonómico.
- e) Os comprendidos no número seguinte, cando así o decida, caso por caso, o órgano ambiental no informe ambiental estratéxico ou cando así o determine o órgano ambiental, a solicitude da persoa promotora."



Emenda nº5, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 19

Débese substituír o texto do apartado 2 polo seguinte:

"2. Serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada as modificacións menores dos instrumentos de ordenación do territorio mencionados no número anterior."

Emenda nº6, ao apartado 3.g), de Adición. Artigo 20

Débese engadir un novo punto no apartado 3 co seguinte contido:

"g) Identificar e sinalar as áreas sobre as que elaborar os plans territoriais."

Emenda nº7, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 24

Débese substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:

"1. As determinacións contidas nas directrices de ordenación do territorio serán xerarquicamente superiores ao resto dos instrumentos da ordenación do territorio, do urbanismo e dos previstos na lexislación sectorial e terán, en todo caso, a eficacia que sexa congruente coa súa función de instrumento directriz. Para este efecto, expresarán de forma clara e inequívoca o alcance concreto co que deberán operar todas e cada unha das súas determinacións, segundo o previsto no artigo 17."

Emenda nº8, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 26

Débese substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:

"1. Os plans territoriais integrados son instrumentos dirixidos á organización de áreas xeográficas supramunicipais que, dacordo coas Directrices de ordenación do territorio, ben por presentar características homoxéneas, ben polo seu tamaño e





relacións funcionais, demanden unha planificación dos usos do solo, das actividades produtivas, das infraestruturas e dos equipamentos de tipo comarcal e de carácter integrado."

Emenda nº9, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 26

Débese suprimir o apartado 3.

Emenda nº10, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 29

Débese suprimir o apartado 2

Emenda nº11, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 31

Débese substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:

"1. As determinacións dos plans territoriais respectarán os contidos das directrices de ordenación do territorio e terán, en todo caso, a eficacia que sexa congruente coa súa funcionalidade e expresarán de forma clara e inequívoca o alcance co que deberán operar, de acordo co establecido no artigo 17."

Emenda nº12, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 32

Débese substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:

"1. Os plans sectoriais son instrumentos de ordenación do territorio que, con observación en todo caso do indicado nas directrices de ordenación do territorio e nos plans territoriais, teñen por obxecto ordenar e regular a implantación territorial das actividades sectoriais que se sinalan no número 2, establecendo, no seu caso, as condicións xerais para as futuras actuacións que desenvolvan os ditos plans e definindo os criterios de deseño e as características funcionais e de localización, que garantan a súa accesibilidade e coherente distribución territorial, segundo a súa natureza."



Emenda nº13, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 35

Débese substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:

"1. As determinacións dos plans sectoriais observarán as directrices de ordenación do territorio e os plans territoriais e terán, en todo caso, a eficacia que sexa congruente coa súa funcionalidade e expresarán de forma clara e inequívoca o alcance co que deberán operar, de acordo co establecido no artigo 17."

Emenda nº14, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 37

Débese substituír o texto do apartado 3 polo seguinte:

"3. Os Proxectos de interese autonómico teñen por obxecto planificar e proxectar a execución de actuacións contempladas nun plan sectorial vixente."

Emenda nº15, de Supresión. Artigo 38

Débese suprimir todo o artigo.

Emenda nº16, de Supresión. Artigo 39

Débese suprimir todo o artigo.

Emenda nº17, de Supresión. Artigo 40

Débese suprimir todo o artigo.

Emenda nº19, de Adición. Disposición Adicional Oitava

Débese engadir unha nova Disposición Adicional co seguinte texto:



"DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA. Prazos de presentación dos plans territoriais.

No prazo máximo dun ano dende a adaptación das Directrices de ordenación do territorio, o goberno elaborará os plans territoriais sinalados nestas."

Emenda nº18, de Adición. Disposición Adicional Sétima

Débase engadir unha nova Disposición Adicional co seguinte texto:

"DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA. Prazos de adaptación das Directrices de ordenación do territorio a esta lei.

O goberno revisará as Directrices de ordenación do territorio nun prazo máximo de seis meses dende a entrada en vigor desta lei para adaptalas aos seus contidos, singularmente na identificación e sinalamento das áreas sobre as que elaborar os plans territoriais."

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/02/2020 18:04:46



EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000021).

Emenda nº1, de Adición. Artigo 3

Debe engadirse un novo apartado c bis) co seguinte contido:

"c bis) Promover o impulso e a dinamización demográfica de Galicia a través do desenvolvemento sustentable e do equilibrio territorial e social, de xeito que se creen contornos favorables para o asentamento da poboación"

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 8

Deben substituírse a actual rúbrica e texto do artigo polo seguinte texto:

"Artigo 8. O sistema rural e costeiro non urbano de Galicia

Os instrumentos de ordenación do territorio prestarán unha especial atención ao medio rural e costeiro non urbano de Galicia, co obxectivo de promover o equilibrio territorial e desenvolver medidas de impulso demográfico que aseguren a permanencia no territorio da súa poboación, contribuíndo á viabilidade das actividades económicas que puideran desenvolverse nel que sexan compatibles coa defensa dos seus valores sociais, económicos, culturais e medioambientais."

Emenda nº3, de Adición. Artigo 11

Debe engadirse un novo Capítulo II bis no Título Preliminar, co seguinte contido:

Capítulo II bis

O Instituto de Estudos do Territorio





Artigo 11 bis. Natureza da entidade e adscrición

1. O Instituto de Estudos do Territorio é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2. Estará adscrito organicamente á consellaría competente en materia de ordenación do territorio.

Artigo 11 ter. Obxecto e fins xerais.

1. O Instituto de Estudos do Territorio ten por obxecto a análise, o estudo e o asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

2. As funcións do Instituto de Estudos do Territorio serán as seguintes:

a) Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio.

b) Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, a fin de implementar as políticas da paisaxe na planificación urbanística e territorial.

c) Prestar apoio á consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

d) A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellarías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural.

e) O apoio e o asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe, e de colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade.

f) Delimitar as grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os catálogos da paisaxe e elaborar os catálogos da paisaxe de Galicia.

g) Formar, sensibilizar e concienciar a sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes.

h) Avaliar o estado de conservación das paisaxes de Galicia, analizar as súas transformacións e previsible evolución e realizar estudos e propostas en materia de paisaxe.

i) Promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, sobre todo mediante asistencia científica e técnica mutua, e intercambios de experiencias con fins de formación e información.





j) O seguimento de iniciativas de investigación e difusión de coñecementos de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe.

k) Fomentar o intercambio de información e experiencias, así como a asistencia científica e técnica mutua en materia de paisaxes transfronteirizas.

l) Elaborar cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, que a Xunta de Galicia presentará ao Parlamento de Galicia.

3. As funcións atribuídas ao Instituto de Estudos do Territorio entenderanse sen prexuízo das que lles correspondan aos órganos urbanísticos da Comunidade Autónoma.

Artigo 11 quater. Réxime xurídico.

1. O Instituto de Estudos do Territorio réxese polo disposto nesta lei, polos seus estatutos e polas normas aplicables aos organismos autónomos dependentes da Administración autonómica.

2. Os actos dos órganos de goberno do Instituto de Estudos do Territorio, ditados en exercicio das súas competencias, poñen fin á vía administrativa."

Emenda nº4, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 17

Debe substituírse o apartado 4 deste artigo, que pasará a ter o seguinte contido:

"4. Nos supostos previstos nesta lei e con pleno respecto á autonomía municipal, co fin de garantir a eficacia das determinacións contidas nos instrumentos de ordenación do territorio e os principios de celeridade, eficacia, simplificación administrativa e seguridade xurídica, tramitarase simultaneamente mediante un dos procedementos previstos no Capítulo III desta lei, a aprobación do instrumento de ordenación do territorio e a modificación do planeamento urbanístico, nos extremos estritamente afectados polas determinacións do instrumento de ordenación territorial e para garantir a súa efectividade."

Emenda nº5, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 20

Débese substituír o segundo parágrafo do apartado 1, que pasará a ter o seguinte contido:



"No marco desta lei, as directrices de ordenación do territorio son o instrumento que ofrece unha visión global da ordenación territorial de Galicia e que serve de referencia para a formulación dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos, que deberán xustificar a súa coherencia e conformidade coas súas determinacións; así como para as actuacións con incidencia no territorio que desenvolvan as persoas particulares e as administracións públicas, con pleno respecto, neste último caso, ás competencias respectivas."

Emenda nº6, ao apartado 1, de Adición. Artigo 21

Na letra f) do apartado 1 debe engadirse, entre "...criterios de desenvolvemento territorial sostible," e "...de accesibilidade universal" o seguinte inciso:

"de impulso demográfico,"

Emenda nº7, ao apartado b), de Adición. Artigo 28

Na letra b) deste artigo deben engadirse 'in fine' dous novos parágrafos co seguinte contido:

"Neste caso, o plan territorial integrado deberá conter, respecto da clase ou categoría de solo que defina, as determinacións que resulten esixibles conforme á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

En todo caso, a previsión, polo plan territorial integrado que proceda á clasificación e categorización do solo de protección especial para determinados solos ou a modificación da protección especial que estes tivesen recoñecida, esixirá informe favorable do órgano sectorial competente e o cumprimento dos restantes requisitos esixibles."

Emenda nº8, ao apartado 2, de Adición. Artigo 30



Na letra b) deste apartado deben engadirse 'in fine' dous novos parágrafos co seguinte contido:

"Neste caso, o plan territorial especial deberá conter, respecto da clase ou categoría de solo que defina, as determinacións que en cada caso resulten esixibles conforme á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

En todo caso, a previsión, polo plan territorial especial que proceda á clasificación e categorización do solo de protección especial para determinados solos ou a modificación da protección especial que estes tivesen recoñecida, esixirá informe favorable do órgano sectorial competente e o cumprimento dos restantes requisitos esixibles."

Emenda nº9, ao apartado h), de Substitución. Artigo 33

Debe substituírse o contido da letra h) deste artigo polo que se indica a continuación:

"h) Delimitación, no seu caso, dos ámbitos territoriais nos que se poderán asentar as actuacións que desenvolvan o plan a través de proxectos de interese autonómico.

A tal efecto, o plan sectorial poderá establecer a clasificación e categorización do solo dos ditos ámbitos delimitados, cando sexa condición mesma para a súa efectividade.

Neste caso, o plan sectorial deberá conter, respecto da clase ou categoría de solo que defina, as determinacións que en cada caso resulten esixibles conforme á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

En todo caso, a previsión, polo plan sectorial que proceda á clasificación e categorización do solo, de protección especial para determinados solos ou a modificación da protección especial que estes tivesen recoñecida, esixirá informe favorable do órgano sectorial competente e o cumprimento dos restantes requisitos esixibles."

Emenda nº10, ao apartado 2, de Adición. Artigo 38





No segundo parágrafo da letra c) do apartado 2 debe engadirse, entre "... función vertebradora e estruturantes do territorio;" e "...ou que serven para desenvolver, implantar..." o seguinte inciso:

"de impulso e dinamización demográfica;"

Emenda nº11, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 41

Debe substituírse o actual texto da letra e) polo seguinte contido:

"e) Incidencia no planeamento municipal vixente no termo ou termos municipais en que se asente a actuación, con indicación das determinacións do dito planeamento que resultarán modificadas conxuntamente coa aprobación do proxecto de interese autonómico."

Emenda nº12, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 41

Na letra f) do apartado 1 deste artigo debe suprimirse o inciso "No seu caso".

Emenda nº13, ao apartado 1, de Adición. Artigo 41

Na letra g) do apartado 1 debe engadirse, entre "...terminación das obras" e "...con determinación, no seu caso..." o seguinte inciso:

"desde a entrada en vigor do proxecto de interese autonómico,"

Emenda nº14, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 42

No ordinal 2º da letra d) do apartado 1 debe suprimirse o inciso "No caso de tramitación simultánea da aprobación do proxecto de interese autonómico e da modificación do planeamento urbanístico,"



Emenda nº15, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 43

Debe suprimirse o artigo 4 deste artigo.

Emenda nº16, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 45

Debe suprimirse o apartado 2 deste artigo.

Emenda nº17, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 46

No apartado 2 deste artigo debe suprimirse o inciso "ou as obras se interrompesen por tempo superior ao autorizado sen causa xustificada".

Emenda nº18, ao apartado 4, de Adición. Artigo 51

No apartado 4 deste artigo debe engadirse, entre "...tendo en conta o estudo ambiental estratéxico e" e "...procederá á súa aprobación inicial," o seguinte inciso:

"a consellería tramitadora"

Emenda nº19, ao apartado 10, de Substitución. Artigo 51

Debe substituírse o actual texto do primeiro parágrafo do apartado 10 polo seguinte contido:

"10. O Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería tramitadora do procedemento, aprobará definitivamente o instrumento de ordenación do territorio, mediante acordo no caso dos proxectos de interese autonómico e mediante decreto nos demais casos, que deberán ser publicados no Diario Oficial de Galicia."

Emenda nº20, de Substitución. Disposición adicional quinta



Débase substituír o actual texto do segundo paragrafo desta disposición adicional polo seguinte:

"En todo caso, resultará de aplicación o previsto nesta lei en relación aos seus efectos, vixencia e caducidade, xestión, execución e modificación dos referidos instrumentos de ordenación do territorio, e os demais aspectos que non estean regulados expresamente na Lei 5/2017, do 19 de outubro, e que non resulten incompatibles coa mesma."

Emenda nº21, de Supresión. Disposición derogatoria única

Débase suprimir o inciso ", agás o capítulo III".

Emenda nº22, de Adición. Disposición derradeira primeira

Débase engadir unha nova Disposición derradeira primeira bis co seguinte contido:

Disposición derradeira primeira bis. Modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 39, e engádense os números 40, 41, 42 e 43 ao artigo 8, coa seguinte redacción:

39. Silvicultor/a activo/a: persoas ou entidades, con ou sen personalidade xurídica que sexan persoas propietarias, titulares ou xestoras dos aproveitamentos e servizos ecosistémicos daquelas unidades de xestión forestal que contén cun instrumento de ordenación ou de xestión forestal, e dispoñan dun certificado de xestión forestal sustentable emitido por un sistema de certificación forestal recoñecido internacionalmente, sen prexuízo do disposto na disposición adicional novena desta lei.

40. Unidades de xestión forestal: son montes ou parcelas forestais con lindeiros identificables incluídos nun único instrumento de ordenación ou xestión forestal.

41. Explotación forestal: unidade de xestión forestal con fins primordialmente de mercado, entendendo esta como o conxunto de bens e dereitos organizados pola persoa titular,





arrendataria ou xestora no exercicio da actividade silvícola, e que constitúe en si mesma unha unidade técnico-económica.

42. Certificado de xestión forestal sustentable: Título ou documento, expedido por terceira parte independente, que acredita, que nos montes ou unidades de xestión forestal nel incluídos, lévase a cabo unha xestión forestal sustentable segundo requisitos determinados previamente por unha organización pública ou privada de certificación.

43. Persoas titulares de certificados de xestión forestal sustentable: Persoa ou entidade á que se lle teña expedido un certificado de xestión forestal sustentable.

Dous. As letras a) e b) do número 2 do artigo 70 quedan coa seguinte redacción:

a) Vincularase a unha agrupación con capacidade xurídica para a xestión conxunta dos seus terreos, que se acreditará mediante a integración das persoas titulares nas correspondentes agrupacións forestais de xestión conxunta, mediante a achega de títulos de propiedade dos terreos e/ou de dereitos de aproveitamento sobre eles.

b) Que a propiedade de polo menos o 60 % da superficie a concentrar forme parte da agrupación de xestión conxunta.

Tres. A letra d) do número 2 do artigo 121 queda coa seguinte redacción:

d) As agrupacións forestais de xestión conxunta.

Catro. O artigo 122 queda coa seguinte redacción:

Artigo 122. Agrupacións forestais de xestión conxunta

1. As persoas propietarias ou titulares de dereitos de aproveitamento de terreos forestais que pretendan a súa xestión conxunta de acordo coas normas desta Lei poderán solicitar o seu recoñecemento como agrupación forestal de xestión conxunta.

2. As agrupacións terán por finalidade a xestión conxunta e sustentable dos terreos forestais co fin de recuperalos e poñelos en valor; impedir o seu abandono; favorecer a xestión, produción e comercialización conxunta; servir como instrumento para a protección do medio ambiente, a prevención e defensa contra os incendios forestais, a protección fronte a catástrofes e a mitigación e adaptación contra o cambio climático; a creación de emprego endógeno, colaborando no aumento da calidade de vida e expectativas de desenvolvemento da poboación rural.





3. De acordo coas finalidades expresadas no número anterior, por transcender os seus fins e obxectivos daqueles exclusivamente de interese particular, declárase de interese xeral a xestión conxunta realizada polas indicadas agrupacións forestais.

4. Poderán solicitar o recoñecemento como agrupacións forestais de xestión conxunta as seguintes entidades cuxa actividade se desenvolva en terreos forestais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Asociacións sen ánimo de lucro constituídas para o auxilio, apoio e asesoramento ás persoas propietarias ou titulares dos dereitos de aproveitamento de terreos na planificación da xestión forestal e na xestión e comercialización conxunta dos seus aproveitamentos, sempre que estean compostas por titulares dos indicados dereitos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Sociedades civís e comunidades de bens.

c) Cooperativas.

d) Sociedades agrarias de transformación.

e) Sociedades mercantís reguladas na lexislación de sociedades de capital.

f) Sociedades de fomento forestal.

g) Calquera outra que teña por obxecto a recuperación e posta en valor, de forma conxunta, de terras forestais.

5. As persoas titulares de parcelas forestais ou de dereito de uso das parcelas enclavadas ou situadas entre parcelas explotadas e xestionadas por unha agrupación forestal de xestión conxunta quedan obrigadas a manter unha adecuada xestión forestal da súa propiedade, polo menos mediante a adhesión a un modelo silvícola ou de xestión forestal orientativo que alcance un nivel de xestión forestal equiparable ao da agrupación forestal. De acordo co artigo 28 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, se o nivel de abandono da parcela fose tal que supuxese un risco para os terreos lindeiros da agrupación forestal, en canto á propagación de incendios forestais ou no relativo á sanidade vexetal, poderá iniciarse un procedemento de declaración da parcela en situación de abandono. Esta declaración habilitará á Administración forestal para a execución subsidiaria das actuacións necesarias para a eliminación dos riscos, sen prexuízo da súa repercusión ao titular da parcela ou ao titular do seu aproveitamento no seu caso.

Cinco. O artigo 122 bis queda coa seguinte redacción:

Artigo 122 bis. Obxecto das agrupacións forestais de xestión conxunta





1. O obxecto das agrupacións forestais de xestión conxunta será, de forma exclusiva, un ou varios dos seguintes:

a) A mobilización e posta en valor de terreos forestais por medio dunha actuación de xestión conxunta.

b) A explotación e aproveitamento conxunto dos terreos forestais mediante unha xestión sustentable e multifuncional dos produtos e servizos forestais, contribuíndo a aumentar a rendibilidade e calidade dos recursos forestais. A estes efectos entenderanse por recursos e servizos forestais aqueles definidos polo artigo 84 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

c) A comercialización e/ou produción conxunta de produtos forestais, a realización de melloras no medio rural, a promoción e desenvolvemento agrarios e a prestación de servizos comúns que sirvan a aquela finalidade.

d) A xestión activa e valorización das masas consolidadas de frondosas autóctonas, tendo en conta os beneficios sociais e medioambientais que aportan á sociedade galega.

e) O apoio á xestión forestal sostible no marco das estratexias de mitigación fronte ao cambio climático, e nas políticas activas de descarbonización, sen esquecer o seu papel, e como refuxio da biodiversidade e a importancia que presenta en servizos fundamentais para a vida.

f) A restauración de ecosistemas forestais.

2. As agrupacións de xestión conxunta poderán ter por obxecto, ademais dos aproveitamentos correspondentes á súa propia natureza, aproveitamentos mixtos, así como calquera outro secundario vinculado a estes e compatible co uso de parcelas rústicas de conformidade coas previsións da lexislación urbanística.

Seis. Engádesse un artigo 122 ter, coa seguinte redacción:

Artigo 122 ter. Requisitos das agrupacións forestais de xestión conxunta

1. As agrupacións forestais de xestión conxunta deberán dispor da xestión dunha superficie mínima de 15 hectáreas.

2. Será requisito necesario que as persoas ou entidades que forman parte da agrupación forestal cedan a planificación da xestión forestal e a representación para a xestión e comercialización conxunta durante un prazo mínimo de 25 anos, ou o prazo que permita completar a quenda de corta do aproveitamento principal, no caso de que esta sexa maior.

3. As agrupacións forestais poderán asinar acordos de cesión cos titulares de terreos forestais para o uso e o aproveitamento do seu predio mediante calquera negocio xurídico válido en dereito, non sendo necesaria a súa integración como socios na





dita agrupación. Estes acordos incluírán expresamente a obriga da persoa cesionaria de cumprir cos prazos de cesión dispostos neste artigo.

A administración forestal facilitará, aos titulares de predios forestais, modelos tipo para a constitución dun dereito de uso e aproveitamento a favor de terceiras persoas.

4. Os estatutos da entidade, ou, no seu caso, o acordo equivalente entre os membros da agrupación, recollerán, entre outras, as seguintes previsións:

a) A maioría dos dereitos de voto deberá ser ostentada polas persoas socias que aporten a propiedade ou os dereitos de uso de parcelas forestais.

b) Os dereitos económicos das persoas membros da agrupación. A tales efectos, no seu caso, os estatutos sociais poderán prever a posibilidade de que cada participación ou acción social implique unha diferente participación nos beneficios da sociedade.

c) A obrigatoriedade de reservar dos ingresos que obteñan pola xestión dos aproveitamentos forestais, cando menos:

i) A contía necesaria para facer fronte aos custes previstos nas actuacións obxecto de planificación dispostas nos instrumentos de ordenación ou xestión forestal.

ii) O 100% dos ingresos xerados a partir dos produtos resultantes de incendios forestais, pragas ou temporais, agás que se xustifique documentalmente ante a consellería competente en materia de montes que é suficiente a reserva dunha porcentaxe menor.

5. As agrupacións forestais de xestión conxunta, deberán presentar perante a administración forestal, sobre os terreos que ostenten a condición de monte, un instrumento de ordenación ou xestión forestal para dita superficie de acordo co previsto nesta lei, no prazo dun ano dende a súa inscrición no Rexistro de agrupacións de xestión conxunta de terreos forestais.

6. As agrupacións forestais de xestión conxunta deberán dispor dos servizos para a xestión profesionalizada mediante persoal técnico competente en materia forestal. Este persoal técnico deberá elaborar o preceptivo instrumento de ordenación ou xestión e prestar o apoio técnico que asegure unha xestión forestal sustentable e o cumprimento das obrigas normativamente aplicables. No entanto, non será necesario que a persoa administradora dunha agrupación forestal de xestión conxunta sexa desempeñado por unha empresa de servizos forestais.

7. Mediante desenvolvemento regulamentario poderán determinarse requisitos adicionais que deberán cumprir estas



agrupacións forestais de xestión conxunta e as particularidades do seu réxime xurídico.

Sete. Engádese un artigo 122 quater, coa seguinte redacción:

Artigo 122 quater. Do recoñecemento das agrupacións forestais de xestión conxunta

1. As solicitudes das persoas interesadas que pretendan o recoñecemento da agrupación forestal de xestión conxunta, deberán, ademais dos requisitos xerais establecidos no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, presentar a seguinte documentación:

- a) Identificar a tipoloxía da agrupación proposta.
 - b) Xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos nesta Lei, e, en particular, se fora o caso, a constitución da entidade correspondente que vai levar a cabo a actuación de xestión conxunta, achegando os seus estatutos.
 - c) Achegar a documentación que acredite a disposición dos dereitos de uso da superficie das terras de natureza forestal incluídas no ámbito da actuación de xestión conxunta. Deberase acreditar a disposición dos dereitos de uso dunha porcentaxe superior ao 60% da superficie das terras incluídas no ámbito da iniciativa. Respecto da xustificación dos dereitos de uso, para os efectos desta lei, salvo proba en contrario, a administración considerará á persoa que con tal carácter conste en rexistros públicos que produzan presunción que só poida ser destruída xudicialmente ou, no seu defecto, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais, ou finalmente a quen o sexa pública e notoriamente, aínda que carezan do oportuno título escrito.
 - d) Acreditar a dispoñibilidade dos medios persoais e técnicos precisos para a execución da actuación de xestión conxunta.
2. Os terreos incluídos dentro do ámbito da iniciativa non poderán formar parte doutra agrupación co mesmo obxecto.
3. O órgano forestal, previa remisión a este da documentación requirida, solicitará, de ser o caso, a emenda e mellora da solicitude de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015; en particular, poderá solicitar, de acordo co indicado neste precepto, a aclaración da documentación presentada e a modificación do ámbito da actuación.
4. Á vista da documentación achegada e, de ser o caso, as súas emendas, o órgano forestal resolverá o recoñecemento da agrupación de xestión conxunta. O órgano forestal notificará a resolución de recoñecemento da agrupación de xestión conxunta e da viabilidade da actuación dentro do prazo de 6 meses dende a data na que a solicitude tivera entrada no





registro da Administración competente para resolver. No caso de que non se dite e notifique no indicado prazo a resolución, as persoas interesadas poderanas considerar estimadas aos efectos da interposición dos recursos procedentes.

5. Unha vez recoñecida a agrupación, esta inscribírase no Rexistro de agrupacións forestais regulado no artigo 126 desta lei.

6. As asociacións sen ánimo de lucro poderán ser declaradas de utilidade pública de acordo cos requisitos establecidos na lexislación de asociacións. En particular, a administración autonómica entenderá que promoven o interese xeral aos efectos do previsto na lexislación de asociacións, aquelas inscritas no Rexistro de agrupacións forestais de xestión conxunta cuxa actividade se refira a terreos compostos, cando menos, nun 85 por cento por formacións arbóreas das especies do anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia ou de piñeiro do país (*Pinus pinaster* Ait.).

7. A declaración de utilidade pública da asociación farase a iniciativa das correspondentes asociacións mediante orde da consellaría competente en materia de montes, logo da instrución do correspondente procedemento.

Oito. Engádesse un artigo 122 quinquies, coa seguinte redacción:

Artigo 122 quinquies. Sociedades de fomento forestal

1. Para os efectos da presente lei, serán consideradas como sociedades de fomento forestal aquelas agrupacións de xestión conxunta constituídas por entidades que teñan a forma de sociedades mercantís reguladas na lexislación de sociedades de capital ou de sociedades reguladas pola lexislación civil. Para mellorar a sustentabilidade das agrupacións, tamén poderán incluírse na agrupación propietarios ou titulares de dereitos de uso de parcelas non forestais, nas mesmas condicións que o resto de socios propietarios ou titulares de dereitos de uso.

2. No caso das sociedades de fomento forestal, poderán pertencer á sociedade persoas físicas ou xurídicas que non sexan titulares de dereitos de uso de parcelas, sempre que a súa participación en conxunto non supere, en ningún caso, o 49 por cento das accións ou participacións sociais.

3. Mediante desenvolvemento regulamentario determinaranse os requisitos adicionais que deberán cumprir estas sociedades, o seu obxecto e finalidade e outras particularidades do seu réxime xurídico.



Nove. Engádese un capítulo IV no Título X, rubricado “Do Rexistro voluntario de silvicultores/as activas”

Dez. Engádese un artigo 125 bis, coa seguinte redacción:

Artigo 125 bis. Do Rexistro

1. No rexistro figurará, para cada silvicultor/a activo/a inscrito, unha anotación respecto da unidade ou unidades de xestión forestal correspondentes. A unidade de xestión forestal poderá estar conformada por unha única parcela forestal ou por unha pluralidade de montes ou parcelas, debendo atoparse todas elas situadas dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A transmisión da propiedade da unidade de xestión forestal, ou do dereito que atribúa o seu uso e goce, conlevará a transmisión da condición de silvicultor/a activo/a ao adquirente, sempre que este manfeste a súa vontade e compromiso de continuar coa xestión da mesma de conformidade co instrumento de ordenación ou de xestión en vigor. En caso contrario, unha vez fose comunicada a transmisión, procederase a dar de baixa de oficio a unidade de xestión do Rexistro voluntario de silvicultores/as activos/as.

3. Os silvicultores/as activos/as poderán actuar por medio de representante ante o Rexistro, de acordo co réxime xeral de representación previsto no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. En particular, as persoas ou entidades que sexan titulares de certificados de xestión forestal sustentable en vigor, con superficie no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e cos requisitos previstos na lexislación de procedemento administrativo, poderán actuar como representantes para calquera tramitación ante o Rexistro. No rexistro figurará, para cada silvicultor/a activo/a inscrito/a, de existir, unha anotación respecto da representación correspondente.

Once. Engádese un artigo 125 ter, coa seguinte redacción:

Artigo 125 ter. Da inscrición, modificación e baixa no Rexistro voluntario silvicultores/as activos/as

1. As solicitudes das persoas ou entidades interesadas en que se lles recoñeza como persoas silvicultores/as activos/as, deberán, ademais dos requisitos xerais establecidos no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, presentar a seguinte documentación:





a) Relacionar as unidades de xestión forestal que se rexistrarán, que deberán ser identificadas ben polas referencias catastrais que correspondan, ben polo código de aprobación do seu instrumento de ordenación ou de xestión forestal, ou a través do código de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos outorgado polo órgano forestal.

b) Achegar a documentación que acredite a disposición dos dereitos de uso da superficie das unidades de xestión forestal. Para estes efectos, a xustificación dos dereitos de uso poderá facerse mediante a documentación acreditativa que conste nos rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, no seu defecto, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou finalmente, a quen os ostente pública e notoriamente, aínda que careza do oportuno título.

c) No caso de que a inscrición sexa realizada por representación, deberá presentar documento acreditativo da representación.

2. O órgano forestal, previa remisión da documentación requirida, solicitará de ser o caso a emenda e mellora da solicitude de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015; en particular, poderá solicitar, de acordo co indicado neste precepto, a aclaración da documentación presentada e a modificación do ámbito da actuación.

3. Á vista da documentación achegada e, de ser o caso, as súas emendas, o órgano forestal resolverá o recoñecemento como silvicultor/a activo/a. O órgano forestal notificará a resolución de recoñecemento dentro do prazo de 3 meses dende a data na que a solicitude tivera entrada no rexistro da Administración competente para resolver. No caso de que non se dite e notifique no indicado prazo a resolución, as persoas ou entidades interesadas poderanas considerar estimadas aos efectos da interposición dos recursos procedentes. Unha vez recoñecida como silvicultor/a activo/a, procederá a inscribirse de oficio no Rexistro voluntario de silvicultores/as activos/as regulado no artigo 126 desta lei.

4. O Rexistro voluntario de silvicultores/as activos/as expedirá certificacións do seu contido que poderán obterse, por medios telemáticos, por calquera suxeito que acredite un interese lexítimo na súa obtención e utilizando un certificado de sinatura electrónica recoñecido. Asemade, de forma agregada, a información sobre o número e superficie rexistrada será publicada e difundida periodicamente mediante os informes de estatística forestal ao abeiro do artigo 103 desta lei.

5. Calquera alteración dos datos inscritos ou baixas deberá ser comunicada ao órgano forestal nun prazo máximo de 3 meses





dende que se teña producido. No caso de que unha unidade de xestión pase a estar incluída noutro certificado de xestión forestal sustentable, o silvicultor/a activo/a, ben directamente ou ben a través do seu representante deberá igualmente comunicar ao rexistro dita circunstancia.

6. O órgano forestal poderá, en colaboración cos titulares de certificados de xestión forestal sustentable e cos sistemas de certificación forestal, realizar controis administrativos á fin de asegurar á veracidade da información rexistrada. A detección de discrepancias significativas de información poderá producir a baixa de oficio da inscrición do silvicultor/a no rexistro.

7. A persoa titular da consellería con competencias en materia de montes poderá, mediante orde, regular os anexos de solicitude, modificación e baixa rexistral para o recoñecemento e inscrición como silvicultor/a activo/a.

Doce. Modifícase a letra j) do número 1 do artigo 126, que queda coa seguinte redacción:

j) Rexistro de Agrupacións forestais de xestión conxunta, no cal se inscribirán as agrupacións forestais de xestión conxunta que voluntariamente se constitúan de acordo cos requisitos establecidos nesta lei.

Trece. Modifícase a disposición adicional segunda, que queda coa seguinte redacción:

Disposición adicional segunda. Mecenado

Ás asociacións sen ánimo de lucro recoñecidas como agrupacións forestais de xestión conxunta de acordo co disposto nesta lei, seralles de aplicación o réxime respecto dos incentivos fiscais ao mecenado previsto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado cando cumbran os requisitos establecidos nesta.

Catorce. Engádesse unha disposición adicional oitava, coa seguinte redacción:

Disposición adicional oitava. Recoñecemento da condición de titulares de explotación agraria das persoas silvicultoras activas
Recoñécese a condición de titulares de explotación agraria ás persoas inscritas no Rexistro voluntario de silvicultores/as activos/as, ao abeiro do artigo 126 da Lei, aos efectos da súa posibilidade de asociación para a promoción da constitución de Sociedades Agrarias de Transformación.



Quince. Engádese unha disposición adicional novena, que queda redactada do seguinte xeito:

Disposición adicional novena. Dos titulares con terreos inscritos no Rexistro de masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas

1. Aqueles titulares inscritos nunha agrupación forestal de xestión conxunta que posúan terreos inscritos no Rexistro de masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas serán dados de alta de oficio polo órgano forestal como silvicultores/as activos/as.

2. Estes titulares dispoñen dun prazo máximo de tres anos dende o día seguinte á súa inscrición no rexistro de agrupacións de xestión conxunta, para dispor do instrumento de ordenación ou xestión forestal e certificado de xestión forestal sustentable pertinente; á súa falta, producirá a súa baixa, igualmente de oficio, como silvicultores/as activos/as.

Dezaseis. Engádese a letra g) do número 1 da disposición derogatoria única, queda coa seguinte redacción:

g) Os artigos 4, 5 e 7, número 2 do artigo 8 e número 5 do artigo 16 do Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro.

Emenda nº23, de Substitución. Disposición derradeira segunda

Debe substituírse o actual contido da Disposición derradeira segunda polo seguinte:

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia queda modificada como segue:

Un. O artigo 63 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 63. Plans básicos municipais

1. Os plans básicos municipais son os instrumentos de planeamento urbanístico dun termo municipal completo, que se redactarán en desenvolvemento do Plan básico autonómico para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contén cun instrumento de planeamento xeral. Teñen por obxecto a delimitación dos núcleos rurais existentes e dos terreos que reúnan os requisitos exixidos para ser clasificados





como solo urbano consolidado. Os plans básicos municipais categorizarán o solo rústico, segundo as delimitacións das afeccións establecidas no Plan básico autonómico.

Así mesmo, os plans básicos municipais poderán remitir a ordenación detallada de determinadas áreas a un plan especial aprobado con anterioridade declarándoo subsistente, identificándoo con claridade e indicando a súa data de aprobación e publicación. Neste caso, a modificación das determinacións do dito planeamento seguirá o réxime aplicable á modificación do plan especial.

2. Os plans básicos municipais conterán as seguintes determinacións:

a) Delimitación e categorización dos núcleos rurais existentes.

A tal efecto, os plans básicos municipais delimitarán os núcleos rurais existentes no municipio e identificados no Plan básico autonómico, de acordo cos criterios establecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, e os categorizarán, segundo corresponda, como tradicional ou común, de conformidade coas súas características e o seu grao de consolidación.

Asemade, os plans básicos municipais poderán declarar subsistentes as delimitacións de núcleos rurais aprobadas con anterioridade, incorporando a delimitación física e a súa parcela ou parcelas mínimas. Nestes casos e, aos efectos da aplicación do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural e das ordenanzas do Plan básico autonómico, establecerase a correspondencia entre as diferentes áreas das delimitacións incorporadas e os tipos básicos de núcleo rural previstos nesta lei.

b) Delimitación dos terreos que reúnen as condicións para ser clasificados como solo urbano consolidado.

c) Delimitación e categorización do solo rústico.

d) Trazado da rede viaria pública existente e sinalización de aliñacións.

e) As ordenanzas de edificación e uso do solo contidas no Plan básico autonómico que sexan aplicables.

Os plans básicos municipais incorporarán as ordenanzas tipo de edificación e usos do solo xenéricas do Plan básico autonómico, e as particulares correspondentes ás clases e categorías de solo que defina e que mellor se adapten ás características do concello.

Excepcionalmente, os plans básicos municipais poderán propoñer, con base na análise do modelo de asentamento poboacional, os reaxustes que procedan respecto das ordenanzas tipo previstas no Plan Básico Autonómico.





f) Delimitación dos ámbitos de ordenación remitida, no seu caso, identificando con claridade o instrumento e a súa data de aprobación. Neste suposto, a normativa do plan básico municipal recollerá unha ficha para cada ámbito que identifique o documento declarado subsistente.

3. Os plans básicos municipais conterán, como mínimo, os seguintes documentos:

- a) Memoria xustificativa das súas determinacións.
- b) Planos de información.
- c) Planos de ordenación urbanística.
- d) Catálogo de elementos que se deben protexer.
- e) Normativa urbanística. Os plans básicos municipais incorporarán as ordenanzas tipo e aquelas específicas que mellor se adecúen ás clases e categorías de solo nel delimitadas, ou de ser o caso incorporadas, de entre as definidas no Plan básico autonómico, sen prexuízo do sinalado na letra e) do número 2 deste artigo.
- f) Informe ambiental estratéxico.

4. Os plans básicos municipais terán vixencia indefinida ata que se aprobe o correspondente plan xeral de ordenación municipal».

Dous. Modifícase o número 5 do artigo 83, que queda redactado como segue:

«5. A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, sen prexuízo do previsto na lexislación de ordenación do territorio para o suposto de tramitación simultánea da aprobación do instrumento de ordenación do territorio e da modificación do instrumento de planeamento urbanístico».

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 92, que queda redactado como segue:

«1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte.

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e)».



Emenda nº24, ao apartado III, de Substitución. Exposición de motivos

Dentro do apartado III da exposición de motivos debe substituírse o actual texto do segundo parágrafo polo seguinte:

"O título preliminar delimita o obxecto da lei e reconece os principios e os criterios orientadores así como os fins e os obxectivos que deben presidir a ordenación do territorio. Como eixes fundamentais sobre os que debe pivotar a ordenación territorial recóllense o desenvolvemento territorial sustentable; a racionalidade territorial, que entende o solo como un ben limitado e esgotable; a cohesión social e económica, o impulso e a dinamización demográfica e a perspectiva de xénero; a necesidade de ter en conta a conectividade e a restauración ecolóxicas e as directrices da Estratexia estatal de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas; o coidado da paisaxe como ben de especial interese; e a atención ao sistema rural e costeiro non urbano de Galicia como un conxunto de espazos que desempeñan un papel territorial fundamental para a Comunidade Autónoma."

Emenda nº25, ao apartado III, de Adición. Exposición de motivos

Dentro do apartado III da exposición de motivos debe engadirse un novo parágrafo, entre os actuais quinto e sexto, co seguinte contido:

"O capítulo II bis regula o Instituto de Estudos do Territorio como organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de ordenación do territorio e co obxecto de analizar, estudar e asesorar en materia de urbanismo e ordenación do territorio."

Emenda nº26, ao apartado V, de Supresión. Exposición de motivos



Debe suprimirse, no cuarto parágrafo do apartado V da exposición de motivos o inciso "agás o capítulo III relativo á regulación do Instituto de Estudos do Territorio".

Emenda nº27, ao apartado V, de Substitución. Exposición de motivos

Dentro do apartado V da exposición de motivos debe substituírse o actual texto do último parágrafo polo seguinte:

"O texto remata cunha serie de disposicións derradeiras nas que se contemplan, entre outros extremos, modificacións normativas derivadas da necesidade de que todos os instrumentos de ordenación do territorio contén cun informe en materia de paisaxe; ou da necesidade de adaptar a regulación prevista na lexislación urbanística aos cambios derivados da posible tramitación conxunta dos instrumentos de ordenación do territorio e da modificación do planeamento urbanístico que se prevé nesta lei; reaxustes na regulación dos Plans Básicos Municipais, para garantir a efectividade e os fins perseguidos na tramitación destes instrumentos de planeamento urbanístico; así como a eliminación da posibilidade de establecer no planeamento urbanístico previsións que afectan ao réxime xurídico do solo rústico, entendendo que ao tratarse dunha competencia autonómica, toda a regulación deste tipo de solo, debe estar contida directamente na propia lei.

Outra das disposicións derradeiras incide nunha dimensión específica da ordenación do territorio: a ordenación da estrutura territorial agraria. De xeito coherente cos principios orientadores e os fins desta lei relativos á sustentabilidade ambiental, a acadar un desenvolvemento equilibrado e á explotación e aproveitamento racionais dos recursos agrarios, introdúcese na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia a regulación da figuras das agrupacións forestais de xestión conxunta. Unha figura que, nos seus obxectivos, alinéase co disposto no Título Preliminar desta lei sobre a especial atención á viabilidade económica dos espazos rurais e costeiros non urbanos de Galicia e sobre o fomento das prácticas agrícolas e xestións sostibles da actividade forestal que contribúan á restauración de ecosistemas degradados loitando contra o abandono dos solos agrarios e reforcen a capacidade de adaptación ao cambio climático, todo isto na liña do sistema de infraestrutura verde referido no artigo 9 desta lei.





Tamén se contemplan outras cuestións como a previsión do seu desenvolvemento regulamentario ou a súa entrada en vigor ao mes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.”

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/02/2020 18:08:19

Martín Fernández Prado na data 06/02/2020 18:08:25



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DO
TERRITORIO DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000021).**

Emenda nº1, ao apartado 1, de Adición. Artigo 2

No artigo 2, apartado 1, engadir despois de: “elaboración”, o seguinte texto: “aprobación, execución e seguimento”.

Emenda nº2, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 2

No artigo 2, engadir un novo apartado 1 bis) co seguinte texto:

“1 bis) A ordenación do territorio é unha función pública non susceptible de transacción, que organiza o uso do territorio de acordo co interese xeral”.

Emenda nº3, ao apartado 2.b), de Adición. Artigo 2

No artigo 2, apartado 2, subapartado b), engadir o seguinte texto ao final:

“Asemade, terase en conta a planificación e desenvolvemento de sistemas de mobilidade sustentábeis de baixas emisións”.

Emenda nº4, ao apartado 2.h), de Substitución. Artigo 2

No artigo 2, apartado 2, subapartado h), substituír o texto actual polo seguinte:

"h) A publicidade, información e consulta pública nos procedementos de ordenación territorial."



Emenda nº5, ao apartado 2.h) bis), de Adición. Artigo 2

No artigo 2, apartado 2, engadir unha nova letra h) bis, co seguinte texto:

"h) bis) A participación social e institucional nos procesos de ordenación territorial, co obxectivo de chegar a grandes acordos nesta materia."

Emenda nº6, ao apartado a), de Adición. Artigo 3

No artigo 3, apartado a), engadir despois de: "espazo" e antes de "nacional", o seguinte: "da eurrerxiión Galiza-Norte de Portugal".

Emenda nº7, ao apartado c), de Modificación. Artigo 3

No artigo 3, apartado c), substituír: "coordine", por: "subordine".

Emenda nº8, ao apartado f), de Modificación. Artigo 3

No artigo 3, apartado f), substituír: "racional utilización", por: "preservación".

Emenda nº9, ao apartado f), de Adición. Artigo 3

No artigo 3, apartado f), engadir despois de: "no referente" e antes de "ao litoral", o seguinte: "aos solos".

Emenda nº10, ao apartado i), de Modificación. Artigo 3





No artigo 3, apartado i), substituír “de conformidade co disposto no artigo 7”, por: “de conformidade co disposto na lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia e na normativa que a desenvolve”.

Emenda nº11, ao apartado o), de Modificación. Artigo 3

No artigo 3, apartado o), substituír: “participación da cidadanía”, por: “participación das mulleres”.

Emenda nº12, ao apartado o) bis), de Adición. Artigo 3

No artigo 3, engadir un novo apartado o) bis) co seguinte texto:

"o) bis): “A protección das áreas agrícolas que pola súa elevada capacidade agrolóxica, pola súa funcionalidade a respecto dos riscos do territorio, por configurar unha paisaxe cultural identitaria ou por ser zonas produtoras de proximidade ou excelencia, sexan adecuadas para a súa incorporación á infraestrutura verde.”

Emenda nº13, ao apartado o) ter), de Adición. Artigo 3

No artigo 3, engadir un novo apartado o) ter) co seguinte texto:

"o) ter) A preservación e ordenación dos recursos hídricos, no marco dunha xestión integral e racional da auga.”

Emenda nº14, ao apartado o) quater), de Adición. Artigo 3

No artigo 3, engadir un novo apartado o) quater) co seguinte texto:

"o) quater) a conectividade territorial entre os diferentes elementos constitutivos da infraestrutura verde, con especial referencia aos cauces fluviais e ás súas ribeiras, aos humidais, así como aos demais corredores ecolóxicos.”





Emenda nº15, de Modificación. Artigo 6

No artigo 6 substituír o título actual por: "A cohesión social e económica".

Emenda nº16, ao apartado 1, de Adición. Artigo 6

No artigo 6, engadir ao final do apartado 1 o seguinte texto:
"Asemade, fomentará o comercio de proximidade como mecanismo de cohesión, dinamismo e desenvolvemento urbano".

Emenda nº17, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 6

No artigo 6 suprimir o apartado 2, que pasaría a integrar o artigo 6 bis). (O número 3 pasaría a ser o número 2)

Emenda nº18, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 6

No artigo 6, apartado 3, substituír: "equilibrio", por: "cohesión".

Emenda nº19, de Adición. 6 bis)

Engadir un novo artigo 6 bis) co seguinte texto:
"A perspectiva de xénero.

As políticas e os plans en materia de ordenación do territorio deben incluír medidas tendentes a facer efectivo o principio de igualdade entre as persoas. Neste sentido, a ordenación do territorio terá en conta o impacto dos roles de xénero no uso diferenciado do territorio por mulleres e homes."





Emenda nº20, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 7

No artigo 7 engadir un novo apartado 2 bis) co seguinte texto:

"2 bis) Promoverase un desenvolvemento harmonizado, integrado e complementario das Directrices de ordenación do territorio e das Directrices da paisaxe."

Emenda nº21, de Modificación. Artigo 8

No artigo 8 substituír o título por: "Os espazos rurais de Galiza".

Emenda nº22, ao apartado 2, de Adición. Artigo 9

No artigo 9 apartado 2 engadir o seguinte texto ao final:

"A Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas tramitarase e aprobarase como Plan Territorial Integrado".

Emenda nº23, de Supresión. Artigo 10

No artigo 10, suprimir: "promovendo con estas a participación da iniciativa privada".

Emenda nº24, ao apartado 1.d), de Modificación. Artigo 16

No artigo 16, apartado 1, subapartado d), substituír: "Proxectos de interese autonómico", por: "Proxectos de desenvolvemento estratéxico sostíbel" (así en todo o texto).

Emenda nº25, ao apartado 1.d) bis), de Adición. Artigo 16

No artigo 16, apartado 1, engadir un novo subapartado 1 d) bis) co seguinte texto:



"d) bis). Programas Coordinados de Actuación Territorial."

Emenda nº26, ao apartado 1.d) bis), de Adición. Artigo 19

No artigo 19, número 1, engadir un novo subapartado co seguinte texto:

"d) bis. Programas Coordinados de Actuación Territorial."

Emenda nº27, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 19

No artigo 19 suprimir o apartado 2.

Emenda nº28, ao apartado o), de Adición. Artigo 21

No artigo 21 engadir un novo apartado co seguinte texto:

"o) Os criterios e mecanismos para favorecer a participación social e para integrar a perspectiva de xénero."

Emenda nº29, de Modificación. Artigo 25

No artigo 25 substituír o título por: "Seguimento e control parlamentario das Directrices de ordenación do territorio"

Emenda nº30, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 25

No artigo 25 engadir un novo apartado 2 bis) co seguinte texto:

"2 bis) As Directrices do ordenación do territorio serán aprobadas polo Parlamento de Galiza."



Emenda nº31, ao apartado 2, de Adición. Artigo 26

No artigo 26, apartado 2, engadir o seguinte texto:

“No prazo máximo de tres anos elaboranse e aprobaranse Plans Territoriais Integrados e os correspondentes Programas Coordinados de actuación cando menos nas grandes áreas urbanas de Galiza.”

Emenda nº32, ao apartado 3, de Adición. Artigo 26

No artigo 26, apartado 3, engadir o seguinte texto ao final:

“No prazo máximo de tres anos aprobaranse os Plans Territoriais Integrados da Infraestrutura verde e de Ordenación do monte mediante devasas para a protección fronte a grandes incendios forestais.”

Emenda nº33, ao apartado r) bis), de Adición. Artigo 27

No artigo 27 engadir un novo apartado r) bis) co seguinte texto:

"r) bis). Os criterios e mecanismos para favorecer a participación social e para integrar a perspectiva de xénero."

Emenda nº34, ao apartado 1, de Adición. Artigo 30

No artigo 30, apartado 1, engadir unha nova letra h) bis) ao final co seguinte texto:

"h) bis) Os criterios e mecanismos para favorecer a participación social e para integrar a perspectiva de xénero."



Emenda nº35, ao apartado 1, de Adición. Artigo 32

No artigo 32, apartado 1, engadir ao final o seguinte texto:

“Os plans sectoriais deberán cumprir as determinacións da Directrices de ordenación do territorio, das Directrices da paisaxe e dos Plans Territoriais Integrados.”

Emenda nº36, ao apartado p) bis), de Adición. Artigo 33

No artigo 33 engadir unha nova letra ao final p) bis) co seguinte texto:

"p) bis) Os criterios e mecanismos para favorecer a participación social e para integrar a perspectiva de xénero."

Emenda nº37, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 35

No artigo 35 suprimir o apartado 2.

Emenda nº38, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 35

No artigo 35 suprimir o apartado 3.

Emenda nº39, de Adición. Sección 3ª bis)

Engadir unha nova sección co seguinte contido:

"Sección 3ª bis) Programas Coordinados de Actuación Territorial

36 bis) Os programas coordinados de actuación territorial son instrumentos para a definición de actuacións concretas de maneira coordinada e sistemática, incluíndo obras e instalacións supramunicipais a desenvolver nun determinado ámbito territorial, así como o financiamento e organización das mesmas."



Emenda nº40, de Modificación. Artigo 37

No artigo 37 substituír: “Proxectos de interese autonómico”,
por: “ Proxectos de desenvolvemento estratéxico sostíbel”.

Emenda nº41, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 37

No artigo 37, apartado 1, suprimir o subapartado c).

Emenda nº42, ao apartado 2.c), de Supresión. Artigo 37

No artigo 37, apartado 2, suprimir o subapartado c).

Emenda nº43, ao apartado 3.b), de Supresión. Artigo 37

No artigo 37, apartado 3, suprimir o subapartado b).

Emenda nº44, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 37

No artigo 37 suprimir o apartado 4.

Emenda nº45, ao apartado 5, de Substitución. Artigo 37

No artigo 37 substituír o apartado 5 polo seguinte texto:

“5. Os proxectos de desenvolvemento estratéxico sostíbel
deberán ser promovidos e desenvolvidos por iniciativa pública.”

Emenda nº46, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 37





No artigo 37 suprimir o apartado 6.

Emenda nº47, de Supresión. Artigo 38

Suprimir o artigo 38.

Emenda nº48, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 39

No artigo 39, apartado 1, suprimir o seguinte texto: “ou a solicitude das persoas ou entidades promotoras”.

Emenda nº49, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 39

No artigo 39, apartado 1, suprimir o segundo parágrafo.

Emenda nº50, ao apartado 1.b), de Supresión. Artigo 41

No artigo 41, apartado 1, suprimir o segundo paragrafo do subapartado b).

Emenda nº51, ao apartado e), de Supresión. Artigo 41

No artigo 41 suprimir o apartado e).

Emenda nº52, ao apartado k), de Supresión. Artigo 41

No artigo 41 suprimir o apartado k).

Emenda nº53, ao apartado 1.a), de Supresión. Artigo 42

No artigo 42, apartado 1, suprimir o subapartado a).



Emenda nº54, ao apartado 2.b), de Supresión. Artigo 42

No artigo 42, apartado 2, subapartado b), suprimir o segundo parágrafo.

Emenda nº55, ao apartado 1, de Adición. Artigo 43

No artigo 43, apartado 1, engadir o seguinte texto ao final:

"Asemade, deberán adaptarse ás Directrices da paisaxe, ao Plan Territorial da Infraestrutura Verde e aos instrumentos de protección do medio natural e da biodiversidade."

Emenda nº56, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 43

No artigo 43 suprimir o apartado 2.

Emenda nº57, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 43

No artigo 43 suprimir o apartado 3.

Emenda nº58, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 44

No artigo 44, apartado 1, substituír o texto polo seguinte:

"1. O procedemento de aprobación iniciarase por acordo da consellaría competente en materia de ordenación do territorio."

Emenda nº59, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 44

No artigo 44 suprimir o texto do apartado 2.



Emenda nº60, ao apartado 7, de Supresión. Artigo 45

No artigo 45 suprimir o apartado 7.

Emenda nº61, ao apartado 8, de Supresión. Artigo 45

No artigo 45 suprimir o apartado 8.

Emenda nº62, de Modificación. Artigo 49

No artigo 49 substituír: "persoa promotora", por: "entidade pública promotora".

Emenda nº63, de Supresión. Artigo 50

Suprimir o artigo 50.

Emenda nº64, ao apartado 1.b), de Supresión. Artigo 53

No artigo 53, apartado 1, suprimir o subapartado b).

Emenda nº65, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 53

No artigo 53 suprimir o apartado 3.

Emenda nº66, de Supresión. Artigo 54

Suprimir o artigo 54.

Emenda nº67, de Supresión. Disposición adicional segunda

Suprimir a Disposición adicional segunda.



Emenda nº68, de Supresión. Disposición adicional quinta

Suprimir a Disposición adicional quinta.

Emenda nº69, de Adición. Disposición adicional sexta bis)

Engadir unha nova Disposición adicional co seguinte texto:

"Disposición adicional sexta bis) No prazo máximo de 2 anos procederase á revisión e aprobación das Directrices de ordenación do territorio."

Emenda nº70, de Supresión. Disposición derradeira segunda

Suprimir a Disposición derradeira segunda.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 06/02/2020 17:38:44

Olalla Rodil Fernández na data 06/02/2020 17:38:53



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do disposto nas Normas Reguladoras das Relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Propostas de Resolución**, aos informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da conta Xeral da Comunidade autónoma para o ano 2017.

Resolución núm. 1

Apróbase a Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2017.

Resolución núm. 2

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar dando cumprimento efectivo ás recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia nos seus Informes de Fiscalización.

Resolución núm. 3

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir cumprindo os obxectivos de déficit e endebedamento e avanzando na redución do gasto en xuros de débeda, tal e como o Consello de Contas acredita que fixo no exercicio 2017.

Resolución núm. 4

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a aproveitar a reforma da lexislación en materia de réxime orzamentario operada a través do artigo 9 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para incluír na próxima rendición da Conta Xeral unha memoria máis completa e cun contido máis axustado ás recomendacións do Consello de Contas.



Resolución núm. 5

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar mellorando o investimento per cápita en sanidade e a mantelo por riba da media española, así como a manter a Galicia entre as comunidade autónomas que maior porcentaxe do seu PIB dedican á sanidade pública tal e como, tanto o Consello de Contas e o Ministerio de Sanidad, nos seus informes, acreditan que fixo no exercicio 2017.

Resolución núm. 6

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter o control sobre o gasto do SERGAS en actividade concertada con medios alleos, mantendo o gasto real neste concepto en todo caso por debaixo do 6% do total do gasto real do SERGAS, tal e como o Consello de Contas acredita nos seus informes que leva acontecendo desde 2009.

Resolución núm. 7

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a completar a adaptación dos contratos de prestación de servizos sanitarios á nova lexislación en materia de contratos, estendendo os acordos marco de prestación sanitaria que xa foron formalizados nos últimos anos en varias áreas sanitarias ata acadar a cobertura do total do territorio galego, así como a mellorar o control interno destes contratos e dos concertos singulares como o do hospital POVISA a través dos novos servizos administrativos de control creados na nova estrutura orgánica do SERGAS aprobada mediante o Decreto 137/2019, coa fin de facer seguimento da execución destes contratos, identificar aspectos de mellora e analizar as reclamacións presentadas.

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2020 18:03:39
Nº Rexistro: 63144
Data envío: 04/02/2020 18:03:39.895**

Pedro Puy Fraga na data 04/02/2020 18:02:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGO0oXKlaIS3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 8.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta ante esa mesa as seguintes **propostas de resolución, respecto dos informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma de 2017.**

Resolución núm. 1

O Parlamento de Galicia reprobou a falta de dilixencia no labor de colaboración da Xunta de Galicia presidida por Núñez Feijóo co Consello de Contas de Galicia, ao continuar constatando que, en xeral, non se aprecian avances reseñables no cumprimento das reiteradas recomendacións realizadas por dito órgano de control.

Resolución núm. 2

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que aborde con urxencia unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa un novo Plan de Contabilidade Pública e unha mellora na delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades.

Resolución núm. 3

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que realice no máis tarde do 31 de xullo, a rendición da Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia e a súa remisión á Cámara galega, máis cando á correspondente ao exercicio do 2018 foi adiantada no Consello da Xunta de Galicia celebrado o 14 de febreiro de 2019.



Resolución núm. 4

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que, en cumprimento do principio de transparencia, presente a memoria anual da Conta Xeral estruturada e completa, incorporando a información prevista na normativa de aprobación, especialmente, nos seguintes aspectos: a) Situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e grao de cumprimento de obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico.

Resolución núm. 5

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia realizar correctamente a previsión orzamentaria de determinados programas de gasto que, ano tras ano, son obxecto de modificacións orzamentarias reiterativas, tales como o 411A, o 713F, o 723A ou o 741A, rematando cas deficiencias estruturais na súa valoración orzamentaria e que ofrecen unha imaxe inicial falseada de tales gastos.

Resolución núm. 6

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fundamentar de xeito totalmente congruente e claro o financiamento vinculado ás incorporacións de crédito relativo á liquidación de exercicios anteriores.

Resolución núm. 7

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que obrigue a todas as entidades instrumentais autonómicas ao cumprimento das súas obrigas na rendición de contas, así como de elaborar toda a documentación necesaria para non limitar o alcance dos informes por parte do Consello de Contas de Galicia, procedendo ao subministro sobre o coste de actividades e indicadores de xestión como medio para avanzar na dirección por obxectivos e no control de eficiencia, elaborando e dando a coñecer un informe comprensivo dos principais resultados de control financeiro e auditoría pública.



Resolución núm. 8

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que adopte as medidas necesarias para restrinxir o uso do programa 621B (Imprevistos e funcións non clasificadas), evitando a súa utilización como programa-ponte de transferencias de crédito co obxecto de posibilitar a superación dos límites fixados pola normativa que impiden as transferencias directas entre as aplicacións afectadas.

Resolución núm. 9

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que regule os supostos de aplicación, así como a dotación asignada ao Fondo de Continxencia, segundo establece a LOEOSF, impedindo aumentos tan desmesurados como o producido na Administración xeral da Xunta de Galicia no curso do ano 2017, que supuxo un incremento do 4.600 % sobre a contía inicialmente aprobada.

Resolución núm. 10

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer unha correcta imputación orzamentaria e contable entre os investimentos reais e os gastos de carácter inmaterial, dado que a maior parte das operacións rexistradas no artigo 64 non corresponden a activos inmateriais nin a inversións, tal e como acontece, por exemplo, cos gastos de publicidade, como reiteradamente vén informando o Consello de Contas de Galicia.

Resolución núm. 11

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que publique na súa páxina de transparencia, información accesible e actualizada acerca dos obxectivos económicos e financeiros establecidos e o seu grao de realización polas diversas unidades de gasto do sector público autonómico.



Resolución núm. 12

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar un subsistema de rexistro contable específico para os proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial, levando a cabo as actuacións necesarias para conseguir unha utilización máis eficiente dos recursos tal que ao final de cada exercicio xustifíquese una contía superior dos fondos ao que realizouse en precedentes exercicios.

Resolución núm. 13

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a rebaixar o volume, tanto en importe como número, das modificacións orzamentarias, dado que no ano 2017 foron superiores ás efectuadas no ano precedente, realizando unha concreta e axeitada valoración do seu impacto sobre os obxectivos de gasto programados, evitando realizar operacións de modificación como a efectuada o último día do exercicio 2017 onde se aprobaron 38 expedientes de modificación de créditos, que afectaron practicamente a todos os programa económicos e que sumaron un montante total de 447 millóns de euros.

Resolución núm. 14

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a respectar a lexislación aplicable e a non volver a diminuír, tal e aconteceu no ano 2017, os créditos consignados para gastos do programa “312D para a atención á dependencia, ao tempo que verificar o nivel de calidade asistencial da rede pública de centros de atención ás persoas maiores adscritos á Consellería de Política Social.

Resolución núm. 15

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a trasladar publicamente con corrección os datos relativos á Conta xeral da Comunidade Autónoma, non realizando manifestación inexactas ou falsas, tal e como aconteceu cando fixou o grado de execución do gasto para o exercicio do 2017 no 99 %, cando foi en varios puntos inferior, e non chegando ao 80 % para os gastos de capital.



Resolución núm. 16

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a computar e contabilizar correctamente os gastos correspondentes a cada exercicio económico, evitando validar gastos de exercicios anteriores, así como desprazamentos de obrigas ao ano seguinte, que por non computarse correctamente non figuran no cálculo do remanente, e que para o ano 2017 supuxeron un importe global superior aos 270 millóns de euros.

Resolución núm. 17

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a integrar a todos os efectos as fundacións de investigación con conexións aos centros sanitarios públicos, no sector público autonómico, sometendo polo tanto as súas contas a rendición do Consello de Contas de Galicia.

Resolución núm. 18

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a regularizar os concertos sanitarios que mantéñense no tempo sen soporte contractual adecuado, rematando ca utilización de xeito reiterado de autorizacións de uso que en moitos casos non acreditan necesidades urxentes que se pretenden atender por parte do Sergas.

Resolución núm. 19

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar a coordinación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma cos organismos e entes públicos e privados especializados nos sectores estratéxicos relacionados cos obxectivos programáticos do novo marco operativo 2014-2020: innovación, investigación, tecnoloxía, sostibilidade, cambio climático e economía dixital, así como a formación do persoal vinculado a estes sectores, para favorecer deste xeito a captación de financiamento europeo nos proxectos que se poidan desenvolver nestas áreas.



Resolución núm. 20

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que empregue indicadores para o seguimento dos incidentes que se producen na execución dos proxectos europeos, de modo que se poidan evitar os atrasos nas certificacións e pagos aos que dá lugar o incumprimento das obrigas e condicións contraídas polos perceptores dos Fondos Europeos.

Resolución núm. 21

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que nas distintas bases de datos, XUMCO e Conta Xeral, se incorpore o mesmo sistema de identificación e clasificación de todas as persoas beneficiarias de Fondos Europeos, relacionando os perceptores de fondos tramitados polo FOGGA e especificando os códigos e o nome completo das modalidades dos diferentes programas operativos de forma idéntica.

Resolución núm. 22

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a afondar no labor de control sobre o hospital privado de Povisa, efectuando unha análise do custo das prestacións sanitarias (de tipo asistencial e farmacéutico) para poder fixar con exactitude o importe a satisfacer a tal ente concertado, e permitir unha idónea comparativa co paciente atendido nos centros públicos, ao tempo que a implantar mecanismos efectivos para o seguimento e valoración sanitaria, así como dos sistemas de información, superando as eivas evidenciadas pola Administración autonómica neste sentido.

Resolución núm. 23

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar as medidas de coordinación e información coas entidades locais coa finalidade de incrementar a súa participación no financiamento de proxectos no marco europeo, nomeadamente daqueles concellos con menores posibilidades por falta de medios materiais ou humanos.



Resolución núm. 24

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar ano prazo máximo de cinco meses un informe á Cámara galega no que dea conta pormenorizada do grado de execución ou incumprimento en relación ás conclusións e recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia e recollidas no documento “Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral”.

Resolución núm. 25

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar substancialmente e axilizar por parte do Sergas os procesos de reclamacións de responsabilidade patrimonial, reforzando a análise sobre os incidentes acontecidos e avanzando no obxectivo da súa minoración, promovendo criterios homoxéneos que garantan unha maior calidade da instrución e regulamentando o funcionamento da Comisión de seguimento existente.

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2020

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/02/2020 17:10:55



Á MESA DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA PA- RA AS RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto nas Normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Propostas de Resolución** aos **informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de 2017 (10/ICON-000004)**.

Resolución nº 1.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a atender as recomendacións realizadas polo Consello de Contas ante a evidencia, non só do incumprimento das mesmas, se non da diminución anual do cumprimento das recomendacións do Consello de Contas. O incumprimento das súas recomendacións aumenta de xeito directamente proporcional ao número de recomendacións emitidas. Canto maior é a actividade do Consello, maior é o incumprimento das súas recomendacións por parte da Xunta de Galicia. Os datos da memoria de actividades de 2018 corroboran esta percepción, particularmente no caso do SERGAS.

Segundo o informe sobre o grao de seguimento das recomendacións efectuadas polo Consello de Contas incluído na memoria de 2018, das 76 recomendacións obxecto de seguimento, case unha cuarta parte, o 23.6%, 18 recomendacións, foron directamente rexeitadas pola Administración fiscalizada, e só 3, o 3.9%, están totalmente aplicadas a xuízo do Consello de Contas



Resolución nº 2.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a mellorar os procesos de elaboración e execución orzamentaria, aplicando a reiterada recomendación do Consello de Contas, relativa ao cumprimento do principio de anualidade orzamentaria, rematando coa practica habitual do desprazamento de gastos, que altera o resultado orzamentario e desvirtúa a información sobre a execución orzamentaria, de maneira que a liquidación orzamentaria recolla a totalidade das obrigas e dereitos devindicadas no exercicio.

Resolución nº3.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a non realizar novos acordos ou contratos de colaboración público-privada e estudar as vías para recuperar os contratos e colaboracións público-privadas vixentes cara a súa reversión pública.

Resolución nº4.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a evitar o uso abusivo das modificacións orzamentarias, reducindo estas á estritamente necesarias, co obxectivo de non desvirtuar o seu carácter excepcional, e se apliquen conforme ás finalidades previstas

Resolución nº5.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia superar o modelo de contratación precaria da administración autonómica Galega, nomeadamente na sanidade e no ensino público, así como revisar os contratos laborais existentes que poidan considerarse en fraude de lei segundo a normativa laboral vixente.



Resolución nº6.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que proceda á integración das fundacións de investigación vencelladas a centros públicos do Servizo Galego de Saúde, sometendo ademais a estas á rendición de contas.

Resolución nº 7.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a cumprir ca lei de saúde que outorga un carácter complementario as contratacións co sector privado no Sergas, superando o modelo actual de contratacións privadas, así como aportar de forma inmediata todos os datos referidos ás listas de espera, de calquera carácter, existentes no SERGAS.

Resolución nº 8.

O Parlamento Insta a Xunta de Galicia a dotar de máis recursos a Consellería de Política Social, co obxectivo de dotar ao servizo de residencias de máis prazas de carácter público, incrementar o persoal para axilizar os expedientes, sobre todo no que ten a ver coa resolución de recoñecemento do servizo así como a revisar o modelo de copago, actualizando os tramos de forma que sexan máis accesibles.

Resolución nº9.

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Servizo de Galego de Saúde para requirirlle que estableza mecanismos que permitan determinar e coñecer os diferentes compoñentes do gasto farmacéutico.

Resolución nº 10

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que o SERGAR implante un



sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, a presentar as contas anuais de acordo coas esixencias do referido Plan, así como a que as axencias públicas dependentes do mesmo formulen as súas contas coa homoxeneidade que require a súa natureza, e que estas contas sexan aprobadas polos órganos de goberno nos prazos establecidos.

Resolución nº11.

O Parlamento Galego insta Xunta de Galicia a establecer unha idónea determinación do custe das prestacións realizadas a través de concertos.

Resolución nº 12.

O Parlamento insta a Xunta a establecer mecanismos que permitan a execución máis eficaz dos recursos provintes de fondos europeos para o período 2014-2020, mellorando o grao de execución que emiten os informes de fiscalización ao respecto do período 2007-2013. Así como mellorar os mecanismos de seguimento e control da execución dos proxectos subvencionados con estes fondos

Resolución nº 13.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a incrementar os recursos destinados ao Consello de Contas, nomeadamente naqueles destinados a contratación de persoal, así como estudar e elaborar os mecanismos legais oportunos que permitan dotar ao Consello de Contas de carácter sancionador e reducir os prazos dos informas, de tal forma que os resultados sexan presentados en horizontes temporais próximos aos analizados.



Resolución nº14.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a aplicar a lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e do II plan de Avaliación das entidades dependentes incorporando o Centro Tecnolóxico da Carne na Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Resolución nº 15.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que, presente a memoria anual da Conta Xeral de tal forma que incorpore información completa sobre a execución e afectación dos beneficios fiscais.

Resolución nº 16.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galiza a levar a cabo en colaboración cos axentes implicados un estudo sobre o impacto nas persoas usuarias do incremento dos prezos en Galicia, sobre todo no referido as peaxes, os combustibles ou a vivenda de cara a avaliar as posibilidades de introducir medidas correctoras.

Resolución nº17.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a facer públicos toda a información, das viaxes ao estranxeiro dos altos cargos, conselleiros e presidente, garantido a accesibilidade telematicamente a toda a cidadanía galega e incluíndo nesta información, os gastos detallados de cada viaxes e o informe de obxectivos e grao de cumprimento dos mesmos.



Resolución nº18.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a cumprir coa recomendación do Consello de Contas de deixar de contabilizar como investimento financeiro o que na realidade son transferencias correntes para gastos de funcionamento.

Resolución nº19.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a presentar un plan de reestruturación da débeda pública para asegurar a súa sustentabilidade.

Resolución nº 20

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a completar a fiscalización previa con controis posteriores, e estender o control financeiro sobre servizos ou áreas de xestión das consellerías co obxecto de verificar o grao de cumprimento da legalidade en áreas susceptibles de riscos de xestión como as relativas á contratación ou a concesión de axudas públicas.

Resolución nº 21

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a evitar a proliferación de modificados e fraccionamentos contractuais, que pretenden eludir os requisitos legais de publicidade e os relativos ao procedemento de adxudicación que corresponde en cada caso.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2020.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Antón Sánchez García

Deputada e vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2020 17:36:08
Nº Rexistro: 63134
Data envío: 04/02/2020 17:36:08.298

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 04/02/2020 17:27:35

Antón Sánchez García na data 04/02/2020 17:27:45

CSV: BOPGDSPGO0oXKlaIS3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nas normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galiza, presenta as seguintes **Propostas de Resolución aos informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de 2017 (10/ICON-000004)**.

Resolución núm. 1

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a comprometer o cumprimento das recomendacións contidas nos informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de 2017.

Resolución núm. 2

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a rectificar a súa política de incumprimento das recomendacións contempladas sucesivamente polos Informes do Consello de Contas nos seus informes fiscalizadores do sector público galego. Para tal efecto, asume o compromiso de remitir antes do remate da lexislatura un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informe á Cámara detallando o estado do cumprimento así como a previsión de mudanzas conducentes a facelo.

Resolución núm. 3

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a tomar medidas conducentes diante do infrafinanciamento estrutural que amosan diferentes informes do Consello de Contas respecto de elementos como os servizos públicos básicos, para o que deberá comprometerse a esixir a apertura inmediata das negociacións do novo sistema de financiamento e a colaborar coas forzas políticas do Parlamento Galego para acordar unha batería de mínimos a esixir no prazo máximo de tres meses.

Resolución núm. 4

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a dialogar e colaborar cos concellos galegos na posta en marcha e na esixencia de medidas que poñan fin ás insuficiencia financeira estrutural e á coerción do cumprimento dos obxectivos de débeda dos que dan conta os informes de fiscalización das entidades locais e que agochan graves consecuencias como as dificultades para atender os servizos públicos. Para iso, comprométese a negociar un calendario de asunción das competencias impropias que están a asumir os concellos galegos e a colaborar na negociación dun novo sistema de financiamento local e de reparto da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Participación dos Ingresos do Estado que incorpore criterios como o avellentamento, a dispersión poboacional e o reequilibrio territorial cun peso suficiente para rematar co actual infrafinanciamento.

Resolución núm. 5

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a recoñecer o seu fracaso na racionalización administrativa e comprometerse de forma singular coas recomendacións recollidas no *Informe relativo aos Procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade para o período 2010-2016* e particularmente a desenvolver no prazo máximo dun mes o rexistro de entidades do sector público da Comunidade previsto xa na Lei de Organización e Funcionamento da Administración Xeral de Galiza que leva incumprindo máis de nove anos.

Resolución núm. 6

O Parlamento de Galiza insta á Xunta a revertir a constante privatización da atención á dependencia e impulsar tanto a total ocupación das prazas residenciais existentes nos centros propios como unha maior provisión de prazas residenciais de xestión exclusivamente pública cunha planificación de desenvolvemento para os próximos dez anos tendo en conta os indicadores de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

avellentamento e que recolla un aumento da inspección para avaliar a calidade da rede e fiscalizar o cumprimento da normativa.

Resolución núm. 7

O Parlamento de Galiza insta á Xunta a poñer fin ao escurantismo practicado respecto do do gasto farmacéutico e establecer modificacións na estrutura orzamentaria para que a información contábel permita recoñecer os diferentes compoñentes deste e posibilite a súa análise. Para unha meirande transparencia, emitirase un informe anual detallado que será remitido e debatido no Parlamento Galego.

Resolución núm. 8

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a establecer medidas conducentes a poñer fin á reiteración da evidencia de deficiencias na planificación orzamentaria coma o reiterado abuso do recurso ao Fondo de Continxencia e o uso inadecuado do *programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas* para o pagamento de gasto corrente e mal organizado, tal e como se sinala de forma recorrente nos informes elaborados polo ente fiscalizador. Así mesmo, a dar cumprimento á reiterada suxestión de “*que recolla na súa memoria anual información sobre a significación dos compromisos financeiros asumidos pola Comunidade para financiar as infraestruturas públicas, o que determinará*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha maior transparencia sobre a situación económico-financeira da Comunidade”.

Resolución núm. 9

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a iniciar un proceso de revisión do soporte contractual e da antigüidade dos concertos, con especial atención aos sanitarios, así como ás colaboracións público-privadas do servizos públicos de cara a reorientar a organización destes cara a reversión para a xestión pública.

Resolución núm. 10

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a iniciar un proceso de reversión das externalizacións dos servizos do ámbito hospitalario do SERGAS. En canto non se recupere a xestión pública revisaranse os criterios de adxudicación para evitar as contratas á baixa e o deterioro dos servizos e impulsaranse os mecanismos de transparencia e control que determine o Consello de Contas.

Resolución núm. 11

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a corrixir a falta de dación de contas das fundacións de investigación vinculadas aos centros





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sanitarios así como a cumprir as recomendacións do Consello de Contas conducentes a que estas deben integrarse no sector público autonómico e no servizo público de saúde, para o que presentará un cronograma e plan de adecuación no prazo máximo de seis meses e no que incluírá un plan de estabilización do persoal.

Resolución núm. 12

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a rectificar a súa política de falta de transparencia respecto da débeda pública galega someténdoa a unha auditoría independente específica.

Resolución núm. 13

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a facer públicos e remitir de forma inmediata á Cámara galega os seus plans de racionalización presuntamente aprobados.

Resolución núm. 14

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a cumprir as recomendacións pendentes que se reiteran no último *Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial (Eercicio 2017)* e que xa se incluían





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no anterior, así como a remitir á cámara galega un informe detallado do seu non incumprimento xa que isto non está suficientemente detallado nas alegacións que acompañan dito informe.

Resolución núm. 15

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a cumprir no prazo máximo de tres meses a recomendación do Consello de Contas de poñer en funcionamento unha plataforma informática integral única que recolla todos aqueles aspectos relativos á xestión das reclamacións de responsabilidade patrimonial así como a toma de medidas que permitan reducir os prazos de tramitación do expediente, evitando unha prolongación innecesaria do procedemento administrativo.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2020.

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/02/2020 10:52:55

Olalla Rodil Fernández na data 04/02/2020 10:53:02



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa dos deputados e deputadas **Francisco Casal Vidal, Paula Vázquez Verao, María Dolores Candedo Gunturiz, Davide Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto nas Normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Propostas de Resolución** aos **Informes de fiscalización do sector público de Galicia** que conteñen a **fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017**.

Resolución nº 1.

No Informe de Fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2017, o Consello de Contas aprecia que *non se apreciaron avances salientables no cumprimento das súas recomendacións, polo que, á vista do seu insuficiente grao de implantación, volve a reiteralas no presente informe*". Por elo o Grupo Mixto tamén reitera as súas demandas.

Unha vez mais a Xunta incumpre de forma reiterada a necesidade de cumprir as recomendacións do consello de Contas, polo que:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a cumprir e executar as recomendacións do Consello de Contas, evitando o continuo menosprezo as recomendacións deste organismo por parte da Xunta de Galicia nos últimos anos, de tal forma que se proceda a:

- a) abordar con urxencia unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades; e tamén a aprobación



dun novo Plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable.

No marco destas modificacións normativas, sería aconsellable incorporar a destinada ao adianto do prazo da rendición da Conta Xeral.

- b) Elaborar unha revisión profunda da memoria da Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación, e en especial: da situación financeira global do sector público autonómico; da execución de beneficios fiscais; do volume de endebedamento e do grao de cumprimento dos obxectivos; do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico.
- c) Adoptar as medidas lexislativas e de control parlamentario oportunas que limiten o uso excesivo do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas.
- d) Determinar normativamente os supostos de aplicación e a dotación anual das necesidades atendidas co Fondo de Continxencia de tal forma que respondan estritamente ao carácter de imprevistas e non discrecionais, como esixe a LOEOSF.
- e) Coidar, dentro das incorporacións de créditos finalistas, que o desfase temporal entre o recoñecemento do dereito e a obriga a financiar non poña en dificultade o seu financiamento por utilizar os dereitos finalistas para outras aplicacións diferentes ás que estean dirixidos. Neste sentido, o proxecto de orzamentos debería contar cunha dotación de crédito suficiente destinada a dar cobertura ás incorporacións de fondos propios libres co obxectivo de non afectar á distribución de créditos prevista.
- f) Realizar unha adecuada planificación orzamentaria que faga posible atender sen dificultade as necesidades de gasto previstas para cada exercicio corrente, de maneira que a liquidación orzamentaria recolla a totalidade de obrigas e



dereitos devindicados no exercicio en cumprimento do principio de anualidade orzamentaria.

- g) Garantir, en base ao principio de transparencia, que tanto o proxecto como a liquidación orzamentaria inclúan información suficiente e adecuada respecto ás diferenzas entre o orzamento e as contas en termos de contabilidade nacional, así como os axustes necesarios para a súa conciliación co fin de verificar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.
- h) Incorporar un sistema completo de seguimento dos gastos con financiamento afectado, que permita coñecer de xeito fiable as desviacións de financiamento producidas no exercicio e as acumuladas desde o inicio dos proxectos de gasto.
- i) Regularizar e depurar os dereitos recoñecidos pendentes de cobro, en especial os de maior antigüidade.
- j) Incorporar os saldos das contas de habilitación e das contas restrinxidas de recadación ao saldo final de tesourería e proceder á súa contabilización e conciliación
- k) Articular os mecanismos necesarios para que a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda poida exercitar o control das contas restrinxidas de ingresos asignadas á ATRIGA en tanto os fondos das mesmas non son traspasados ás contas operativas de ingresos.
- l) Realizar as medidas oportunas para articular o orzamento de tesourería que contemple as previsións necesarias co obxecto de conseguir unha adecuada distribución temporal dos pagos e unha correcta estimación da necesidade de endebedamento da Comunidade Autónoma.
- m) En relación ao endebedamento público subministrar a información o máis ampla posible na Memoria e na Conta de Endebedamento da Conta Xeral, de xeito que se facilitara o seu seguimento e análise.



- n) Elaborar unha planificación precisa dos proxectos ou infraestruturas cuxos obxectivos xustifiquen diferir o gasto a orzamentos futuros, así como do establecemento de límites cuantitativos en función da evolución do aforro.

Resolución nº 2.

Seguindo co seguimento das recomendación das fiscalización do ano 2016, resulta importante destacar esta parte do informe con respecto á reforma en materia económica, orzamentaria e contable: “que inclúa a delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades; e tamén a aprobación dun novo Plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable” No informe simplemente se sinala que se comezou a traballar nese novo plan, pero que non hai constancia de que se finalizara.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a cumprir e executar as recomendacións do Consello de Contas, evitando o continuo menosprezo as recomendacións deste organismo por parte da Xunta de Galicia nos últimos anos, de tal forma que se proceda a:

- a) Incluír a delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades.
- b) Aprobar un novo Plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable.



Resolución nº 3.

Con respecto a esta recomendación: ”recoméndase unha revisión profunda da memoria da Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación, e en especial: a) da situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e grao de cumprimento dos obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico”.

No informe, aínda que non se di claramente, indicase que non hai constancia de que se asumiran estas recomendacións. Esta recomendación é moi importante, especialmente no que atinxe aos beneficios fiscais. Por elo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a cumprir e executar as recomendacións do Consello de Contas, evitando o continuo menosprezo as recomendacións deste organismo por parte da Xunta de Galicia nos últimos anos, de tal forma que se proceda a:

Desenvolver unha revisión profunda da memoria da Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación, e en especial: a) da situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e grao de cumprimento dos obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico.

Resolución nº 4.

Segundo as novas recomendacións do Informe sobre a Conta Xeral de 2017.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:



Na xestión de subvencións públicas deben adoptarse medidas correctoras da desviación da execución que permitan ao órgano concedente verificar o cumprimento dos requisitos das bases dentro do exercicio orzamentario correspondente e rexistrar as obrigacións dentro dese exercicio.

- a) Mellorar a identificación e seguimento dos remanentes
- b) Debe incluírse na memoria información sobre os acredores por operacións devengadas a fin do exercicio pendentes de aplicación ao orzamento, que explique os saldos recollidos no epígrafe correspondente do balance.

Resolución nº 5.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar todas aquelas incorporacións que, en cada exercicio, teñan clara imputación no propio exercicio —cumprindo co principio de anualidade orzamentaria— de forma que non se repita a práctica habitual de desprazamento de gastos mediante imputación en exercicios posteriores.

Resolución nº 6.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a non realizar e utilizar mecanismos de colaboración publico-privado no eido da Sanidade, a Educación e os Servizos Sociais.

Resolución nº 7.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a determinar de forma clara e precisa a xustificación do mecanismos polos que se difiren gastos en orzamentos futuros de determinados proxectos.



Resolución nº 8.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a evitar o recurso continuado as modificacións de crédito, de tal forma que se cumpra con rigor o acordo parlamentar de aprobación de orzamentos.

Resolución nº 9.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que proceda a integración das fundacións de investigación vencelladas a centros públicos do Servizo Galego de Saúde, sometendo ademais a estas á rendición de contas.

Resolución nº 10.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a cumprir ca lei de saúde que outorga un carácter complementario as contratacións co sector privado no Sergas, superando o modelo actual de contratacións privadas.

Resolución nº 11.

O Parlamento Galego insta a Xunta a que deixe de contabilizar como inversión de carácter inmaterial o que en realidade non é mais que gasto corrente, en moitos casos simple publicidade.

Resolución nº 12.

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Servizo de Galego de Saúde para requirirlle que estableza mecanismos que permitan determinar e coñecer os diferentes compoñentes do gasto farmacéutico.



Resolución nº 13.

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a establecer unha idónea determinación do custe das prestacións realizadas a través de concertos.

Resolución nº 14.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a superar o modelo de contratación precaria da administración autonómica Galega, nomeadamente na sanidade e no ensino público.

Resolución nº 15.

O Parlamento insta a Xunta a establecer mecanismos que permitan a execución mais eficaz dos recursos provintes de fondos europeos para o período 2014-2020 e seguintes, mellorando o grao de execución que emiten os informes de fiscalización ao respecto do período 2007-2013.

Resolución nº 16.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a aplicar a lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e do II plan de Avaliación das entidades dependentes incorporando o Centro Tecnolóxico da Carne na Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Resolución nº 17.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que presente a memoria anual da Conta Xeral de tal forma que incorpore información completa sobre a execución e afectación dos beneficios fiscais.



Resolución nº 18.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galiza a levar a cabo en colaboración cos axentes implicados un estudo sobre o impacto nas persoas usuarias do incremento dos prezos en Galicia, sobre todo no referido as peaxes e os combustibles de cara a avaliar as posibilidades de introducir medidas correctoras.

Resolución nº 19.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a facer públicos tódolos gastos referidos as viaxes ao estranxeiro dos altos cargos, conselleiros e presidente, de tal forma que sexan accesibles telemáticamente a toda a cidadanía galega.

Resolución nº 20.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a cumprir coa recomendación do Consello de Contas de deixar de contabilizar como investimento financeiro o que na realidade son transferencias correntes para gastos de funcionamento.

Resolución nº 21.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a presentar un plan de reestruturación da débeda pública para asegurar a súa sostibilidade, cuestionada pola comparación entre a vida media da mesma e o aforro bruto.

Resolución nº22.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a mellorar de maneira moi importante e preciso o Informe sobre o Hospital Povisa, dando contestación a todas estas eivas que evidencia o Informe do Consello de Contas:



Unha das principais conclusións que se indica no informe é a seguinte: “En el informe de necesidad de la contratación no se hace referencia a la influencia que podría tener la entrada en funcionamiento del NHV a la hora de fijar las prestaciones a realizar por Povisa, y tampoco recoge las razones que motivan la inclusión de los servicios a prestar, ni la exclusión de otros.”

Tamén é de enorme importancia a seguinte apreciación do informe: “ Para la fijación de la cápita (540 euros/persona/año), el Sergas tomó como referencia el gasto por hospital y área sanitaria. Sin embargo, no se recogen los datos empleados para proceder al cálculo de dicho gasto, que no se sustenta en la valoración efectiva de las prestaciones sanitarias que va a asumir Povisa y las características de su población asignada. Al carecer el Sergas de un sistema de contabilidad de costes no es factible determinar el gasto por paciente, lo que facilitaría un cálculo bastante aproximado de la cápita del concierto.”.

Se o Sergas non ten un sistema de contabilidade de custos, entendemos que tampouco o ten para os pacientes do SERGAS. O cal é grave, porque non se sabe o custo da sanidade por habitante.

Outros aspectos a destacar do informe son:

- "En el expediente de contratación no consta justificación sobre la forma de cálculo del número máximo de personas que constituye su población de referencia (139.000) ni de la parte del valor estimado del contrato correspondiente a la facturación extracápita.”
- “El mantenimiento de Povisa como hospital de carácter substitutorio y la fuerte dependencia de dicha sociedad de los ingresos procedentes del Sergas (el 80% en el ejercicio 2014) condiciona notablemente el proceso de negociación del concierto a la hora de fijar sus condiciones económicas y prestacionales. Asimismo, se evidencia una falta de transparencia en el desarrollo del dicho proceso de negociación, al no constar en el expediente referencias concretas a los aspectos tratados.”



Estes dous puntos anteriores son moi clarividentes, porque nos di que a Xunta está mantendo POVISA simplemente por cuestións de amiguismo e que o concerto con ese hospital non obedece a ningún criterio eficiente de xestión pública.

Seguimos:

- “El sistema de pagos a cuenta se modificó sin que dicho cambio haya tenido acomodo en el texto del concierto y sin que el Sergas justificara dicho proceder. Además, las facturas se emiten por Povisa en un mes posterior al que corresponde sin que el concepto recoja el período correcto de facturación por el servicio prestado (el mes de la actividad prestada).”
- El importe correspondiente a la facturación cruzada Sergas-Povisa se aminora en un porcentaje del 25% para la facturación del Sergas y del 40% para la de Povisa, sin que se justifique la forma de cálculo de dichos porcentajes.
- Los pagos derivados de esta regularización exceden ampliamente los 600.000 euros anuales destinados a esta finalidad, lo que pone de manifiesto la ausencia de una estimación adecuada del importe de la actividad extracápita en el presupuesto estimado.

Finalmente, con respecto as recomendacións establecidas indícase o seguinte:

- “El Sergas debe hacer un análisis de costes de las prestaciones sanitarias (de tipo asistencial y farmacéutico) teniendo en cuenta las características de la población atendida para poder fijar con exactitud el importe de la cápita a satisfacer a Povisa y permitir una idónea comparativa con el coste por paciente atendido en los centros públicos. Esto obligaría al Sergas a establecer un sistema de contabilidad analítica y a realizar un análisis de eficacia y eficiencia en la provisión pública de la sanidad, lo que



permitiría ofrecer transparencia a la forma de fijación de la capita del concierto”

- “Es necesario establecer con mayor precisión y claridad los deberes que asume Povisa en términos prestacionales y económicos para evitar la litigiosidad en la aplicación del concierto”.

- “A pesar del control que se hace sobre la facturación de Povisa, el Sergas debe implementar mecanismos efectivos para el seguimiento y evaluación de la prestación sanitaria por parte del ente concertado así como de sus sistemas de información, de forma que los resultados de dicha evaluación tengan un mayor peso específico en la retribución a satisfacer a Povisa”

Resolución nº23.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a mellorar de maneira moi importante e preciso o Informe sobre a Conta Xeral do SERGAS , dando contestación a todas estas eivas que evidencia o Informe do Consello de Contas:

Un dato importante é o que xa vimos dicindo dende fai tempo, as modificacións orzamentarias que se levan a cabo ano tras ano. Obsérvase que Sanidade é unha función que está constantemente infrafinanciada. Ante isto o informe sinala:

“El desajuste estructural que se viene produciendo entre los gastos y los recursos pone de manifiesto las dificultades para establecer medidas estables de financiación que posibiliten alcanzar un equilibrio financiero en el sistema sanitario.”

Un feito destacable no informe é que:

“Sin embargo, el ejercicio fiscalizado (2017) es el primero, desde el 2013, en el que los ingresos son superiores al gasto real del ejercicio. En el ejercicio 2017 la



financiación adicional alcanza los 253,931 millones de euros, debido a la mayor capacidad de endeudamiento de la CA como consecuencia de la **modificación de los objetivos de déficit (58,640 millones de euros) y por los remanentes no ejecutados de otros departamentos.**”

Isto último é moi importante, porque pon de manifesto que mentres o Goberno critica o déficit, ao mesmo tempo, este fíxolles un gran favor xa que liberou mais recursos para o sistema.

Con respecto ao que xa sinalara en POVISA, hai un problema de xestión contable: “El organismo autónomo continúa sin implantar un sistema integral de contabilidad tal y como exige el Plan General de Contabilidad Pública de Galicia, limitándose la información rendida a la administrativo-presupuestaria, sin que se aporte el Balance de situación ni la Cuenta del resultado económico-patrimonial”.

Isto tamén resulta importante porque a carecer deste sistema, carécese tamén dun sistema que estime os custos de forma axeitada e polo tanto, haberá desequilibrios importantes na estimación orzamentaria.

Con respecto ás modificacións orzamentarias, é importante sinalar o seguinte: “El importe neto de las modificaciones presupuestarias en el ejercicio 2017 alcanzó los 269,879 millones de euros, lo que supone un incremento del presupuesto inicial del 7,4%. Mediante modificaciones presupuestarias se financian gastos para la cobertura de necesidades con consignaciones insuficientes pero que eran conocidas en el momento de la aprobación del presupuesto, destacando especialmente el gasto farmacéutico y gastos por intereses. Como se viene señalando de forma recurrente por esta Institución, la **constitución del Fondo de Contingencia en los créditos del Sergas supone un elemento distorsionador del presupuesto al aplicarse a la cobertura de gastos que tienen carácter previsible (fundamentalmente el capítulo I de gastos de personal).**”



Respecto ás recomendacións, sinalamos as mais importantes:

- “Las diferentes modalidades de modificaciones presupuestarias deben aplicarse conforme a las finalidades previstas; en particular, debe evitarse la utilización de bajas de crédito como alternativa, máxime cuando estas no disponen de un canal procedimental y de control establecido normativamente.”
- “Debe limitarse el empleo de redistribuciones al ser modificaciones exceptuadas de tramitación y suponer una distorsión de la asignación funcional y orgánica de los créditos.”
- “Se considera conveniente regularizar y depurar los derechos reconocidos pendientes de cobro y las obligaciones pendientes de pago de ejercicios anteriores, en especial los de mayor antigüedad.”
- “ Es preciso evitar el uso extensivo del concepto de inversiones de carácter inmaterial para registrar gastos cuya naturaleza no responde a gastos de capital.”

Resolución nº24.

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a desenvolver informes moito mais detallados sobre a Xestión dos Fondos europeos, nesta liña:

- a) Non limitar o informe unicamente a unha análise descritiva de canto acadaron os fondos no exercicio e de canto foi o nivel de execución.
- b) Desenvolver recomendacións precisas e concretas para mellorar a xestión e o control dos Fondos Europeos.
- c) Desenvolver unha análise profunda sobre o impacto dos fondos e unha avaliación da xestión deses fondos públicos.



Resolución nº 25.

O Parlamento de Galicia reconece a importante misión que desempeña o Consello de Contas, a pesares das súas limitacións orzamentarias, e por elo insta a Xunta de Galicia a incrementar de maneira importante os recursos destinados ao Consello para que poda levar a cabo con eficacia e solvencia as súas responsabilidades algunhas delas incluídas nestas resolucións, nomeadamente naqueles destinados a contratación de persoal.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2020.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,
Paula Vázquez Verao,
María Dolores Candedo Gunturiz,
Davide Rodríguez Estévez
Luís Villares Naveira
Deputados, deputadas e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 04/02/2020 16:53:52

María Dolores Candedo Gunturiz na data 04/02/2020 16:54:07

Paula Vázquez Verao na data 04/02/2020 16:54:19

David Rodríguez Estévez na data 04/02/2020 16:57:28

Luis Villares Naveira na data 04/02/2020 16:59:03



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 7.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Recomendacións** respecto da Memoria anual de actividade do exercicio 2018.

Recomendación núm.1

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a manter con carácter periódico os Informes sobre a Actividade Económico-financeira das Entidades Públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/02/2020 18:02:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 7.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **recomendacións a Memoria anual de actividades do exercicio de 2018**.

Recomendación núm. 1

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización específico dos contratos e convenios de publicidade, protocolo e comunicación promovidos pola Xunta de Galicia durante os exercicios do 2015 ao 2019.

Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe específico de fiscalización e de auditoría operativa sobre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, dos anos 2015 ao 2019, que incluírá as valoracións dos seus procesos de contratación.

Recomendación núm. 3

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe sobre as axudas e convenios levados a cabo polo Goberno galego coas entidades locais e institucións delas dependentes, durante os anos 2015 ao 2019, co obxecto de verificar ata que punto a súa concesión se realizou baixo criterios obxectivos, avaliábeis e non discriminatorios, ditaminando a posible ilegalidade ou falta de xustificación das contías outorgadas.

Recomendación núm. 4

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe sobre o custo dos concertos hospitalarios realizado polo Servizo Galego de Saúde, no que inclúa o custo global concertado con cada hospital, así como o custo por servizo concertado con indicación expresa da comparativa entre o custe



do servizo realizado nun hospital público e nun centro concertado, e o volume que estes concertos supoñen con respecto ao orzamento do Sergas.

Recomendación núm. 5

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe sobre os procesos de contratación da Administración autonómica e actuacións levados a cabo en base aos mesmos, dende os anos 2015 ao 2019, respecto aos medios aéreos, nomeadamente os relativos aos servizos de extinción de incendios forestais, como os relativos ao rescate do servizo de Gardacostas de Galicia.

Recomendación núm. 6

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe sobre as posibilidades e custe para a Administración autonómica para acadar a liberación das peaxes nas autoestradas A Coruña – Carballo e Puxeiros – Val Miñor, valorando o cesamento na xestión privada de tales infraestruturas.

Recomendación núm. 7

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe sobre as posibilidades de recuperación para a xestión pública da concesión existente respecto ao Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, cesando a xestión privada de tal infraestrutura sanitaria básica.

Recomendación núm. 8

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe sobre a empresa pública Sogama, tal que se analice a contratación e comportamento do actual socio privado, a obtención de importantes beneficios na xestión destes servizos públicos, así como as posibilidades e custe para a Administración autonómica de aumentar substancialmente a participación pública ata poder alcanzar, no seu caso, a totalidade do seu accionariado.



Recomendación núm. 9

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas proceder á fiscalización e valoración dos estudos previos e trámites de contratación administrativa levados a cabo pola Xunta de Galicia con respecto as novas concesións do transporte público por estrada competencia da Comunidade Autónoma, analizando os seus custes e prestación de servizos en relación á posición anterior, a posible existencia de situacións contrarias á libre competencia, das reclamacións ou recursos efectuados, e valorando singularmente as modificacións realizadas con respecto ao transporte daqueles concellos con máis dificultades de acceso á mobilidade.

Recomendación núm. 10

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a presentación dun balance de xestión, execución e cumprimento de obxectivos dos programas operativos dos fondos europeos xestionados pola Administración autonómica correspondentes aos marcos de financiamento do 2007- 2013 e do 2014 - 2020

Recomendación núm. 11

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe sobre a eficiencia e eficacia das medidas concretas e controis adoptados pola Xunta de Galicia no sector público autonómico en relación á prevención institucional da corrupción.

Recomendación núm. 12

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe sobre o comportamento dos cargos públicos do sector público autonómico en relación ao cumprimento do Código Ético Institucional, dende a súa entrada en vigor ata o ano 2019.

Recomendación núm. 13

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe sobre os auténticos índices de execución ao respecto dos fondos europeos, sen ter en conta, tal e como realiza a Xunta de Galicia, as baixas de



créditos efectuadas ao final dos exercicios sobre os remanentes de crédito non comprometidos, para a súa reprogramación en exercicios posteriores.

Recomendación núm. 14

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre os gastos, obxectivos e composición das comitivas das viaxes ao exterior realizadas polo presidente da Xunta, os conselleiros e conselleiras e os altos cargos da Administración autonómica.

Recomendación núm. 15

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre o impacto económico e social dos beneficios fiscais aplicados pola Xunta de Galicia dende o exercicio do 2015 ao 2019, reflectindo nomeadamente os seus efectos ao respecto das correccións do desequilibrio territorial de Galicia.

Recomendación núm. 16

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dunha posposta sobre modificacións na estrutura orzamentaria para que a información contable permita recoñecer os diferentes compoñentes do gasto farmacéutico e a súa análise específica como elemento determinante e de representatividade significativa do gasto sanitario.

Recomendación núm. 17

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe sobre o custe das competencias autonómicas que están a ser desenvoltas ou financiadas polas corporacións locais, desagregando os seus principais compoñentes, e valorando posibles alternativas cara ao futuro para o seu refinanciamento.



Recomendación núm. 18

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que proceda a realizar as actuacións precisas co obxecto de remitir á Cámara galega os diversos informes de fiscalización de maneira máis espazada no tempo, conforme os teña dispostos, promovendo deste xeito que podan ser tratados diante da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas de forma singular e máis precisa, tal que afonde e poña de releve a importancia e significación de tales traballos.

Recomendación núm. 19

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe sobre a metodoloxía de asignación de valores realizada pola Axencia Tributaria de Galicia na xestión de diversos impostos autonómicos, para o período 2009 á actualidade, e onde tamén se reflectan os aumentos impositivos acadados polos cambios establecidos e unha análise sobre os litixios producidos.

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2020

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/02/2020 17:11:12



Á MESA DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA PA- RA AS RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS

O **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo** e do seu deputado **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto nas normas reguladoras das relación do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Recomendacións á Memoria anual de actividade de 2018. (10/MCON-000003)**.

Recomendación nº 1

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas introducir no seu plan de traballo e fiscalización a realización dun informe específico para a análise da eficiencia económica das principais políticas públicas autonómicas e da súa eficacia no cumprimento dos obxectivos declarados pola Administración.

Recomendación nº 2.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe sobre a evolución do persoal ao servizo do sector público autonómico na última década, co maior nivel de desagregación posible, incluíndo a Administración Xeral, os organismos autónomos, as axencias e entidades públicas e o resto de entidades incluídas no perímetro de consolidación.



Recomendación nº 3.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe sobre as necesidades de persoal dos servizos públicos fundamentais da Xunta de Galicia, nomeadamente no Ensino, a Sanidade e a dependencia.

Recomendación nº 4.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe sobre a retribución das persoas que traballan no sector público autonómico dende a perspectiva de xénero para determinar a posible existencia dunha fenda salarial e, si fora o caso, determinar os factores que a provocan para adoptar as medidas necesarias para eliminala.

Recomendación nº 5.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe sobre o conxunto do sistema fiscal galego, co obxectivo de analizar as posibles modificacións que se podan introducir para dotar ao mesmo de maior progresividade, así como analizar as consecuencias dos beneficios fiscais introducidos na última década e como estes afectan a progresividade do sistema.

Recomendación nº 6.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe específico sobre o sobrecoste financeiro da débeda soportado pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia dun recurso tardío aos mecanismos adicionais de financiamento postos a disposición das Comunidades autónomas por parte do Goberno Central



Recomendación nº 7.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que elabore un informe de fiscalización da concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro que permita coñecer os incrementos de custos producidos sobre a estimación inicial, e o diferencial sobre a Xestión directa que produce este contrato.

Recomendación nº 8.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun estudo sobre a aplicación das cláusulas sociais nos contratos públicos de obras, servizos ou suministros realizados pola Xunta de Galicia, así como do grao de cumprimentos dos mesmos.

Recomendación nº 9.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización da Fundación Cidade da Cultura.

Recomendación nº 10

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización do ente Portos de Galicia, con especial incidencia no incumprimento da obriga de presentar as memorias de actividades ou os convenios subscritos.



Recomendación nº 11.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír dentro dos seus plans de traballo a fiscalización das contas da CRTVG, con especial incidencia na repercusión nos custes da entidade do recurso a utilización de produción propia externa e allea, así como do proceso de dixitalización do ente. Ademais este informe debera avaliar o cumprimento da lei de medios públicos de Galicia por parte da Corporación .

Recomendación nº 12.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de traballo a elaboración dun informe sobre o impacto na reactivación da actividade pesqueira e as economías das zonas pesqueiras, dos fondos europeos destinados e utilizados polos GALP.

Recomendación nº 13.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo elabore un informe de auditoría sobre o servizo de comedores escolares do ensino público, que inclúa a valoración dos custos da externalización deste servizo.

Recomendación nº 14

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do seu plan de traballo inclúa un informe de fiscalización dos concertos educativos, nomeadamente dos centros que segregan por sexo, e amplíe este, cunha análise de eficacia no cumprimento dos obxectivos educativos da lei.



Recomendación nº 15.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe sobre a aplicación da lei 6/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) e do II Plan de Avaliación das entidades dependentes da Xunta de Galicia.

Recomendación nº 16.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe de fiscalización dos contratos de publicidade, comunicación, protocolo e patrocinio realizados pola Xunta de Galicia, e do seu retorno para a entidade pública.

Recomendación nº 17.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe que certifique os criterios de outorgamento e sinatura de convenios con entidades locais, co obxectivo de verificar a non discriminación da súa concesión en relación coa cor política dos gobernos locais.

Recomendación nº 18.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe sobre os resultados dos procesos de fusión de carácter municipal ou dos



procesos de cooperación na prestación de servizos mancomunados nos servizos públicos de carácter local.

Recomendación nº 19

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe de fiscalización sobre o proceso de contratación dos medios aéreos de rescate do servizo de Gardacostas de Galicia e dos medios aéreos do dispositivo de extinción de lumes forestais.

Recomendación nº 20

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de actuación a elaboración dun informe específico sobre as consecuencias do retraso na elaboración de informes que acaban tendo un carácter extemporáneo, para o conxunto da administración, do propio consello de contas.

Recomendación nº 21

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe dirixido á fiscalización da utilización dos Fondos de Continxencia por parte da Xunta de Galicia, e á supervisión do cumprimento da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia por parte do goberno autonómico.

Recomendación nº 22

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe para a identificación daqueles servizos e áreas de xestión da Administra-



ción autonómica que constitúan unha prioridade de intervención e corrección do control financeiro, por mor dos riscos de xestión que nelas se presentan, en relación ás actividades de execución de subvencións públicas, contratación e concesión de axudas públicas.

Recomendación nº 23

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que inclúa no seu plan de fiscalización a elaboración dun informe específico dirixido ao control financeiro e contable do SERGAS, e en especial, ao control do gasto provinte de modificacións orzamentarias e compromisos sen existencia de crédito, a depuración das obrigas pendentes de pagamento, e a regulación dos concertos mantidos no tempo sen un soporte contractual axeitado.

Recomendación nº 24

O Parlamento Galego recomenda ao Consello de Contas Realizar un informe específico sobre a implantación e o grao de cumprimento da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público nos ámbitos da Administración Xeral da Xunta de Galicia e dos seus entes dependente.

Recomendación nº 25

O Parlamento Galego recomenda ao Consello de Contas realizar un informe específico sobre o grado de execución do orzamento do IGAPE e analizar as consecuencias da súa inacción no que ten a ver coa apoio ao financiamento do sector industrial Galego.



Recomendación nº 26

O Parlamento Galego recomenda ao Consello de Contas realizar un informe específico sobre a fiscalización das actividades do Instituto Enerxético de Galicia e as súas sociedades participadas.

Recomendación nº27

O Parlamento Galego recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe sobre o grao de cumprimento das recomendacións do propio Consello ao respecto da prevención da corrupción recollido no diagnóstico dos sistema de control interno e a estratexia de prevención dos riscos da corrupción na administración xeral.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2020.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Antón Sánchez García

Deputada e vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 04/02/2020 17:32:52



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2020 17:35:41
Nº Rexistro: 63133
Data envío: 04/02/2020 17:35:41.338

Antón Sánchez García na data 04/02/2020 17:33:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto nas normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galiza, presenta as seguintes **recomendacións en relación coa Memoria anual de actividades de 2018 (10/MCON-000003)**

Recomendación núm. 1

O Parlamento de Galiza insta ao Consello de Contas a realizar un informe específico respecto das repercusións económico financeiras para Galiza, especialmente para a Xunta de Galiza, da demora no pagamento das entregas a conta e o non pagamento do IVE de 2017 por parte do goberno do Estado.

Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galiza insta ao Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización sobre o aumento e evolución do endebedamento da Xunta de Galiza para o período 2009-2019, analizando especialmente a débeda e obrigas contraídas mediante fórmulas de financiamento público-privado e as repercusións de non ter optado por alternativas de financiamento diferentes á banca privada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 3

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe valorativo sobre os resultados para Galiza, particularmente en termos de subministración dos servizos públicos básicos, do acordo 6/2009, do 15 de xullo, para a reforma do sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e das cidades con Estatuto de Autonomía.

Recomendación núm. 4

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización específico relativo á AXEGA, Axencia Galega de Emerxencias con especial atención ás súas contratacións, adquisicións de material e convenios de colaboración e coa inclusión dun informe no que se avalíe a á súa política de transparencia.

Recomendación núm. 5

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas someter a fiscalización o proceso concursal para o servizo autonómico de salvamento marítimo con helicópteros e elaborar unha avaliación sobre a anterior venta dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

helicópteros por parte da Xunta de Galiza e a súa repercusión para as arcas públicas.

Recomendación núm. 6

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe no se someta a fiscalización a contratación dos medios aéreos do dispositivo de extinción de lumes forestais.

Recomendación núm. 7

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre a xestión dos Obradoiros de Emprego financiados pola Xunta de Galiza.

Recomendación núm. 8

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas levar a cabo unha fiscalización específica en relación aos concertos educativos, a comezar polas entidades segregacionistas e con especial atención á análise dos criterios aplicados para outorgar ou non as axudas económicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 9

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría dos procesos de contratación dos servizos de comedores escolares de xestión indirecta.

Recomendación núm. 10

O Parlamento de Galiza insta ao Consello de Contas a dar continuidade á súa fiscalización sobre Povisa para recoller o impacto dos sucesos acontecidos a partir do ano 2019 así como a incluír unha estimación sobre as posibilidades de compra pública do mesmo.

Recomendación núm. 11

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas que dentro do Informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo que está a realizar e que ten previsto rematar no presente 2020 inclúa unha análise sobre o incremento de custes respecto do inicialmente estimado de cara a avaliar a carga real que suporá para a facenda pública.

Recomendación núm. 12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas someter a un informe de fiscalización as axudas concedidas polo goberno galego ao sector industrial da automoción desde o ano 2009 incluíndo unha análise do seu impacto na evolución do emprego considerando o número de empregos, o tipo de contratación e a evolución das horas de traballo así como da súa remuneración.

Recomendación núm. 13

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas continuar a elaborar unha fiscalización do emprego de medios alleos na asistencia sanitaria programando a súa sucesión de forma que se alcance o total de áreas sanitarias, dando prioridade ás de zonas máis despoboadas, no prazo máis breve posíbel.

Recomendación núm. 14

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría da Fundación da Cidade da Cultura e do impacto económico da construción do novo edificio Fontán.

Recomendación núm. 15

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría do último proceso de adxudicación do Plan de Transporte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 16

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun estudo sobre as contratacións levadas a cabo entre a Xunta de Galiza, nomeadamente a través da AMTEGA e o SERGAS, e as empresas tecnolóxicas con especial atención aos criterios de obxectividade, transparencia e retorno social.

Recomendación núm. 17

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas desenvolver unha auditoría sobre os convenios de colaboración para publicidade institucional e campañas informativas da Xunta de Galiza, especialmente a través de medios de comunicación e en coincidencia con períodos preelectorais.

Recomendación núm. 18

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar un novo informe de fiscalización da execución da contratación do SERGAS para os exercicios 2015-2020 así como das modalidades da mesma con especial atención á amortización de prazas e á temporalidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 19

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS).

Recomendación núm. 20

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas desenvolver unha auditoría sobre o estado das concesións saltos hidráulicos da bacía de Galiza Costa e as súas posibilidades de reversión para a xestión pública e directa por parte da Xunta de Galiza.

Recomendación núm. 21

O Parlamento Galego propón ao Consello de Contas o estudo sobre a perda de carácter público da rede de atención ás e aos menores tutelados pola Xunta de Galiza.

Recomendación núm. 22

O Parlamento Galego recomenda ao Consello de Contas elaborar un estudo detallado sobre as desviacións de fondos inicialmente comprometidos para I+D+i nos orzamentos da Xunta de Galiza para outros ámbitos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 23

O Parlamento Galego recomenda ao Consello de Contas elaborar un estudo detallado sobre as axudas públicas ao Servizo de Apoio Familiar, Integral e Multidisciplinar (SAFIM).

Recomendación núm. 24

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas realizar unha auditoría de todas as axudas públicas (da Xunta de Galiza e das administracións locais) outorgadas á Fundación Cipri Gomes desde o ano 2010.

Recomendación núm. 25

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar unha auditoría do proceso de contratación do Son do Camiño 2018 e 2019 para suplir a falta de información da Xunta de Galiza ao Parlamento Galego ao incumprir as obrigas de remisión de información ao respecto.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/02/2020 10:36:05

Olalla Rodil Fernández na data 04/02/2020 10:36:14



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto** por iniciativa dos seus deputados e deputadas **Francisco Casal Vidal, Paula Vázquez Verao, María Dolores Candedo Gunturiz, Davide Rodríguez Estévez e Luis Villares Naveira** ao abeiro do disposto nas normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Recomendacións á Memoria anual de actividade de 2018**.

Recomendación nº 1.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaborar un informe sobre a evolución do persoal ao servizo do sector público autonómico na última década, co maior nivel de desagregación posible, incluíndo a Administración Xeral, os organismos autónomos, as axencias e entidades públicas e o resto de entidades incluídas no perímetro de consolidación.

Recomendación nº 2.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaborar un informe sobre a retribución das persoas que traballan no sector público autonómico dende a perspectiva de xénero para determinar a posible existencia dunha fenda salarial e, si fora o caso, determinar os factores que a provocan para adoptar as medidas necesarias para eliminala.

Recomendación nº 3.

O Parlamento Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaborar un informe sobre os beneficios fiscais das diferentes figuras tributarias para analizar o custe



fiscal dos mesmos e a súa distribución segundo os niveis de renda dos contribuíntes.

Recomendación nº 4.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun estudo sobre a aplicación das cláusulas sociais nos contratos públicos de obras, servizos ou subministros realizados pola Xunta de Galicia así como do grao de cumprimentos dos mesmos e do respecto ao principio de igualdade.

Recomendación nº 5.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de contas incluír dentro dos seus plans de traballo a fiscalizacións das contas da CRTVG, con especial incidencia na repercusión nos custes da entidade do recurso a utilización de produción propia externa e allea, así como do proceso de dixitalización do ente.

Recomendación nº 6.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de traballo a elaboración dun informe sobre o impacto na reactivación da actividade pesqueira e as economías das zonas pesqueiras, dos fondos europeos destinados e utilizados polos GAC.

Recomendación nº 7

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que inclúa nos seus plans de actuación, a elaboración dun informe de fiscalización sobre a entidade pública Portos de Galicia.



Recomendación nº 8

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo elabore un informe de auditoría sobre o servizo de comedores escolares do ensino público, que inclúa a valoración dos custes da externalización deste servizo.

Recomendación nº 9

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, realice un informe específico sobre os concertos educativos, con especial incidencia nos centros que segregan o alumnado por sexos.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 04/02/2020 18:27:28

María Dolores Candedo Gunturiz na data 04/02/2020 18:27:33

David Rodríguez Estévez na data 04/02/2020 18:27:42

Francisco Casal Vidal na data 04/02/2020 18:27:53

Paula Vázquez Verao na data 04/02/2020 18:28:22



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG00oXKafS3

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

